

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas











USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Pablo Ramil Rego
Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Javier Ferreiro da Costa
Marco Rubinos Román
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Belén de Nóvoa Fernández
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Susana Martínez Sánchez
Carmen Cillero Castro
Ramón Alberto Díaz Varela
Patricia María Rodríguez González
Castor Muñoz Sobrino

GI-1934 TTB
Universidade de Santiago de Compostela



Monografías do IBADER - Lugo 2008

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Primeira edición: 2008

Autores: Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóvoa Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Deseño e Maquetación: GI-1934 TTB - IBADER

Fotografía: Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

Ilustracións: GI-1934 TTB - IBADER

ISSN edición impresa: 1888-5810

ISSN edición dixital: 1988-8341

http://www.ibader.org

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

http://www.ibader.org

Colabora:





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
INLUDES



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

ÍNDICE

A presente publicación non foi impresa co fin de coidar do medio ambiente e mostrar unha actitude responsable respecto ao emprego do papel

LIMIAR

A DC 92/43/CEE do Consello,do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres supuxo un neto e positivo revulsivo na formulación das políticas de conservación nos países da Unión Europea. En España, a situación previa á transposición da directiva viña marcado por unha lexislación transicional, a Lei 4/89 de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, que trataba de romper a negra historia das décadas anteriores.Esta lei non incorporaba o principio de cautela ou precaución, a pesares de que o mesmo xa fora incorporado dende o ano 1982, pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas a través da Carta Mundial da Natureza. A conservación da natureza gravitaba nunha formulación igualmente tradicional, baseado nunha lista moi reducida de especies catalogadas, e nun sistema de espazos naturais protexidos, que carece da suficiente entidade territorial e cohesión, para constituír unha rede de protección efectiva. Aínda que a Lei 4/89, incorpora na súa redacción o termo “ecosistema”, non asume unha protección real sobre o mesmo, e menos aínda formula unha prelación da conservación en relación coa existencia de tipos ou unidades do ecosistema relevantes para a conservación.

A Directiva 92/43/CEE terá que cubrir un amplo e profundo oco na conservación do territorio, instaurando os piares dunha rede de protección da biodiversidade, formulada sobre a existencia e distribución de tipos particulares do ecosistema marcados, ben pola súa configuración biocenótica, o uso humano, ou a súa configuración xeográfica-xeomorfolóxica, os hábitats naturais.

A aprobación da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade, incorpora de forma definitiva, e sen ambigüidades, as directivas Hábitat e Aves ao ordenamento xurídico español. Fortalecendo o camiño que previamente marcaran as normas comunitarias. Os hábitats naturais adquiren agora un papel relevante nas estratexias e políticas de conservación, tipificándose como infraccións, sen ambaxes, a alteración ou destrución dos hábitats naturais.

No momento de abordar a conservación dos hábitats naturais, e establecer os límites para o seu aproveitamento sostible, é necesario partir dunha correcta diagnose dos tipos de hábitats naturais de interese comunitario, incorporando as variacións territoriais marcadas por condicionantes bioxeográficos ou mesmo culturais. O documento que aquí se presenta tenta cubrir este oco, habida conta das necesidades de coñecemento existentes, entendéndose esta guía coma unha ferramenta aberta a novas incorporacións e revisións, derivadas dunha mellor información científica dispoñible tanto a nivel europeo, estatal e galego.

Os Autores.

AGRADECEMENTOS

A información aquí contida é froito do desenvolvemento de diversos proxectos de investigación elaborados nos últimos nove anos polo GI-1934 TTB: Caracterización e seguimento dos hábitats e plantas de importancia comunitaria no extremo setentrional de Galicia (Plan Galego de I+D. Xunta de Galicia. 2001-2004); Valoración de turbeiras e queirogais húmidos dentro da rede de espazos naturais de Galicia (Plan Nacional de I+D+I. Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. 2002-2005); Our Common European Cultural Landscape Heritage (Unión Europea 2004-2007), Avaliación do estado de conservación dos hábitats nos Lugares de Interese Comunitario do espazo litoral-sublitoral das provincias de A Coruña e Lugo (Plan Galego de I+D. Xunta de Galicia. 2001-2004), así como de diversos convenios de colaboración efectuados coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia.

DEDICATORIA

Ao ilustre botánico Baltasar Merino y Román (1845,1917), no centenario da publicación da Flora ilustrada e Descritiva de Galicia (1905-1909).

1. INTRODUCIÓN

1. INTRODUCIÓN

A Directiva Comunitaria 92/43/CEE do Consello,do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva Hábitat), establece a implantación dunha rede ecolóxica europea coherente de espazos protexidos, denominada Rede Natura 2000, representativa de todos os ecosistemas europeos e que permita a súa conservación. A devandita Rede inclúe a designación, polos diferentes países da Unión Europea, dunhas Zonas especiais de conservación e dunhas Zonas de especial protección para as aves de acordo coa Directiva 79/409/CEE (Directiva Aves), as cales deberán albergar hábitats e especies de interese comunitario, de forma que se asegure un estado de conservación favorable e un mantemento da súa función para a conservación. Estas áreas, previamente a que se faga efectiva a Rede Natura, son coñecidas como Lugares de Importancia Comunitaria, mentres que unha vez que a devandita Rede sexa aprobada pasarán a denominarse Zonas de Especial Conservación.

De acordo coa referida Directiva, establécese no seu artigo primeiro unha nova base xurídica relativa aos hábitats, para o que define como Conservación ”un conxunto de medidas necesarias para manter ou restablecer os hábitats naturais e as poboacións de especies de fauna e de flora silvestres nun estado favorable conforme ás letras e) e i)", mentres que considera "hábitats naturais" a "zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais", entre os que define como os "hábitats naturais de interese comunitario", os que no territorio da Unión Europea se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural; ou ben; presentan unha área de distribución natural reducida a causa da súa regresión ou debido á súa área intrinsecamente restrinxida; ou ben constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das nove rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, boreal, continental, estépica, macaronesia, do Mar Negro, mediterránea e panónica”.

A DC 92/43/CEE describe entre os hábitats de interese comunitario, os “tipos de hábitats naturais prioritarios” como tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición presentes no territorio considerado no artigo 2, cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade, habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio considerado no artigo 2. Estes tipos de hábitats naturais prioritarios sinálanse cun asterisco (*) no Anexo I".

Co fin de aplicar a Directiva Hábitat é indispensable mellorar os coñecementos científicos e técnicos existentes. A tal fin, a Unión Europea, o estado español e a Xunta de Galicia veñen desenvolvendo proxectos científicos de innovación e promovendo iniciativas mediante convocatorias públicas de investigación, desenvolvemento e innovación, como o instrumento LIFE. Paralelamente a estes traballos e de forma complementaria, múltiples estudios foron realizados co gallo de afondar no coñecemento científico dos hábitats naturais do territorio galego e as súas características biocenóticas.

A nivel europeo a información derivada destes proxectos de innovación científica é recompilada pola Axencia Ambiental Europea (EEA), organismo da Unión Europea que ten como misión facilitar na toma de decisións informadas sobre a mellora do medio ambiente, integrando consideracións medioambientais nas políticas económicas, en aras da sostibilidade. Por outra banda, coordinan a Rede europea de información e observación do medio ambiente (EIONET). Mediante a rede EIONET intégrase e organízanse o conxunto de datos recibidos polos países membros da Unión Europea, ao mesmo tempo que se desenvolve e difunde a información ambiental, avaliando os datos recollidos e producindo informes básicos que apoien as políticas ambientais europeas e a participación pública. A información relativa ás especies silvestres, hábitats naturais e lugares da Rede Natura 2000 a nivel europeo poden atoparse na base de datos de EUNIS, pertencente a rede EIONET.

No ámbito estatal, é o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño o encargado de recompilar a información xerada en relación aos hábitats de interese comunitario, para o que entre outras ferramentas desenvolveu o Banco de Datos da Biodiversidade. En Galicia, esta labor é efectuada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, neste sentido, o recentemente creado Sistema de información Territorial e da Biodiversidade de Galicia (SITEB) incorpora unha boa parte da información da biodiversidade de Galicia e relativa á Rede Natura 2000, incluíndo aqueles hábitats de interese comunitario presentes no territorio galego

Mediante este documento, enmarcado nas accións de innovación científicas propiciadas pola Directiva Hábitat, téntase englobar a información existente relativa aos hábitats de interese comunitario, adecuándoa ao territorio galego e integrando tanto información xeográfica, xeolóxica, botánica como zoolóxica. Neste traballo considéranse, do mesmo modo, os usos e actividades aos que están sometidos os hábitats de interese comunitario en Galicia, que poidan dificultar o seu mantemento nun estado de conservación favorable.

A información relativa aos tipos de hábitats de interese comunitario presentes no ámbito territorial galego, preséntase neste documento en forma de fichas descritivas, estruturadas estas nos diferentes grupos e subgrupos definidos pola Unión Europea na Directiva Hábitat. Cada ficha conta con catro bloques temáticos.

Bloques temáticos das fichas de hábitat
1. Denominación, descrición e caracterización do hábitat
Este bloque da ficha descritiva inclúe a correspondencia de códigos do hábitat coa clasificación de Hábitats Paleárticos de Devillers, coa do Convenio Ramsar e coa do Inventario dos humidais de Galicia. Recóllese neste apartado a denominación oficial e vulgar do hábitat e a súa descrición de acordo co Manual de Interpretación dos Hábitats da Unión Europea.
2. Distribución xeográfica
Achégase información sobre a distribución do hábitat na Unión Europea, en Galicia e na Rede Natura 2000 galega. Ademais pódese observar, mediante figuras, a área de presenza do hábitat no Norte Peninsular de acordo á información da Axencia Ambiental Europea (EEA), así como esta mesma en Galicia de acordo á última revisión de distribución do hábitat efectuada polo equipo de traballo no ano 2008.
3. Fisionomía das representacións do hábitat en Galicia
Engádense neste bloque temático ilustracións representativas do tipo de hábitat de interese comunitario en Galicia.
4. Valoración do estado de conservación e ameaza do hábitat
Recóllese neste último bloque a descrición dos aproveitamentos tradicionais do hábitat e dos factores que contribúen ou dificultan o estado de conservación favorable do hábitat, así como unha relación coa bibliografía empregada en cada ficha

Táboa 1. – Bloques temáticos das fichas descritivas dos hábitats de interese comunitario de Galicia.

2. DIAGNOSE E INTERPRETACIÓN DOS HÁBITATS



2. DIAGNOSE E INTERPRETACIÓN DOS HÁBITATS

A confección do Anexo I da DC 92/43/CEE baseouse inicialmente na clasificación xerárquica europea de hábitats desenvolvida a través do proxecto **CORINE Biotopes Manual**. En agosto de 1989, un borrador que contiña a proposta inicial de hábitats do Anexo I foi elaborado como documento de traballo polo profesor A. Noirfalise e remitido aos expertos nacionais durante o proceso de redacción da Directiva. Despois de numerosas reunións cos comités nacionais de expertos, que tiveron lugar entre 1989 e 1991, deuse por finalizada a fase de revisión do Anexo I, culminando o proceso coa publicación do texto definitivo da Directiva no Diario Oficial en Maio de 1992.

En decembro de 1991, cando a Directiva estaba a punto de ser aprobada, foi publicada unha revisión da clasificación CORINE, na que se introducían numerosos cambios nos códigos e tipoloxía de hábitats que afectaban á súa xerarquía, en concreto introducindo "subtipos". Non obstante, estas modificacións non foron incorporadas na codificación das categorías da Directiva polo que, consecuentemente, os códigos do Anexo I non presentaban unha correspondencia plena cos das descricións contidas na clasificación CORINE, orixinando unha grande ambigüidade na interpretación do Anexo I.

Consciente destas dificultades, o Grupo Científico de Traballo, creado ao amparo do Comité Hábitats (establecido na Directiva 92/43/CEE), fixo pública a necesidade de preparar un manual para a correcta interpretación do Anexo I. Atendendo a unha proposta da Comisión, o Prof. Thanghe, da Universidade Libre de Bruxelas, encargouse da preparación dun borrador para este documento. Despois de varias reunións do Grupo Científico de Traballo, a Comisión acordou os seguintes puntos cos expertos nacionais:


- Os traballos de interpretación do Anexo I deberían centrarse nos hábitats prioritarios
- A clasificación CORINE (versión de 1991) proporcionaba unha base inicial axeitada para a descrición dos tipos de hábitats do Anexo I. Naqueles casos en que os expertos xulgasen estas como inadecuadas procederíase á redacción dunha descrición apropiada.

En setembro de 1993, a Universidade Libre de Bruxelas finalizou o estudo relativo á interpretación dos hábitats prioritarios do Anexo I. Este estudo centrouse na redacción de oito follas descritivas nas que se recollían as contribucións orais e por escrito dos expertos nacionais. En cada unha delas recollíase a información sobre particularidades nacionais ou rexionais así como os tipos de hábitats asociados. O manual para a interpretación dos hábitat prioritarios do Anexo I da Directiva 92/43/CEE foi redactado pola Comisión (DG IX), baseado no estudo levado a cabo pola Universidade Libre de Bruxelas, as contribucións dos expertos nacionais e a clasificación CORINE Biotopes (versión de 1991) e aprobado polo Comité en Febreiro de 1994 (Documento Hábitats 94/3 Final).

Durante o procedemento de elaboración do manual de hábitats prioritarios, os expertos identificaron, ademais, un total de 36 hábitats non prioritarios nos que se atopaban problemas de interpretación. Para eles, a Universidade Libre de Bruxelas redactou un borrador de documento de interpretación que foi discutido nunha reunión do Grupo Científico de Traballo (decembro de 1994) e revisado posteriormente.

En abril de 1995, o Comité Hábitats aprobou a versión EUR12 do "**Interpretation Manual of European Union Habitats",** no que se incluían:

- ✱ As follas descritivas dos hábitats prioritarios nas que se establecían definicións claras e operativas dos tipos de hábitats, usando elementos diagnósticos de doada identificación (i.e. plantas características) e indicando as variantes rexionais.
- ✱ As follas descritivas de 36 hábitats non prioritarios seguindo o especificado para os hábitats prioritarios
- ✱ As definicións de CORINE Biotopes para o resto dos hábitats non prioritarios. Estas definicións deberían interpretarse como "interpretacións mínimas", non restritivas. Dado que algunhas definicións de CORINE non contemplaban subtipos e variantes rexionais ou non abranguían a totalidade do rango bioxeográfico de determinados hábitats, se considerou pertinente permitir certa flexibilidade na interpretación destes tipos de hábitats do Anexo I.


NATURA 2000

MANUEL

D' INTERPRÉTATION

DES

HABITATS

DE L' UNION EUROPÉENNE

EUR 15 / 2

Octobre 1999

COMMISSION EUROPÉENNE
DG ENVIRONNEMENT
Protection de la nature, zones côtières et tourisme

MANUEL D'INTERPRETATION – EUR 15 1

Figura 1.- Portada do Manual de Interpretación de Hábitats da UE. EUR 15/2.

O contido deste manual non tivo en consideración a adhesión de Austria, Finlandia e Suecia, que obrigou a incluír unha nova rexión bioxeográfica (rexión Boreal) na Directiva. Durante o proceso de incorporación destes novos Estados Membros solicitouse información sobre a incorporación de determinados hábitat prioritarios exclusivos ou presentes neles soamente. Coa finalidade de non atrasar a distribución deste manual, a Comisión decidiu publicar a versión final (EUR12) á vez que advertiu da preparación dunha segunda versión (EUR15) na que se incorporaría nova información (principalmente relativa á distribución de hábitats e subtipos rexionais).

A elaboración do manual EUR15 formulouse como unha actualización da versión EUR12, a través da incorporación de follas descritivas de 11 novos hábitats prioritarios achegados ao Anexo I cando se produciu a unión de Austria, Finlandia e Suecia á UE. Ademais achegáronse comentarios sobre outros hábitats do Anexo I presentes nos antigos Estados Membros, así como correccións e adicións de nova información.

A clasificación de CORINE de 1991 (Hábitats da Unión Europea) foi ampliada en 1993 á totalidade da rexión Paleártica, principalmente a través da inclusión da Clasificación Nórdica de Vexetación. Esta clasificación foi complementada en 1995 con textos descritivos, unidades fitosociolóxicas e referencias e a creación dunha base de datos (PHYSIS) sobre a que se sustentou a compilación de información efectuada. Para a versión EUR15 actualizáronse as definicións de todos aqueles tipos de hábitats descritos a partir de CORINE 1991 tendo en conta os datos incluídos en PHYSIS. Simultaneamente, substituíronse os códigos CORINE polos da "clasificación Paleártica". Ademais, estableceuse que, nos casos de ambigüidade entre as definicións contidas neste manual e CORINE, a Clasificación Paleártica ou PHYSIS, serían as que prevalecerían neste documento. Este traballo foi aprobado polo Comité Hábitats en setembro de 1996. Na súa segunda edición, aprobada en outubro de 1999, incluíronse correccións para a Rexión Boreal no Anexo I e unha nova distribución xeográfica dos hábitats que se incluíu na Lista de Referencia dos Tipos de Hábitats por Rexións Bioxeográficas.

Con motivo da adhesión de dez novos países á UE que tivo lugar en maio de 2004, adoptouse unha nova versión de manual de interpretación, EUR25, na que se inclúen descricións de hábitats novos e correccións sobre os xa existentes. Tras prolongadas discusións entre os Estados Membros, os países aspirantes e a Comisión Europea, o Comité Hábitats aceptou en marzo de 2002 a inclusión de 20 novos tipos de hábitats no Anexo I, así como as súas respectivas descricións. Ademais, acordouse incorporar un grupo de hábitats propostos inicialmente como novos polos países aspirantes como variantes doutros xa existentes, procedéndose a realizar as oportunas modificacións para recoller neste documento a distribución real dos hábitats na nova configuración da UE. Estas modificacións víronse plasmadas no marco do Tratado de Adhesión, asinado en abril de 2003 en Atenas, a través da publicación duns novos anexos.

As descricións dos hábitats contidas no documento EUR25 foron preparadas polo Centro Temático Europeo sobre Conservación e Biodiversidade utilizando principalmente a base de datos PHYSIS. Esta descrición foi comparada coa proporcionada polos países aspirantes e, no seu caso, modificada. En concreto, os listados de plantas son, polo xeral, unha compilación de ambas as dúas fontes. Nun segundo paso, procedeuse a estudar as alegacións dos países aspirantes e os países membros, resultando as definicións que actualmente obran no devandito manual.

No apartado final da versión EUR25 do "Manual de Interpretación dos Hábitat da Unión Europea" faise fincapé que, aínda que determinados hábitats do Anexo I sexan cualificados a través de termos bioxeográficos, como mediterráneo, alpino, medio-europeo, etc., significando con iso a súa presenza máis probable, isto non exclúe a súa posibilidade de aparición noutras rexións bioxeográficas. De feito, estas presenzas illadas teñen unha grande importancia científica e un elevado valor de conservación. Do mesmo xeito, reitérase que os usuarios deste documento

deben aplicar certa flexibilidade na súa interpretación, especialmente naqueles territorios nos que os hábitats están moi fragmentados e influenciados polas actividades humanas.

Durante o ano 2007 dous novos países incorpóranse á UE, Bulgaria e Rumanía. Con esta nova adhesión o manual de interpretación sufre outra modificación, publicándose a versión **EUR27**, na que se inclúen descricións de novos hábitats e se producen certas correccións sobre algúns dos existentes. En resumo engádense 13 novos hábitats son aceptados para incorporarse ao Anexo I da Directiva Hábitat, revisándose ademais as descricións de diversos hábitats mariños de acordo coas interpretacións adoptadas polo Comité Hábitats o 20 de novembro de 2006, publicadas estas en maio de 2007 baixo o título "Guidelines for the establishment of the Natura 2000 network in the marine environment. Application of the Habitats and Birds Directives". Os hábitats mariños modificados foron os tipos Nat2000 1110 - Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, Nat2000 1170 – Arrecifes e Nat2000 1180 - Estruturas submarinas causadas por emisións de gases. A versión EUR27 do manual de interpretación dos hábitats é a última edición do mesmo

A raíz da publicación do manual EUR15 e as seguintes actualizacións do mesmo, diversos países da UE elaboraron manuais de interpretación dos hábitats presentes nos seus territorios, constituíndo o caso de Francia unha referencia para outros estados do Sur de Europa, tanto polo tipo e calidade da información contida nos "Cahiers d 'habitats Natura 2000" (La Documentation française 2001, 2002, 2002, 2002, 2004, 2004, 2005), como pola presenza neste país dun elevado número de hábitats comúns a España, Portugal ou Italia. No caso de Portugal elaboraron xa no ano 1998 un manual de hábitats para o seu territorio (Alves *et al.* 1998) coordinado polo Instituto de Conservaçao da Natureza (ICN), á espera da publicación no ano 2009 dunha segunda edición (Alves *et al.* 2009). Para o Reino Unido existen varios documentos nos que se trata a identificación e descrición do hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, o "EC Habitats Directive: a provisional atlas of Annex I habitats and Annex II species" (Buck & Wright 1995), a guía técnica para os hábitats prioritarios en Gales (Jones *et al*. 2003) ou a primeira clasificación dos diferentes tipos de vexetación no territorio británico, dentro do proxecto de Clasificación Nacional de Vexetación (NVC) (Rodwell 1991, 1992, 1995, 2000), para o que máis tarde elaborarían unha relación entre o Anexo I da Directiva Hábitat e a NVC (Jackson & McLeod 2000). Pola súa parte, Alemaña tamén elaborou un manual sobre a interpretación e distribución dos hábitats naturais do seu territorio en base as seguintes publicacións (Ssymank *et al*. 1998, Balzer *et al*. 2002, Balzer *et al*. 2004).

Nos devanditos manuais realízase unha descrición de cada un dos hábitats presentes seguindo os contidos dos manuais publicados pola Comisión Europea. así como unha serie de comentarios detallados relativos á variabilidade rexional, condicións ecolóxicas nas que atopa o hábitat, especies indicadoras, ameazas actuais, tendencias dinámicas e propostas de directrices de xestión a desenvolver nos Plans de Manexo que se vaian paulatinamente poñendo en práctica.

O estado español non foi alleo ao desenvolvemento de manuais ou guías de interpretación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE. Dende o Proxecto do Inventario Nacional de Hábitats (Rivas-Martínez *et al*., 1993) e a súa revisión (Rivas-Martínez & Penas, 2003), elaboráronse documentos similares para diferentes ámbitos xeográficos. A nivel estatal cabe citar a guía básica dos hábitats de interese comunitario (Bartolomé *et al*. 2005), derivada do Inventario Nacional da Biodiversidade (Rivas-Martínez *et al*., 1993), mentres que a nivel autonómico recóllense múltiples iniciativas similares en diferentes Comunidades Autónomas (Consejería de Medio Ambiente de Andalucía 1997, Baraza 1999, Dirección de Política Ambiental del Gobierno de Canarias 2001, Laguna *et al*. 2003, Peralta 2005, Vigo *et al*. 2005, Escudero *et al*. 2008). En Galicia, o Sistema de Información Territorial e da Biodiversdade (SITEB), dependente da Xunta de Galicia, inclúe dende finais do ano 2008 as fichas relativas aos tipos de hábitats do Anexo I de Galicia, incorporando xunto a elas un visor cartográfico para a súa visualización e consulta.

3. OS GRUPOS DE HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO EN GALICIA

3. OS GRUPOS DE HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO EN GALICIA

Galicia ten representados os 9 grupos de hábitats de interese comunitario definidos pola DC 92/43/CEE. De entre todos eles, o grupo de Hábitats costeiros e vexetación halofítica é o que posúe un maior número de hábitats (13), seguido polo grupo de Bosques (12).

No entanto, o grupo de Turbeiras altas, turbeiras baixas (fens e mires) e áreas lamacentas é, de Galicia, o que conta cunha proporción máis importante de tipos,ao incluír o 66,67% dos hábitats deste grupo no seu territorio. Por outra parte, os hábitats pertencentes ás Matogueiras esclerófilas son os que posúen unha menor representación, ao contar Galicia con dous hábitats deste grupo de carácter mediterráneo.

O grupo de hábitats que ostenta unha menor representación é o de Matogueiras esclerófilas, no que unicamente se teñen identificados dous hábitats para o territorio galego, tratándose en todo caso de dous tipos prioritarios, o Nat2000 5120* Formacións montanas de *Genista purgans* e o Nat2000 5230* Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*.

Grupos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia




Figura 2 - Grupos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia.

A listaxe de grupos e tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia móstrase a continuación. No conxunto dos nove grupos de hábitats descritos, relaciónanse no territorio galego un total de 72 tipos de interese comunitario, dos cales 18 son considerados como prioritarios.

Grupos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia
1. HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA
11. Augas mariñas e medios mareais
12. Cantís marítimos e praias de coídos
13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais
14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos
2. DUNAS MARÍTIMAS E CONTINENTAIS
21. Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico
22. Dunas marítimas das costas mediterráneas
3. HÁBITATS DE AUGA DOCE
31. Augas estancadas
32. Augas correntes
4. QUEIROGAIS E MATOGUEIRAS DA ZONA TEMPERADA
5. MATOGUEIRAS ESCLERÓFILAS
51. Matogueiras submediterráneas e de zona temperada
52. Matogueiras arborescentes mediterráneas
6. FORMACIÓNS HERBOSAS NATURAIS E SEMINATURAIS
61. Prados naturais
62. Formacións herbosas secas seminaturais e facies de matogueira
64. Prados húmidos seminaturais de herbas altas
65. Prados mesófilos
7. TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E AREAS LAMACENTAS
71. Turbeiras ácidas de esfagnos
72. Áreas lamacentas calcarias
8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS
81. Desprendementos rochosos
82. Encostas rochosas con vexetación casmofítica
83. Outros hábitats rochosos
9. BOSQUES
91. Bosques da Europa temperada
92. Bosques mediterráneos caducifolios
93. Bosques esclerófilos mediterráneos
95. Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas

Táboa 2. - Grupos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

1. HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA

11. Augas mariñas e medios de marea

1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130 Estuarios
1140 Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 * Lagoas costeiras
1160 Grandes calas e baías pouco profundas
1170 Arrecifes
1180 Estruturas submarinas causadas por emisións de gases

12. Acantilados marítimos e praias de coídos

1210 Vexetación anual sobre argazos
1220 Vexetación perenne de coídos
1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas

13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais

1310 Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1320 Pasteiros de *Spartina* (*Spartinion maritimi*)
1330 Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*)

14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos

1420 Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (*Sarcocornetea fructicosae*)

2. DUNAS MARÍTIMAS E CONTINENTAIS

21. Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico

2110 Dunas móbiles embrionarias
2120 Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas)
2130 * Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2150 * Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)
2190 Depresións intradunales húmidas

22. Dunas marítimas das costas mediterráneas

2230 Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*
2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavenduletalia*

3. HÁBITATS DE AUGA DOCE

31. Augas estancadas

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areentas (*Littorelletalia uniflorae*)
3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areentos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.
3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*
3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.
3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*
3160 Lagos e estanques distróficos naturais

32. Augas correntes

Tramos de cursos de auga con dinámica natural e semi natural (leitos menores, medios e maiores), nos que a calidade da auga non presenta alteracións significativas

3260 Ríos, dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*
3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

4. QUEIROGAIS E MATOGUEIRAS DE ZONA TEMPERADA

4020 * Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*
4030 Queirogais secos europeos
4040 * Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*
4060 Queirogais alpinos e boreais
4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos

Táboa 3. - Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

5. MATOGUEIRAS ESCLERÓFILAS

51. Matogueiras submediterráneas e de zona temperada

5120 Formacións montanas de *Genista purgans*

52. Matogueiras arborescentes mediterráneas

5230 * Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*

6. FORMACIÓNS HERBOSAS NATURAIS E SEMINATURAIS

61. Prados naturais

6160 Prados ibéricos silíceos de *Festuca indixesta*
6170 Prados alpinos e subalpinos calcáreos

62. Formacións herbosas secas seminaturais e facies de matogueira

6210 Prados secos semi naturais e facies de matogueira sobre substratos calcáreos (*Festuco-Brometalia*) (* paraxes con notables orquídeas)
6220 * Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero-Brachypodietea*
6230 * Formacións herbosas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)

64. Prados húmidos seminaturais de herbas altas

6410 Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos(*Molinion caeruleae*)
6420 Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinion-Holoschoenion*
6430 Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino

65. Prados mesófilos

6510 Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Pimpinela officinalis*)
6520 Prados de sega de montaña

7. TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS PANTANOSAS

71. Turbeiras ácidas de esfagnos

7110 * Turbeiras altas activas
7120 Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)
7140 Mires de transición
7150 Depresións sobre substratos turbosos do (*Rhynchosporion*)

72. Áreas pantanosas calcarias

7210 * Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*
7220 * Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*)
7230 Turbeiras baixas alcalinas

8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS

81. Desprendementos rochosos

8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos

82. Pendentes rochosas con vexetación casmofítica

8210 Pendentes rochosas calcícola con vexetación casmofítica
8220 Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230 Roquedos siliceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*
8240 * Pavimentos calcáreos

83. Outros hábitats rochosos

8310 Covas non explotadas polo turismo
8330 Furnas mariñas

Táboa 4. - Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia (continuación).

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

9. BOSQUES

Bosques (sub)naturais de especies autóctonas, en monte alto con sotobosque típico, que responden a un dos seguintes criterios: raros ou residuais, e/ou que albergan especies de interese comunitario.

91. Bosques da Europa temperada

9120 Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*)
9180 * Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do *Tilio-Acerion*
91D0 * Turbeiras boscosas
91E0 * Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)
91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur*, *Ulmus laevis*, *Ulmus minor*,

92. Bosques mediterráneos caducifolios

9230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*
9260 Soutos
92A0 Bosques galería de *Salix alba* e *Populus alba*

93. Bosques esclerófilos mediterráneos

9330 Sobreirais
9340 Aciñeirais
9380 Acevedos

95. Bosques de coníferos de montañas mediterráneas e macaronésicas

9580 * Bosques mediterráneos de *Taxus baccata*

Táboa 5. - Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia (continuación).

3.1 HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA

3.1 HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA

Dende unha perspectiva ecolóxica, entre o ecosistema mariño e o terrestre establécese unha sucesión de medios e tipos de hábitats de gran diversidade e complexidade ambiental que constitúen, ademais, unha fonte importante de recursos para o home. Os ambientes mariños adoitan diferenciarse en dúas grandes unidades, o dominio oceánico e o dominio litoral.

O dominio oceánico corresponde ás augas mariñas exteriores e profundas, situadas máis alá da plataforma continental. A posición xeográfica da plataforma continental difire en función das características xeomorfolóxicas de cada sector litoral, situándose habitualmente a uns 200 metros de profundidade e a 16-20 km da liña de costa.

O dominio litoral inclúe as augas mariñas situadas sobre a plataforma continental (zona da plataforma litoral ou nerítica), así como a área de influencia desta sobre o bordo continental emerxido (zona costeira). O dominio litoral caracterízase pola súa menor profundidade, a cal aumenta progresivamente dende o bordo continental ata o límite da plataforma. As augas litorais están máis influenciadas que as oceánicas polos ventos quentes e fríos procedentes das áreas continentais, recibindo ademais unha maior taxa de nutrientes. En consecuencia, a auga é máis turbia e con maior contido de fitoplancto.

O límite interno da zona litoral corresponde ao espazo costeiro, é dicir, a marxe que constitúe a interfase entre o espazo marítimo e o continental, no cal os procesos ecolóxicos que se desenvolven no espazo terrestre e o uso do propio espazo afectan directamente na ecoloxía do espazo litoral e viceversa. Para moitos autores, o espazo costeiro é un simple perímetro, unha demarcación entre o mar e a terra (liña de costa). Dende unha perspectiva funcional considérase como unha ampla e irregular ecotonía entre ambas as dúas unidades, no que os procesos de síntese, degradación e intercambio de materia e enerxía se producen de xeito intenso. O espazo costeiro esta suxeito a unha continua e vigorosa dinámica na súa configuración e delimitación que se manifesta a distintas escalas espazo-temporais.

En relación coa dinámica costeira establécense dous tipos de unidades. Nun primeiro lugar atopa a costa rochosa, na que se establece unha clara dominancia das formas verticais (acantilados, illotes, agullas rochosas) sobre as formas horizontais. En oposición ao anterior aparece a costa areosa e lamacenta, na que dominan as formas horizontais (praias, sistemas dunares, marismas) fronte ás verticais.

Unha segunda clasificación do litoral pode efectuarse considerando os procesos enerxéticos dominantes, e que van condicionar os tipos de hábitats e comunidades bióticas presentes en cada un deles.

Combinando espacialmente as unidades litorais poden recoñecerse dous grandes eixes na distribución dos ecosistemas. O primeiro deles discorre paralelo ao límite continental emerxido, englobando distintas unidades estruturais, a orixe das cales adoita responder á integración de múltiples factores: movementos tectónicos (oroxénicos e epioroxénicos), movementos isostáticos, movementos eustáticos, a acción de axentes xeodinámicos, etc., que determinan a presenza de tramos costeiros lineais, fronte a outros tramos semipechados (golfos, baías e rías).

O segundo eixe discorre perpendicularmente á beira, progresando cara ao espazo oceánico ao longo da plataforma, e en sentido oposto invade o territorio continental aproveitando a existencia

de niveis deprimidos onde converxe, en moitos casos, coas augas continentais configurándose diversas unidades morfolóxicas e ecolóxicas de condicións claramente transicionais: lagoas costeiras, estuarios, marismas, etc. A análise dos medios e ecosistemas existentes ao longo deste segundo transecto leva á súa división en dous grandes dominios atendendo ás características bióticas e abióticas que se establecen na columna de auga (dominio peláxico) e no substrato litoral (dominio bentónico).

O dominio peláxico está formado polos organismos que viven no seo da masa de auga, con escasa ou ningunha conexión co fondo, xa sexa flotando na superficie (medusas), levados polas correntes (plancto) ou con capacidade para vencer a corrente e nadar (peixes).

O dominio bentónico está constituído por organismos fixos ou móbiles relacionados directamente co substrato litoral.

A división do dominio bentónico inclúe habitualmente cinco unidades, das cales tres corresponden exclusivamente á zona litoral e engloban diversos tipos de humidais mariños e costeiros. A zona supralitoral é a franxa costeira situada por enriba da preamar na que a acción directa das salpicaduras da ondada (tramo supralitoral inferior) ou das achegas do spray mariño (tramo supralitoral superior) condicionan a diversidade e estrutura das biocenoses. O tramo supralitoral inferior adoita quedar parcialmente somerxido durante as mareas máis altas do ano (mareas equinocciais) ou durante os temporais, mentres que o tramo superior non é alcanzado directamente pola auga mariña. No supralitoral habitan plantas e animais adaptados ás condicións peculiares que impoñen os continuos e intensos ventos, as achegas acuosas saturadas en sales e o tipo de substrato existente.

A zona intermareal (intertidal ou mesolitoral), atópase limitada entre as liñas de mareas altas e baixas. O substrato queda periodicamente inundado pola marea o que determina que os organismos se distribúan espacialmente en bandas horizontais, ou queden confinados en pequenos charcos durante a baixamar, segundo a adaptación de estes a unha serie de factores e cambios bruscos das condicións do seu ámbito, como poden ser: o desecamento, a temperatura, a salinidade, o movemento da auga, etc. A zona intermareal é rica en algas, moluscos, bivalvos e crustáceos. Moitas especies de aves e algúns mamíferos aliméntanse nesta zona, aproveitando a riqueza dos recursos de flora e fauna existentes.

A zona infralitoral, tamén designada como sublitoral. Emprázase por debaixo do nivel de baixamar, quedado cuberta de forma permanente por a augas mariñas. As comunidades desta zona están formadas por especies que permanecen sempre somerxidas, ou que emerxen raramente durante as máximas baixamares. O medio é máis estable e existe un maior número de especies, sendo as comunidades máis complexas.

A influencia do medio mariño sobre o ecosistema terrestre prolóngase máis alá do límite do supralitoral, influíndo directamente nas características bioclimáticas de vales fluviais, pequenas depresións e áreas de montaña que, en conxunto, definen a designada como zona sublitoral. O termo costeiro emprégase para referirse ao espazo xeográfico terrestre contiguo ao medio mariño litoral que abranguería, segundo distintos autores e disciplinas, a totalidade do medio supralitoral ou mesmo do sublitoral. Resulta non obstante máis frecuente, establecer o límite do espazo costeiro a partir de criterios xeográficos e paisaxísticos, ou mesmo combinando estes co tipo e grao de ocupación humana do territorio.

En relación cos hábitats do medio mariño, no Anexo I da DC 92/43/CEE inclúense unicamente tipos de hábitats pertencentes ao dominio litoral, e en concreto zonas ecolóxicas próximas á costa (Nat-2000 1110 Augas mariñas e medios de marea), así como á maior parte dos hábitats naturais e seminaturais que configuran o espazo costeiro.

Grupos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia	
1. HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA	
11. Augas mariñas e medios mareais	●
12. Cantís marítimos e praias de coídos	●
13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais	●
14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos	●
15. Estepas continentais halófilas e gipsófilas	
16. Arquipélagos, costas e superficies emerxidas do Báltico boreal	

Grupo de hábitats presente en Galicia [●]

Táboa 6.- Subgrupos de hábitats costeiros e vexetación halofítica establecidos no Anexo I da DC 92/43/CEE e distribución no territorio de Galicia.

Dentro do grupo de hábitats "Hábitats costeiros e vexetación halofítica", o Anexo I da Directiva 92/43/CEE establece seis subgrupos: **11. Augas mariñas e medios mareais**, **12. Cantís marítimos e praias de coídos**, **13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais**, **14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos**, **15. Estepas continentais halófilas e gipsófilas** e **16. Arquipélagos, costas e superficies emerxidas do Báltico boreal**. Das catro primeiras existen representacións dentro do territorio galego.

En xeral este grupo de hábitats está ben distribuído nos diferentes lugares costeiros da Rede Natura 2000 en Galicia, sendo os tipos Nat2000 1170 – Arrecifes, Nat2000 1210 - Vexetación anual sobre argazos, Nat2000 1230 - Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas, os que máis se repiten nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e nas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) do territorio galego. Os tres tipos descríbense nun total de 34 lugares diferentes. En sentido contrario, é dicir, os Hábitats costeiros e vexetación halofítica cuxa distribución é máis restrinxida na Rede Natura 2000 galega, atópanse os tipos Nat2000 1150* - Lagoas costeiras, unicamente presente en 9 LIC, e o Nat2000 1320 - Pasteiros de *Spartina*, atopándose en 11.

Polo que respecta á estimación da superficie dos diferentes hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats costeiros e vexetación halofítica na Rede Natura 2000 en Galicia, sinalar que existen determinados hábitats nos que o cálculo da súa superficie resulta complexa, ao tratarse de hábitats relacionados con medios mariños, polo que a súa superficie foi omitida na figura correspondente. Nesta situación atoparíamos os tipos Nat2000 1110 – Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, Nat2000 1140 – Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar, Nat2000 1160 - Grandes calas e baías pouco fondas e o Nat2000 1170 – Arrecifes. No resto dos hábitats destacar a superficie do tipo Nat2000 1130 – Esteiros, que conta con máis de 7.000 ha, a continuación sitúase o Nat2000 1230 – Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas con máis de 2.000 ha, mentres que en terceiro lugar atópase o tipo Nat2000 1330 - Pasteiros halófilos atlánticos con ao redor de 1.000 ha. Ten moito interese facer referencia ao hábitat Nat2000 1150* - Lagoas costeiras, por ser o único tipificado como prioritario dentro deste grupo do Anexo I da DC 92/43/CEE, así como por presentar unha superficie bastante elevada, superando as 800 ha, tendo en conta a súa restrinxida distribución na Rede Natura 2000 en Galicia.

Os hábitats de interese comunitario cunha menor superficie na Rede Natura 2000 en Galicia e pertencentes ao grupo Hábitats costeiros e halofíticos son, por esta orde, os tipos Nat2000 1210 – Vexetación anual sobre argazos, Nat2000 1220 – Vexetación perenne de coídos e o Nat2000 1310 – Vexetación anual pioneira con Salicornia de zonas lamacentas ou areosas, que en ningún caso superan as 40 ha de superficie da Rede Natura 2000.

O hábitat Nat2000 1220 – Vexetación perenne de coídos é, atendendo á información existente na Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA), exclusivo no territorio galego dentro da Península Ibérica. A súa distribución nos lugares da Rede Natura 2000 galega é relativamente elevada, localizándose en 15 LIC e 8 ZEPA, o que contrasta coa superficie que ocupa nestes espazos, ao redor de 30 ha.

Distribución do hábitat Nat2000 1220 – Vexetación perenne de coídos





Figura 3. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 1220 – Vexetación perenne de coídos Fte. EEA

Distribución dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000



Hábitat		LIC	ZEPA	RN2000
1110		22	11	33
1130		22	9	31
1140		24	11	35
1150	✶	9	6	15
1160		22	10	32
1170		23	11	34
1210		23	11	34
1220		15	8	23
1230		23	11	34
1310		18	9	27
1320		11	4	15
1330		20	10	30
1420		18	9	27

Figura 4.- Número de espazos Rede Natura 2000 con presenza de hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats costeiros e vexetación halofítica na Rede Natura 2000 en Galicia

Superficie dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000




Figura 5 .- Superficies en hectáreas dos hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats costeiros e vexetación halofítica na Rede Natura 2000 en Galicia

AUGAS MARIÑAS E MEDIOS DE MAREA

A grande variedade de morfoloxías costeiras existentes en Galicia favorece a diversidade de hábitats relativos ás augas mariñas e a zona intermareal. Isto explica a presenza no territorio galego de seis dos oito tipos de hábitats que aparecen recollidos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE. As categorías non representadas son un tipo de hábitat exclusivo das augas mediterráneas (**Nat200 1120* - Pradarías de *Posidonia (Posidonion oceanicae***) e outro vinculado a zonas submarinas, máis ou menos profundas, próximas a áreas de actividade volcánica ou tectónica (**Nat2000 1180 - Estruturas submarinas causadas por emisións de gases**).

Código		Designación oficial	G
Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE			
1. HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA			
11. Augas mariñas e medios de marea			
1110		Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.	●
1120	✶	Pradarías de *Posidonia* (*Posidonion oceanicae*).	
1130		Estuarios.	●
1140		Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar	●
1150	✶	Lagoas costeiras.	●
1160		Grandes calas e baías pouco fondas	●
1170		Arrecifes.	●
O hábitat de interese comunitario máis frecuente na Rede Natura 2000 de Galicia dentro do grupo Auga doce é o Nat 2000 3260 – Ríos de pisos de planicie a montano, distribuído en 57 Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e 13 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), é dicir só estaría ausente en 4 lugares Natura 2000 de Galicia, nos LIC Illas Estelas e Illas Cíes e nas ZEPA Illa de Ons e Illas Cíes. Este tipo de hábitat ten unha ampla distribución en toda a Rexión bioxeográfica Atlántica, Continental e Boreal europea, presentando en España unha discontinuidade apreciable entre Galicia e Francia, tal e como se deduce da información dispoñible na base de datos da Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA). A notable ausencia deste hábitat en gran parte do territorio do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco contrasta coa súa distribución no resto da Rexión Bioxeográfica Atlántica. Estas carencias, xa apuntadas en capítulos anteriores, poden deberse á inexistencia dunhas directrices comúns a nivel estatal na identificación de hábitats, o que leva a diverxencias interpretativas e malinterpretacións na identificación dos tipos de hábitats da DC 92/43/CEE.

Tras o hábitat Nat2000 3260, atoparíase o tipo Nat2000 3130 – Augas oligotróficas ou mesotróficas, como o segundo hábitat máis repartido no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia, presentándose en 22 LIC e 10 ZEPA.

Paradoxicamente, o grupo de Hábitats de auga doce conta con varios tipos de hábitat certamente singulares en Galicia, ao limitarse a súa presenza a un número moi reducido de lugares da Rede Natura 2000. Estes hábitats de interese comunitario son os tipos Nat2000 3120 – Augas oligotróficas (*Isoetes spp*.) e Nat2000 3140 – Augas oligomesotróficas calcáreas (*Chara spp*.), incluídos nun único LIC en todo o territorio galego. Ambos os dous tipos de hábitats atópanse no mesmo LIC, o Parga-Ladra-Támoga.

A superficie dos diferentes tipos de Hábitats de auga doce é en xeral reducida, sobre todo nos casos anteriormente citados (Nat2000 3120 e Nat2000 3140), con preto de 5 e 2 ha respectivamente. No entanto para o tipo Nat2000 3260 – Ríos de pisos de planicie a montano, estímase unha superficie maior de 4.000 ha dentro da Rede Natura 2000 en Galicia. Outros hábitats como os tipos Nat2000 3130 – Augas oligotróficas ou mesotróficas a e Nat2000 3160 – Lagos e charcas distróficos naturais mostran unha superficie relativamente elevada para hábitats de augas estancadas, loxicamente non comparable coa do hábitat Nat2000 3260.

Distribución do hábitat Nat2000 3260 – Ríos de pisos de planicie a montano





Figura 12. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 3260 – Ríos de pisos de planicie a montano Fte. EEA

Distribución dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000



Hábitat		LIC	ZEPA	RN2000
3110		3	-	3
3120		1	-	1
3130		22	10	32
3140		1	-	1
3150		4	3	7
3160		8	3	11
3260		57	13	70
3270		19	2	21

Figura 13.- Número de espazos Rede Natura 2000 con presenza de hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats de auga doce na Rede Natura 2000 en Galicia

Superficie dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000




Figura 14 - Superficies en hectáreas dos hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats de auga doce na Rede Natura 2000 en Galicia

AUGAS ESTANCADAS

Os sistemas lacunares ou sistemas de "augas estancadas" poden considerarse, dende un punto de vista hidrolóxico, como depresións continentais ocupadas de forma permanente ou temporal pola auga. A escala xeolóxica son sistemas transitorios, xa que a súa duración é en xeral relativamente breve, inferior a 100.000 anos, pois tenden a ser substituídos por medios turfófilos e higrófilos ou por medios non húmidos como consecuencia da dinámica morfoxenética ou climática da área onde se sitúan.

Os ecosistemas lacustres tiveron en Galicia unha maior representación noutros períodos xeolóxicos, configurándose durante o Terciario grandes superficies lacunares no seo das amplas depresións sedimentarias encravadas na actualidade na Galicia media (Terra Chá, A Limia, Maceda) e en menor medida na rexión litoral (Anllóns, Louro, Masma, Ouro, Ás Pontes). Hai 50.000 anos nas áreas próximas ao litoral aínda permanecían importantes sistemas lacunares, asociados a extensas turbeiras, que foron desaparecendo progresivamente co inicio do último período glaciar do Cuaternario (25.000 -17.000 anos). O fin do último ciclo glaciar marcou unha reactivación dos medios lacunares, asociados agora ás áreas de alta montaña, onde a actividade glaciar favoreceu a formación de cubetas nas que se acumulou a auga do desxeo. O requentamento climático do Holoceno, iniciado hai aproximadamente 10.000 anos, produciu unha redución considerable das achegas hídricas, propiciando unha redución da temporalidade da inundación nos medios lacunares formados durante a etapa final dos tempos glaciares ou a súa transformación progresiva en medios turfófilos.

O coñecemento da orixe dos sistemas lacustres ten un grande interese, non só dende o ámbito xeolóxico, se non dende o biolóxico ao condicionar a especialización e distribución de moitas das especies que configuran as biocenoses que albergan as súas augas. Neste sentido, Galicia non pode considerarse como un país de grandes e profundos lagos, pero a permanencia temporal destes ao longo do Cenozoico foi moi superior á doutras áreas da Península Ibérica, o cal xogou un papel importantísimo na riqueza das súas comunidades lacunares, sendo a nivel botánico o territorio europeo con maior número de especies endémicas restrinxidas a ambientes acuáticos.

No Anexo I da Directiva 92/43/CEE, os medios de augas estancadas non costeiros inclúense dentro do subgrupo **31. Augas estancadas.** Os 8 tipos de hábitats que conforman este subgrupo diferéncianse por parámetros limnolóxicos (nivel de trofía, comunidades de macrófitos) e xeográficos. Nos tipos Nat2000 3150 e 3160, limítase a súa identificación a medios lacunares de carácter natural, xa que as condicións eutróficas e distróficas poden ser a consecuencia da contaminación e alteración dun sistema lacunar. Debido ás condicións bioxeográficas de Galicia, non atopan condicións ambientais propicias para a presenza do hábitat Nat2000 3170*, característico de áreas chairas do interior peninsular e doutras áreas meridionais de Europa, nin do tipo Nat2000 3190, vinculado á existencia de sedimentos de xeso. Tampouco se atopan representacións dos hábitat Nat2000 3180*, exclusivo de Irlanda, así como o tipo Nat2000 31A0* restrinxido a Transilvania (Romanía). A distribución xeográfica en Galicia do resto de hábitats é moi variable, podendo ser nalgúns casos máis ou menos frecuentes (Nat2000 3110, 3130) mentres que noutros, especialmente no daqueles que están asociados a augas ricas en carbonatos (Nat2000 3140, 3150), trátase de tipos moi raros no ámbito territorial galego.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

3. HÁBITATS DE AUGA DOCE

Código		Designación oficial	G
31. Augas estancadas			
3110		Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*)	●
3120		Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp	●
3130		Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*	●
3140		Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp	●
3150		Lagos eutróficos naturais con vexetación de *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*	●
3160		Lagos e charcas distróficos naturais	●
3170		Estanques temporais mediterráneos	
3180	✶	Turloughs	
3190		Lagos de karst en xeso	
31A0	✶	Leitos de loto de lagos termais de Transilvania	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 15.- Hábitats de Augas estancadas segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

A diferenciación dos 6 tipos de hábitats de augas estancadas presentes en Galicia debe realizarse a partir de datos botánicos e limnolóxicos. Na metodoloxía do **Inventario dos Humidais de Galicia** (Ramil & Izco, 2003) recóllense os criterios utilizados para a valoración trófica das augas e, en consecuencia, para a delimitación entre medios de augas oligotróficas, mesotróficas, eutróficas e distróficas. Nos medios con augas distróficas ou eutróficas a asignación do tipo de hábitat segundo a Directiva realízase directamente aos tipos Nat2000 3150 e 3160 respectivamente. Nos medios de augas oligotróficas, a identificación dos tipos Nat2000 3110 e 3120 realízase tendo en conta o tipo de comunidade de macrófitas radicantes que dominan no sistema lacunar, atribuíndose o tipo Nat2000 3130 a medios de augas oligotróficas con dominancia de comunidades de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*. Os medios lacunares con augas mesotróficas adscríbense, en función do tipo de comunidades acuáticas que os caracterizan, ao tipo Nat2000 3130. En diversas lagoas galegas constátase a presenza de comunidades bénticas de carófitos (*Chara, Nitella*), a tipificación da cal correspóndese co tipo Nat2000 3140. Este último tipo de hábitat adoita ocupar un papel secundario no medio lacunar, que, nestes casos, aparece dominado polo tipo Nat2000 3130.

Na táboa adxunta establécese a tipoloxía adoptada no Inventario de Humidais de Galicia (IHG) para os ecosistemas lacustres establecidos a partir de variables relacionadas co sistema morfolóxico (orixe, dinámica) e hidrolóxico (achegas e perdas de auga, características da auga). As unidades establecidas mostran unha grande coincidencia coas definidas na tipoloxía RAMSAR, diferenciando entre lagos, lagoas e charcas baseándose na superficie da lámina libre de auga e separando aquelas de carácter permanente das temporais.

Inventario de Humidais de Galicia

Humidais Continentais	Ramsar	IHG
Ecosistemas lacustres continentais (naturais e seminaturais)		2.2.0.
Lagos permanentes (superficie maior de 8 ha) de auga doce	O	2.2.1.
Lagoas (superficie 8 -1 ha) permanentes de auga doce	Tp	2.2.2.
Charcas (<1 ha) permanentes de auga doce	Tp	2.2.3.
Lagoas ou charcas temporais (máis de 2 meses sen auga)	Ts	2.2.4.
Charcas e charcos estacionais (pluviais)	Ts	2.2.5.

Táboa 16.- Tipoloxía de humidais continentais empregadas no inventario.

O primeiro dos tipos de humidais así establecidos son os Lagos permanentes, definidos como aqueles ecosistemas acuáticos cunha superficie de lámina de auga superior ás 8 ha. A entidade da lámina de auga acumulada constitúe o factor fundamental que define as características ambientais destes sistemas. Pola contra nas lagoas, charcas e charcos estacionais, o factor fundamental que define o sistema vén marcado pola interacción entre a terra e a auga. As lagoas son medios de menor extensión superficial (8-1 ha) e dunha menor relación volume/superficie de auga en contacto coas beiras e o fondo, o que se traduce na ausencia de estratificación na lámina de auga. O termo charca utilízase para designar as lagoas de escasas dimensións, é dicir, aos medios que en condicións de máxima estiaxe posúen unha lámina de auga que recobre unha superficie menor a unha hectárea.

Dentro das lagoas e charcas pódense diferenciar aquelas nas que a superficie de lámina libre de auga non chega a desaparecer totalmente no período estival, daquelas outras nas que esta desaparece totalmente, manténdose o nivel freático en subsuperficie. Non se debe confundir charca co termo charco, que se emprega para designar volumes de auga efémeros que se forman en períodos chuviosos ou por fluxos de marea.

A variedade de lagos e lagoas existentes en canto a profundidade, extensión e composición das súas augas determina que a súa zonificación, a diferencia do que acontece no medio litoral, resulte en ocasións confusa, cando non artificial. Malia iso, esta resulta de grande utilidade para avaliar a diversidade, estrutura e funcionamento das biocenoses que poden desenvolverse nos diversos tipos de sistemas lacunares.

Os sistemas lacustres de augas profundas presentan unha zonificación vertical determinada pola estratificación da columna de auga e a frecuencia con que vese interrompida. A diferenza de temperatura ente as augas superiores e as profundas dá orixe a unha zona intermedia denominada *termoclina* que separa dúas capas de auga ben diferenciadas: a que está por enriba, denominado *epilimnion*, con augas quentes e móbiles, e a capa profunda, chamada *hipolimnion*, inferior á *termoclina*, e que comprende augas frías, non móbiles. As variacións termométricas locais da atmosfera inflúen nas propiedades da auga determinando o réxime térmico dos lagos, condición pola que poden ser clasificados nunha serie de tipos ou clases que, como é natural, non están totalmente disociados, senón unidos por gradacións (Margalef, 1983).

Nas rexións temperadas as augas dos lagos adoitan estar fortemente estratificadas no verán, momento no que a parte superior máis cálida (*epilimnion*) se illa da máis fría (*hipolimnion*) a través da termoclina, que actúa como barreira fronte ao intercambio de materiais e gases disoltos. Esta situación provoca que a subministración de O_2 se reduza rapidamente no *hipolimnion* mentres que se observa unha tendencia similar en canto aos nutrientes no *epilimnion*. Cando chega o outono arrefríase a capa superior e, coa acción do vento, as augas mestúranse. Ao mesturarse as augas adoita haber floracións de fitoplancto, porque a axitación da auga fai aflorar nutrientes á superficie.

En canto á súa zonificación horizontal, nos medios leníticos de carácter permanente pódense diferenciar catro grandes zonas ecolóxicas: supralitoral, litoral, limnética e de augas profundas. A zona supralitoral é a máis externa e soamente se ve cuberta pola auga nos períodos máximos de recarga invernal. Correspóndese cun medio semiterrestre dominado por biocenoses higrófilas. A zona litoral ou nerítica esténdese por debaixo da zona supralitoral, incluíndo a columna de auga e os sedimentos lacunares, ata unha profundidade na que estes últimos reciben a luz solar con suficiente intensidade como para non constituír un factor limitante para o desenvolvemento das comunidades de macrófitos. En moitos medios lacunares a zona litoral sofre importantes modificacións en canto á profundidade da capa de auga e á superficie de inundación, chegando esta a desaparecer regularmente na estación seca (sistemas lacunares temporais) ou nos anos de menor pluviosidade (sistemas lacunares intermitentes). As flutuacións da lámina de auga marcan a distribución espacial da vexetación, as plantas vasculares e as grandes algas verdes (macrófitos),

que se dispoñen en bandas concéntricas caracterizadas polo predominio de distintos tipos biolóxicos; hidrófitos non enraizados flotantes (*Lemna minor*) ou mergullados (*Ceratophyllum demersum*) hidrófitos enraizados emerxentes (*Thypha latifolia*), flotantes (*Potamogeton natans*) ou mergullados (*Myriophyllum alterniflorum*).

A diversidade botánica é parella a unha grande riqueza de animais, tanto de invertebrados como vertebrados, que empregan a vexetación acuática como recurso alimenticio ou para refuxiarse e gorecer a súa prole do ataque dos depredadores. Arredor do 70% das especies de fauna bentónica que viven nos sistemas lacustres localízanse na zona litoral e sublitoral.

Os grupos mellor representados son nematelmintos, como a samesuga (*Hirudo*), anélidos, tricópteros, e un elevado número de odonatos, coleópteros e heterópteros característicos de augas de débil mineralización. Os medios con elevadas concentracións de carbonatos nas augas, aparecen dominadas por isópodos como *Proasellus meridianus*, acompañados por poboacións máis reducidas de gasterópodos do xénero *Pisidium* e *Lymnaea peregra*, que se ven favorecidas polas concentracións de carbonatos para o mantemento das cunchas e do exoesqueleto. Tamén están presentes moluscos como *Margaritifera margaritifera, Anadonta cygnea* e *Unio tumidus*.

A zona litoral é tamén rica en especies nectónicas (que nadan libremente na auga por posuír un sistema de locomoción eficiente, que lles permite trasladarse dun punto a outro), nas que a diversidade de especies vai acompañada frecuentemente dunha grande abundancia de individuos. Os peixes abundan nesta zona litoral, aínda que tamén pola zona limnética e profunda se as condicións de vida son favorables. Entre os vertebrados que frecuentan ou habitan o litoral atopamos as ras, píntegas, tartarugas, cobras de auga, un grande número de aves acuáticas, e mamíferos, como a londra.

Nas grandes superficies lacunares establécese tras a zona litoral, outra de augas abertas, xeralmente profundas designada como zona limnética. A zona limnética esténdese ata o nivel de compensación, é dicir, onde a fotosíntese equilibra á respiración. Por debaixo deste nivel, e debido á escaseza de radiación solar, hai déficit de produtividade, equiparándose á zona oceánica ou de mar aberto dos medios mariños. Na zona limnética, os macrófitos son desprazados pola biomasa que representa o neuston, plancto e necton na columna de auga e o bentos no fondo lacustre. A última zona establecida nos medios lacunares corresponde á denominada zona profunda, o leito da cal se atopa afastado da luz solar (zona afótica), polo que o bentos, a diferencia da zona limnética, aparece dominado por organismos heterótrofos.

AUGAS CORRENTES

Un río extenso orixinado en zona montañosa adoita comezar o seu desenvolvemento como un conxunto irregular de mananciais e pequenos regueiros, que posteriormente confluirán en regatos de montaña de caudal rápido e turbulento. A adición de novos tributarios dá como resultado un tramo de corrente suave que serpea vagamente a través das terras baixas ata alcanzar o mar.

Todas as características dun río varían a medida que este discorre dende o seu nacemento ata a desembocadura. O caudal aumenta, dando como resultado cambios na anchura, profundidade e velocidade, e xunto con eles, varían todo o conxunto de condicións biolóxicas e ecolóxicas dentro destes. En termos de aparencia física, os cambios máis notorios danse na pendente e na transición dende regueiros de pouca profundidade con substrato dominado por bloques e pedras ata ríos profundos con preponderancia de sedimentos finos no seu substrato.

A zonación dos cursos fluviais foi, e segue sendo, un tema amplamente estudado de cara a ao establecemento de pautas recorrentes e predicibles nestes que faciliten o seu estudio e xestión. As primeiras zonacións propostas baseáronse principalmente na distribución dos peixes nos cursos de auga da Europa continental temperada (Huet, 1954), clasificación que foi adaptada aos ríos españois por Gutierrez Calderón (1968).

Tipoloxía de Huet (1954)

Zona das troitas

Temperatura da auga por debaixo dos 20º C e ben aireadas. Pendentes fortes e augas rápidas e pouco profundas. Leito rochoso, con cantos rodados e ocasionalmente gravas Son característicos troitas e salmóns.

Zona de transición ao barbo

Con salmónidos e ciprínidos de augas vivas (piscardo, barbo, voga, loina, cacho e gobio). A temperatura da auga chega a 22º C. Ríos máis anchos e profundos, de pendentes menores. Leito de pequenas pedras e gravas. Presentan alternancia de rápidos e pozas.

Zona dos barbos

Predominan os barbos asociados a outros ciprínidos de augas vivas e ata anguía e lucio. A temperatura alcanza 25º C. Pendente moderada, dominando os tramos remansados sobre os rápidos.

Zona da carpa

Con ciprínidos de augas lentas (c*arpa, carpín e tenca)* e depredadores como anguía e lucio Corresponde aos tramos baixos dos grandes ríos e os seus afluentes en zonas chairas Presentan augas lentas e temperaturas estivais altas

Táboa 17.- Zonificación dos cursos fluviais para Europa, segundo Huet (1954), adaptada aos ríos españois por Gutierrez Calderón (1968).

A ordenación anterior baseada na distribución dos peixes aparece tamén reflectida en estudios que consideran, ademais, outros elementos da fauna, e diversas características morfolóxicas como no traballo de Illies & Botosaneanu (1963)

Tipoloxía de Illies & Botosaneanu (1963)
Eucrenon
Zonas de regatos, próximas ao nacemento que presentan temperaturas uniformes ao longo do ano.
Hypocrenon
Zonas de regato máis afastadas do nacemento cuxas temperaturas comezan a variar significativamente de forma estacional.
Rhithron *(epirhithron, metarhithron, hyporhithron)*
A zona que se estende dende o nacemento do regato ata o punto onde as temperaturas medias mensuais son de 20º C. Presenta elevados valores de osíxeno disolto e un fluxo de rápido a turbulento. A fauna está adaptada ao frío (estenotérmica), e o plancto está ausente ou mantén unha presenza reducida.
Potamon *(Epipotamon, metapotamon, hypopotamon)*
As temperaturas medias mensuais son maiores de 20º C. Poden darse déficits de osíxeno durante certas épocas do ano. O fluxo é máis lento e menos turbulento (case laminar). As especies presentes están adaptadas a maiores temperaturas (euritérmicas). A miúdo aparecen grandes cantidades de plancto.

Táboa 18.- Zonificación dos cursos fluviais proposta por Illies & Botosaneanu (1963).

Na década dos setenta, a publicación da teoría do "Continuo Fluvial" (Vannote *et al*., 1980) supón unha importante modificación na concepción dos medios fluviais. Os ríos considéranse como sistemas unidos lonxitudinalmente nos que os procesos que se dan a nivel ecosistema nos tramos baixos son consecuencia daqueles producidos nos tramos altos. Nesta teoría analízase a materia orgánica como principal fonte de enerxía, e os grupos funcionais que a aproveitan en función do seu estado, producíndose unha sucesión continua de especies ao longo do río.

O proxecto CORINE Biotopes desenvolveu unha tipoloxía para a descrición dos hábitats de maior importancia de cara á conservación da natureza en Europa, nas que se engloban en boa medida as anteriores propostas. Esta proposta foi empregada posteriormente para definir os diversos tipos de hábitats que conforman o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

CORINE Biotopes
24.11 Rivulets (pequenos regatos)
Os tramos máis altos dos regatos de montaña. (*Crenon*)
24.12 Zona das troitas
Zonas altas e medias dos regueiros de montaña (*epirhithron e metarhitrhon*).
24.13 Zona dos salmónidos
Zona baixa dos regueiros de montaña (*hyporhithron*)
24.14 Zona dos barbos
Tramos altos dos ríos de zonas chairas (*epipotamon*)
24.15 Zona da brema
Tramos medios e baixos dos ríos de zonas chairas (*metapotamon e hipopotamon*)
24.16 Regueiros intermitentes
Cursos de auga nos que o fluxo se interrompe durante parte do ano, quedando o leito seco ou algunhas pozas. As condicións durante o período con auga pódense incluír dentro dalgunha das anteriores clasificacións.

Táboa 19.- Tipoloxía de medios fluviais segundo CORINE Biotopes.

Segundo esta clasificación, un elevada porcentaxe dos tramos fluviais galegos quedarían englobados dentro das zonas *Crenon* e *Rhithron* (erosión, transporte e almacenamento) propostas anteriormente, xa que a accidentada orografía e a pluviometría elevada desta rexión potencian a existencia de multitude de cursos de montaña, de caudal rápido e turbulento, mentres que os ríos de chaira máis maduros, correspondentes á zona *Potamon* (zona de deposición), quedarían restrinxidos aos tramos medios e baixos dos ríos de maior entidade (Miño, Sil) , ou a tramos de río de media entidade cando transcorren por zonas de topografía aplanada.

A zonación transversal dos cursos de auga corrente inclúe xunto á zona lótica (álveo ou canle natural con corrente continua ou discontinua), a zona de ribeira. Dende a perspectiva legal expresada no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, considérase como álveo ou canle natural dunha corrente continua ou discontinua aquel terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias. A ribeira queda definida como as faixas laterais das canles públicas situadas por enriba do nivel de augas baixas, e as marxes como aqueles terreos que lindan coas canles.

As marxes e ribeiras fluviais sustentan unha grande diversidade de comunidades, plantas e animais entre os que se atopan elementos exclusivos destes medios, xunto con outros que potencialmente terían unha área de ocupación no territorio non vinculada exclusivamente á zona de ribeira, e polo tanto de maior extensión, pero que debido ao ancestral uso de que foron obxecto os vales e chairas de inundación da maioría dos ríos, se atopan na actualidade confinadas ás inmediacións dos corredores ribeiráns. Deste modo, a pesar da menor entidade superficial das zonas ribeirás fronte ao resto do territorio da cunca, sustentan unha taxa de diversidade moito máis elevada, sendo elementos claves para a conservación a curto e longo prazo de moitas especies.

As illas son frecuentes en moitos dos ríos galegos, non obstante nos tramos medios e baixos que discorren por amplos vales ou cuncas sedimentarias nos que a canle se fai lenta e divagante, estas adquiren unha grande singularidade ecolóxica e paisaxística. Nestas áreas é frecuente observar a sucesión de pequenas illas orixinadas pola propia dinámica fluvial e que periodicamente son inundadas e modificadas polas augas.

O tipo de material que conforma as illas fluviais vén determinado tanto pola dinámica fluvial coma polos materiais dominantes na cunca. As de maior extensión son de natureza terríxena, constituídas por materiais sedimentarios edafizados que quedaron illados por modificacións no traxecto da canle. Noutros casos, as illas configúranse pola existencia de relevos residuais de fragmentos rochosos (illas pétreas), que non foron erosionados pola acción das augas, permanecendo descuberta nos períodos de menor caudal. De menor entidade son, frecuentemente, as illas constituídas por barras de grava ou seixos cuxo acúmulo e entidade están directamente condicionados pola dinámica fluvial do tramo. Un último tipo de illas, correspondería coa designada como "cordóns de illas árbore", as cales se asocian á existencia de árbores vivas, xeralmente ameneiros, salgueiros ou freixos, arraigados na propia canle, os cales son periodicamente derrubados e mobilizados pola acción da corrente, formándose pequenas barreiras bioxénicas.

Os sistemas de illas fluviais de inundación periódica son medios de gran diversidade debido á grande heteroxeneidade de hábitats que albergan. As canles existentes entre as illas mostran frecuentemente unha ampla variación de substratos, correntes e niveis de inundación que determinan a existencia dun grande número de hábitats fluviais que sustentan un maior número de biocenoses acuáticas que as existentes en tramos fluviais homoxéneos de corrente rápida ou lenta.

O espazo ribeirán comprendido polas propias illas mantén xeralmente unha gran naturalidade, desenvolvéndose formacións de bosques aluviais que, nas grandes superficies insulares, se mesturan con bosques climatófilos e lamacentos. Moitas das grandes illas foron aproveitadas dende antigo como prados seminaturais, persistindo aínda singulares formas de explotación como as existentes na desembocadura do río Miño.

Cando os vales se abren nos tramos medios e baixos de escasa pendente, a chaira de inundación adquire un maior desenvolvemento e as canles fluviais poden describir amplos meandros. Nestes tramos os ríos abranguen unha gran distancia en sentido transversal á corrente e o nivel freático adoita ser relativamente alto en todo o val. Nestas situacións a dinámica fluvial afecta a grandes espazos, que evolucionarán no tempo acentuándose a curvatura dos tramos ou cambiando o trazado do río (González del Tánago e García de Jalón, 1998). Xorden así meandros abandonados e pequenas charcas temporais que se conectan coa canle principal unicamente en épocas de enchente, compoñendo un diverso mosaico de hábitats creados polo propio río, que configuran complexos sistemas húmidos.

Dentro do grupo de hábitats que a Directiva 92/43/CEE reúne baixo o epígrafe **32. Augas correntes - tramos de cursos de auga con dinámica natural e seminatural**, tanto leitos menores (tramos de cabeceira, orde xerárquica 1-2) como medios (tramos medios, orde xerárquica 3-4), e maiores (tramos baixos, orde xerárquica maior ou igual a 5) nos que a calidade da auga non presenta alteracións significativas. Neste grupo englóbanse 9 tipos de hábitats dos que soamente dous (Nat2000 3260 e 3270), están presentes en Galicia. Dentro desta categoría inclúense as augas fluviais e a vexetación asociada aos leitos riparios. A pesar de que unha parte do territorio galego se atopa incluída na Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non se considerou presente ningún de tipos de hábitats de augas correntes propio de área, principalmente debido ao alto grao de desnaturalización que presente o réxime hidrolóxico das cuncas fluviais, cuxo caudal e flutuacións estacionais atópanse controlados por multitude de encoros.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

3. HÁBITATS DE AUGA DOCE			
Código		**Designación oficial**	**G**
31. Augas correntes			
3210		Ríos naturais de Fenoscandia	
3220		Ríos alpinos con vexetación herbácea nas súas beiras	
3230		Ríos alpinos con vexetación leñosa nas súas beiras de *Myricaria germanica*	
3240		Ríos alpinos con vexetación leñosa nas súas beiras de *Salix elaeagnos*	
3250		Ríos mediterráneos de caudal permanente con *Glaucium flavum*	
3260		Rios dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*	●
3270		Rios de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.	●
3280		Rios mediterráneos de caudal permanente do *Paspalo-Agrostidion* con cortinas vexetais ribeirás de *Salix* e *Populus alba*	
3290		Ríos mediterráneos de caudal intermitente do *Paspalo-Agrostidion*	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 20.- Hábitats de Augas correntes segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

3 Hábitats de auga doce.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).

Correspondencias

Paleartic	22.11 x 22.31.
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Oligotrophic waters containing very few minerals of sandy plains (*Littorelletalia uniflorae*).
Castelán	Aguas oligotróficas con un contenido de minerales muy bajo de las llanuras arenosas (*Littorelletalia uniflorae*)

Denominación vulgar

Galego	Charca, lagúa, lagoa.
Castelán	Charca, laguna.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Augas superficiais oligotróficas cun baixo contido en nutrientes e vexetación acuática ou anfibia pertencente á orde *Littorelletalia uniflorae*, sobre solos oligotróficos de ribeiras de lagos e charcas (ás veces sobre solos turbosos). Esta vexetación dispone de xeito zonado con cinturas concéntricas dominadas por *Littorella*, *Lobelia dortmana* ou *Isoetes,* aínda que non todas elas teñen por que estar sempre presentes.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Láminas de auga pouco profundas, que poden chegar a desecarse totalmente na época estival, situadas preferentemente en áreas chairas sobre sedimentos pobres en nutrientes.
Fisionomía e estrutura.
A vexetación que caracteriza este tipo de hábitat presenta unha actividade fenolóxica preferente cara a finais da primavera/inicio do verán e caracterízase polo dominio de pequenas plantas herbáceas (*Anagallis tenella, Baldella ranunculiodes, Eleocharis multicaulis, Hypericum elodes, Hydrocotyle vulgaris, Juncus bulbosus, Potamogeton polygonifolius, Scirpus fluitans,* etc.), entre as que poden ser abundantes os terófitos (*Pilularia globulifera*)
Variabilidade.
As especies e comunidades vexetais presentes neste tipo de hábitat poden variar, sobre todo, con relación á duración do período de inundación.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Deschampsia setacea, Isoetes echinospora, Isoetes lacustris, Juncus bulbosus, Littorella uniflora, Lobelia dortmanna, Luronium natans, Pilularia globulifera, Potamogeton polygonifolius, Subularia aquatica. **Na Rexión Boreal tamén:** *Drepanocladus* spp., *Fontinalis* spp., *Myriophyllum alterniflorum, Warnstorfia* spp.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Antinoria agrostidea, Apium inundatum, Baldellia ranunculoides, Deschampsia setacea, Eleocharis bonariensis, Eleocharis multicaulis, Hydrocotyle vulgaris, Hypericum elodes, Isoetes velata subsp. *asturicense, Isoetes velatum* subsp. *velatum, Juncus bulbosus, Lilaeopsis caroliniana, Littorella uniflora, Luronium natans, Pilularia globulifera, Potamogeton oblongus, Ranunculus ololeucos, Scirpus fluitans, Veronica scutellata.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Eryngium viviparum, Luronium natans, Pilularia globulifera.

3 Hábitats de auga doce.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE ISOETO-LITTORELLETEA
Orde Littorelletalia
Alianza Littorellion uniflorae
As. *Spargano angustifolii-Isoetetum lereschi*
Alianza Hyperico elodis-Sparganion
As. *Lilaeopsido-Triglochinetum strictae*
As. *Eleocharitetum bonariensis*
As. *Eleocharitetum multicaulis*
As. *Hyperico elodis-Potametum oblongi*
As. *Junco heterophylli-Pilularietum globuliferae*
As. *Scirpo fluitantis-Juncetum heterophylli*
Alianza Eleocharition acicularis
As. *Littorello-Eleocharitetum acicularis*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral, este tipo de hábitat establece contacto con outros hábitats de augas estancadas (3120, 3130), diversos tipos de turbeiras (7110*, 7120, 7130*, 7140, 7150) e queirogais húmidos (4020*).



Comunidades de *Litorella uniflora,* típicas do hábitat 3110.

3 Hábitats de auga doce.

3110 **Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).**

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente en grande parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat escaso en Galicia, polo xeral asociado a depresións sedimentarias e grandes vales.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente nalgúns espazos do interior de Galicia.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km2. Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km2. Datos actualizados 2008.



3 Hábitats de auga doce.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	As Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa dá Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	●
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu

Cod.	Denominación	Prov.
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cies	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

3 Hábitats de auga doce.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Pilularia globulifera desenvolve as súas poboacións máis abundantes en charcas temporais que forman parte das representacións galegas do hábitat 3110.



Littorella uniflora é unha especie característica do hábitat "3130 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*)".

3 Hábitats de auga doce.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Estas charcas serviron de lugar de bebedoiro para o gando doméstico nalgúns lugares do interior de Galicia.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e cobertura da vexetación característica deste tipo de hábitat, xunto aos parámetros físico-químicos das augas, son indicadores fiables do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A alteración da dinámica hidrolóxica natural do os ambientes nos que está presente este tipo de hábitat ou a contaminación das súas augas provocan a deterioración do seu estado de conservación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento ou, no seu caso, recuperación da dinámica hidrolóxica ou das propiedades físico-químicas das augas que manteñen este tipo de hábitat contribúen a preservar o seu estado de conservación.

Bibliografía

Bellot (1968), Géhu (1975b), Rodríguez-Oubiña (1986), Ortiz (1986), Silva-Pando (1990), Rodríguez-Oubiña & Ortiz (1991b), Rodríguez-Oubiña et al. (1997a), Molina & Casado (1998), Pulgar (1999), Izco et al. (2001) VV.AA. (2003), Romero et al. (2004 a, 2004b, 2005, 2006) e datos propios.

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Correspondencias

Paleartic	22.11 x 22.34.
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Oligotrophic waters containing very few minerals generally on sandy soils of the West Mediterranean with *Isoetes* spp.
Castelán	Aguas oligotróficas con un contenido de minerales muy bajo sobre suelos generalmente arenosos del mediterráneo occidental con *Isoetes spp*

Denominación vulgar

Galego	Charca, lagúa, lagoa.
Castelán	Charca, laguna.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Vexetación rastreira anfibia de augas oligotróficas con poucos nutrientes, polo xeral sobre substratos areosos da Rexión Mediterránea e irradiacións no sector termo-atlántico, pertencente á clase *Isoeto-Nanojuncetea*. Os céspedes baixos de charcas temporais (hábitat prioritario 3170*) son un subtipo particular deste (augas superficiais temporais).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Láminas de auga de forte flutuación estacional baixo as que se desenvolve unha vexetación de escasa cobertura dominada por higrófitos herbáceos, entre os que destacan algunhas especies de pteridófitas acuáticas do xénero *Isoetes*.
Fisionomía e estrutura.
A vexetación característica deste tipo de hábitat presenta un baixo porte (8-10 cm.) e pouca cobertura.
Variabilidade.
Debido á escaseza de representacións deste tipo de hábitat en Galicia, non se detecta unha variación relevante nas súas características.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Niveis altos: *Isoetes velata, Isoetes setacea, Marsilea strigosa, Pilularia minuta.* **Niveis baixos:** *Isoetes durieui, Isoetes histrix, Serapias* spp. (*Serapion*).

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Isoetes setacea, Isoetes hystrix

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Eryngium viviparum

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE ISOETO-NANOJUNCETEA
- **Orde Isoetetalia**
  - ***Alianza Preslion cervinae***
    - As. *Eryngio corniculati-Preslietum cervinae*
  - ***Alianza Cicendion***
    - As. *Cicendietum filiformis*
- **Orde Nanocyperetalia**
  - ***Alianza Nanocyperion***
    - As. *Scirpo setacei-Stellarietum uliginosae*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral, este tipo de hábitat establece contacto con outros hábitats de augas estancadas (3110, 3130), diversos tipos de turbeiras (4010*, 4020, 4030*, 4040, 4050) e queirogais húmidos (4020*).



Vista parcial de comunidades de *Isoetes* spp, características do hábitat 3120.

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat exclusivo dos países do SW europeo (España, Portugal, Francia, Italia).


Distribución en Galicia

Trátase dun tipo de hábitat de presenza moi escasa en Galicia. Soamente se coñecen representacións nalgunhas localidades situadas en cuncas sedimentarias interiores.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Exclusivo do LIC "Parga-Ladra-Támoga".


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



3 Hábitats de auga doce.

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.
ES1120015	Serra do Xistral	Lu
ES1120016	Río Cabe	Lu
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES1130001	Baixa Limia	Ou
ES1130002	Macizo Central	Ou
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou
ES1130004	Pena Veidosa	Ou
ES1130005	Río Támega	Ou
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1130007	Pena Trevinca	Ou
ES1130008	Pena Maseira	Ou
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou
ES0000001	Illas Cíes	Po
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1140002	Río Lérez	Po
ES1140003	A Ramallosa	Po
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po
ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1140006	Río Tea	Po
ES1140007	Baixo Miño	Po
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po
ES1140009	Cabo Udra	Po
ES1140010	Costa da Vela	Po
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po
ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1140013	Serra do Candán	Po
ES1140014	Serra do Cando	Po
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po
ES1140016	Enseada de San Simón	Po

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu

Cod.	Denominación	Prov.
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

3 Hábitats de auga doce.

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Aspecto estival dunha representación de hábitat "3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp." (Lagoa de Cospeito).



Detalle dunha representación do hábitat 3120 mostrando o aspecto dunha colonia de *Isoetes*.

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areosos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñece un aproveitamento tradicional específico para este tipo de hábitat. Como no caso do hábitat 3110, o gando fixo uso puntual deste como bebedoiro.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e cobertura da vexetación característica deste tipo de hábitat, xunto aos parámetros físico-químicos das augas, son indicadores fiables do o seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A alteración da dinámica hidrolóxica natural dos ambientes nos que está presente este tipo de hábitat ou a contaminación das súas augas provocan unha deterioración do seu estado de conservación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento ou, no seu caso, recuperación da dinámica hidrolóxica ou das propiedades físico-químicas das augas que manteñen este tipo de hábitat contribúen a preservar o seu estado de conservación.

Bibliografía

Bellot (1968), Géhu (1975b), Rodríguez-Oubiña (1986), Ortiz (1986), Silva-Pando (1990), Rodríguez-Oubiña et al. (1997a), Molina & Casado (1998), Pulgar (1999), Izco et al. (2001) e datos propios.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Correspondencias

Paleartic	22.12 x (22.31 e 22.32).
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Oligotrophic to mesotrophic standing waters with vegetation of the *Littorelletea uniflorae* and/or *Isoeto-Nanojuncetea*.
Castelán	Aguas estancadas, oligotróficas o mesotróficas con vegetación de *Littorelletea uniflorae* y/o *Isoeto-Nanojuncetea*.

Denominación vulgar

Galego	Charca, lagoa, lagúa.
Castelán	Charca, charco, laguna.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

22.12 x 22.31: vexetación perenne acuática ou anfibia de baixo porte que vive en lagos, lagoas, charcas, charcos temporais e interfases terra-auga de augas oligotróficas a mesotróficas pertencente á Orde *Littorelletalia uniflorae*.
22.12 x 22.32: vexetación anfibia anual pioneira de pequeno porte (Clase *Isoeto-Nanojuncetea*) que crece sobre substratos pobres en nutrientes dos medios litorais de lagos, lagoas, charcas e charcos temporais ou o fondo dos devanditos medios acuáticos durante períodos de desecamento.
Estas dúas unidades poden crecer xuntas ou de forma separada. As especies vexetais características son, xeralmente, pequenos efemerófitos.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Charcas estacionais ou permanentes de augas pobres en nutrientes (oligo a mesotróficas) con lámina de auga fortemente oscilante formadas en pequenas depresións do terreo ou cubetas de sobreescavación glaciar. A natureza silícea do substrato onde aparecen é a causa do baixo contido de nutrientes que presentan as súas augas.
Fisionomía e estrutura.
A aparencia máis frecuente deste hábitat durante o inverno caracterízase pola presenza dunha lámina de auga máis ou menos profunda baixo a que a vexetación perenne pasa a estación desfavorable; durante a época estival adoitan conformarse bandas concéntricas de vexetación dende a marxe externa cara ao interior, que nalgúns casos, conserva auga mesmo durante o verán.
Variabilidade.
As charcas con auga permanente soportan unha vexetación pauciespecífica dominada por helófitos de pequeno porte mentres que aquelas que se desecan son algo máis ricas en especies, sendo dominantes as monocotiledóneas (gramíneas e xuncáceas).

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

22.12 x 22.31: *Eleocharis acicularis, Juncus bulbosus* ssp. *bulbosus, Littorella uniflora, Luronium natans, Pilularia globulifera, Potamogeton polygonifolius, Sparganium minimum.* **22.12 X 22.32:** *Centaurium pulchellum, Centunculus minimus, Cicendia filiformis, Cyperus fuscus, Cyperus michelianus, Cyperus flavescens, Elatine* spp., *Eleocharis ovata, Juncus bufonius, Juncus tenageia, Limosella aquatica, Lindernia procumbens, Schoenoplectus supinus, Scirpus setaceus.*

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Antinoria agrostidea, Eleocharis acicularis, Eleocharis palustris, Glyceria declinata, Juncus bulbosus ssp. *bulbosus, Littorella uniflora, Luronium natans, Pilularia globulifera, Potamogeton polygonifolius, Ranunculus peltatus, Sparganium angustifolium.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Eryngium viviparum, Luronium natans

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE ISOETO-LITTORELLETEA
- **Orde Littorelletalia**
  - ***Alianza Littorellion uniflorae***
    - As. *Spargano angustifolii-Isoetetum lereschi*
  - ***Alianza Hyperico elodis-Sparganion***
    - As. *Eleocharitetum multicaulis*

CALSE ISOETO-NANOJUNCETEA
- **Orde Isoetetalia**
  - **Alianza *Cicendion filiformis***
    - As. *Cicendietum filiformis*

CLASE PHRAGMITO-MAGNOCARICETEA
- **Orde Nasturtio-Glycerietalia**
  - ***Alianza Glycerio-Sparganion***
    - **Subalianza Glycerienion fluitantis**
      - As. *Glycerio declinatae-Eleocharitetum palustris*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita facer contacto ou formar mosaico con "Queirogais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*" (4020*) e con "Formacións herbáceas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)" (6230*).

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente distribuído polos países da UE.


Distribución en Galicia

Presente en diversos complexos de humidais, tanto litorais como interiores, onde tende a ser máis frecuente.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Puntual en diversos espazos distribuídos preferentemente no interior de Galicia.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa dá Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Charca oligotrófica, representación do hábitat "3130 Augas estancadas oligotróficas a mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*" rodeada de queirogais higroturfófilos con *E. tetralix* (4020*) e cervunais (6230*). Meixón Vella, cabeceira do Val de Piornedo (Cervantes).



Eryngium viviparum atopa o seu hábitat óptimo dentro dalgunhas representacións do "3130 Augas estancadas oligotróficas a mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*".

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Nas áreas baixas era frecuente a caza de aves acuáticas propias destes ambientes. As representacións situadas nas áreas montañosas, próximas aos pastos estivais ("brañas" e "malladas") adoitaban utilizarse como bebedoiro do gando.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O grao de cobertura, a composición florística e a estrutura da vexetación, xunto coas características fisico-químicas das augas, son excelentes indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Todos aqueles que desvirtúen a composición florística, estrutura ou grao de cobertura da vexetación así como os niveis de nutrientes característicos das augas que orixinan e manteñen este tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

Considéranse actuacións favorables para a conservación do hábitat todas aquelas que contribúan a manter ou recuperar as características propias da vexetación e a calidade das augas.

Bibliografía

Bellot (1952, 1968), Géhu (1975b), Morla (1983), Guitián (1984), Ortiz (1986), Rodríguez-Oubiña (1986), Fernández Aláez et al. (1987), Silva-Pando et al. (1987), Soñora (1989), Silva-Pando (1990), Rodríguez-Oubiña & Ortiz (1991), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Rodríguez-Oubiña et al. (1997a), Molina & Casado (1998), Pulgar (1999), Izco et al. (2001), VV.AA. (2003), Romero et al. (2004 a, 2000b) e datos propios.

3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

Correspondencias

Paleartic	(22.12 ou 22.15) x 22.44.
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Hard oligo-mesotrophic waters with benthic vegetation of *Chara* spp.
Castelán	Aguas oligomesotróficas calcáreas con vegetación béntica de *Chara* spp.

Denominación vulgar

Galego	Pozos, pozas, ollos.
Castelán	Pozos, ojos.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Lagos e charcas de augas relativamente ricas en bases (pH a miúdo comprendido entre 6-7) (21.12) ou con augas azuladas ou verdoso-claro pobres a moderadamente ricas en nutrientes, pero ricas en bases (pH > 7,5)(21.15). Os fondos destas augas impolutas están cubertos por céspedes de carófitos dos xéneros *Chara* e *Nitella*. Na rexión Boreal, este hábitat inclúe pequenos charcos oligo-mesotróficos, ricos en carbonatos, sobre gyttja con densas formacións de *Chara* (principalmente *C. strigosa*), con frecuencia rodeados de diversos tipos de fens eutróficos e turbeiras arboradas de piñeiros.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Lagoas e charcas con lámina de auga permanente ricas en bases e augas de elevada transparencia asociadas a mananciais ricos en carbonatos.
Fisionomía e estrutura.
Láminas de auga de profundidade variable que albergan unha vexetación de plantas mergulladas dominadas por algas dos xéneros *Chara* e *Nitella*.
Variabilidade.
Trátase dun hábitat pouco variable en Galicia, debido ao escaso das súas representacións.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Chara spp., *Nitella* spp.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Chara spp., *Nitella* spp.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE CHARETEA FRAGILIS
Orde Charetalia hispidae
Alianza Charion fragilis
Orde Nitelletalia flexilis
Alianza Nitellion flexilis

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita facer contacto con formacións de megaforbias (6430), prados de molinias (6410), formacións herbáceas características de fens ricos en nutrientes (7210, 7230) e bosques aluviais (91E0*).

3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente na maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat representado exclusivamente en diversas lagoas interiores situadas na cunca alta do Río Miño.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente exclusivamente no espazo Parga-Ladra-Támoga.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cies	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Aspecto do hábitat "3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp." tomado na Lagoa de Fonmiñá (Pastoriza).



Aspecto dunha poboación de algas de xénero *Chara* no seu medio natural (hábitat 3140).

3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñece outro aproveitamento particular para este tipo de hábitat, salvo o aprovisionamento de auga para uso humano ou animal.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

Os valores de parámetros físico-químicos das augas, xuntamente co grao de desenvolvemento da vexetación que caracteriza este tipo de hábitat son os principais indicadores do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A contaminación das augas ou a alteración hidrolóxica dos humidais onde se desenvolve este tipo de hábitat contribúen á súa degradación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento dos parámetros físico-químicos das augas son fundamentais para a conservación deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Cirujano Bracamonte et al. (1992) e datos propios.

3 Hábitats de auga doce.

3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

Correspondencias

Paleartic	22.13 x (22.41 ou 22.421).
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Natural eutrophic lakes with *Magnopotamion* or *Hydrocharition* - type vegetation.
Castelán	Lagos eutróficos naturales con vegetación *Magnopotamion* o *Hydrocharition*

Denominación vulgar

Galego	Lagos, lagoas, charcas, pozos, pozas.
Castelán	Lagos, lagunas, ojos.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Lagos e charcas de augas xeralmente agrisadas ou azul-verdosas, máis ou menos turbias, especialmente ricas en bases disoltas (pH a miúdo superior a 7), con comunidades de plantas flotantes da alianza *Hydrocharition* ou, en augas libres profundas, con comunidades de grandes helófitos (*Magnopotamion*).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Medios de augas eutróficas que albergan vexetación de grandes plantas flotantes.
Fisionomía e estrutura.
Este tipo de hábitat adoita adoptar a forma de lagoas e charcas de grandes dimensións con augas permanentes asociadas a mananciais e fontes carbonatadas.
Variabilidade.
Trátase dun hábitat pouco variable debido ás especiais condicións baixo as que se presenta.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Hydrocharition: *Aldrovanda vesiculosa, Azolla* spp., *Hydrocharis morsus-ranae, Lemna* spp., *Riccia* spp., *Ricciocarpus* spp., *Spirodela* spp., *Stratiotes aloides, Utricularia australis, Utricularia vulgaris, Wolffia* spp.
Magnopotamion: *Potamogeton lucens, Potamogeton perfoliatus, Potamogeton praelongus, Potamogeton zizii.*

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Hydrocharis morsus-ranae, Lemna spp., *Potamogeton lucens, Potamogeton perfoliatus, Riccia* spp., *Utricularia australis, Utricularia vulgaris.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Non se coñecen.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE POTAMETEA
- Orde Potametalia
  - ***Alianza Potamion***
    - As. *Potametum perfoliato-crispi*
  - ***Alianza Nymphaeion albae***
    - As. *Myriophyllo alterniflori-Potametum natantis*
    - As. *Nymphaeetum albo-luteae*
    - As. *Limnanthemetum nymphoidis*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita facer contacto con formacións de megaforbios (6430), prados de molinias (6410), formacións herbáceas características de fens ricos en nutrientes (7210, 7230) e bosques aluviais (91E0*).

3 Hábitats de auga doce.

3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente na maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat pouco frecuente restrinxido a algunhas localidades costeiras e do interior lucense.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en diversos espazos costeiros e do interior de Lugo.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km2. Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km2. Datos actualizados 2008.



3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa dá Morte (Norte)	C	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	
ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

3 Hábitats de auga doce.

3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Exemplo do hábitat "3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*". Lagoa de Sobrado dos Monxes.



Detalle dunha representación do hábitat 3150, tomado na Lagoa de Doniños (Ferrol), na que se observa a presenza de *Nymphaea alba* (primeiro plano) e *Menyantres trifoliata* (ao fondo).

3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñece un aproveitamento particular para este tipo de hábitat, salvo o de servir como área de aprovisionamento de auga para consumo humano ou animal.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

Os valores de parámetros físico-químicos das augas, xuntamente co grao de desenvolvemento da vexetación que caracteriza este tipo de hábitat, son os principais indicadores do seu estado de conservación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento dos parámetros físico-químicos das augas é fundamental para a conservación deste tipo de hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A contaminación das augas ou a alteración hidrolóxica dos humidais onde se desenvolve este tipo de hábitat, xuntamente coa deterioración da vexetación que os caracteriza, contribúen á súa degradación.

Bibliografía

Bellot (1951 a, 1951b), Castroviejo (1972), Silva-Pando et al. (1987), Cirujano Bracamonte et al. (1992), Romero (1993), Romero & Amigo (1996), Molina (1998) e datos propios.

3 Hábitats de auga doce.

3160 Lagos e charcas distróficos naturais.

Correspondencias

Palearctic	22.14.
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Natural dystrophic lakes and ponds.
Castelán	Lagos y estanques distróficos naturales

Denominación vulgar

Galego	Lagos, lagoas, lagúas, pozos, pozas, charcas.
Castelán	Lagos, lagunas, charcas.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Lagos e charcas naturais de augas pardas debido ao alto contido en ácidos húmicos, polo xeral desenvolvidos sobre chans turbosos ou breixeiras con evolución natural cara a turbeiras. O pH adoita ser baixo, entre 3 e 6. As comunidades vexetais asociadas pertencen á Orde *Utricularietalia*.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Lagos e lagoas asociadas a grandes chairas aluviais, con importantes aportes temporais de materia orgánica alóctona. Así como charcas, xeralmente en áreas de montaña, con lámina de auga oscilante de coloración amarronada, debido ao elevado contido en materia orgánica, formadas en pequenas cubetas de sobreescavación glaciar, en áreas turbosas ou o interior de queirogais.
Variabilidade.
Trátase dun hábitat pouco variable debido ás especiais condicións baixo as que se presenta.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Brións:
Sphagnum spp.
Plantas:
Rhynchospora alba, Rhyncospora fusca, Sparganium minimum, Utricularia spp.
Na rexión Boreal tamén:
Brións:
Drepanocladus spp., *Warnstorfia trichophylla, Warnstorfia procera.*
Plantas:
Nuphar lutea, Nuphar pumila, Carex lasiocarpa, Carex rostrata, Nymphaea candida.

Especies indicadoras para Galicia

Brións:
Sphagnum spp.
Plantas:
Utricularia spp., *Rhynchospora* spp.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Sphagnum spp.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE UTRICULARIETEA INTERMEDIO-MINORIS
Orde Utricularietalia intermedio-minoris
Alianza Sphagno-Utricularion

Hábitats asociados ou en contacto

Este hábitat forma mosaico con "4020* Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas *de Erica ciliaris e Erica tetralix*" e con "6230* Formacións herbosas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental),", así como con diferentes tipos de hábitats turbosos: "7110* Turbeiras altas activas", "7130* Turbeiras de cobertor" e "7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*".

3 Hábitats de auga doce.

3160 Lagos e charcas distróficos naturais.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente na maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Restrinxida aos sectores montañosos interiores, principalmente as Serras Setentrionais e Orientais de Galicia

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en diversos espazos de montaña de Lugo e Ourense.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3 Hábitats de auga doce.


3160 Lagos e charcas distróficos naturais.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km2. Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km2. Datos actualizados 2008.



3160 Lagos e charcas distróficos naturais.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Charca distrófica (3160) en contacto con comunidades herbáceas anfibias e cervunais (6230*) situada no piso orotemperado (cabeceira do Val de Piornedo, Cervantes).



Charca distrófica temporal no seo dun sistema de turbeiras na Serra do Xistral (Abadín).

3160 Lagos e charcas distróficos naturais.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Nas áreas montañosas interiores de Galicia estas charcas adoitaban utilizarse como bebedoiro do gando.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

As características físico-químicas das augas e as especies vexetais presentes son os principais indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Como noutros hábitats acuáticos xa descritos, a modificación da dinámica hídrica destes hábitats por alteración da cuberta vexetal, drenaxe ou pisoteo excesivo son as principais causas

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A ausencia de actividade humana no ámbito deste tipo de hábitat favorece o mantemento do estado de conservación do hábitat.

Bibliografía

Ortiz (1986), Rodríguez-Oubiña (1986), Silva-Pando (1990), Ramil Rego et al. (1996a), Izco et al. (2001) e datos propios.

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

Correspondencias

Paleartic	24.4.
Ramsar	M, N, e.
IHG	2.1.0, 2.1.3, 2.1.5, 2.1.6.

Denominación oficial

Inglés	Water courses of plain to montane levels with the *Ranunculion fluitantis* and *Callitricho-Batrachion* vegetation.
Castelán	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de *Ranunculion fluitantis* y *Callitricho-Batrachion*

Denominación vulgar

Galego	Ríos, regatos, regos, regueiros.
Castelán	Ríos, regatos, arroyos

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Cursos de auga de caudal oscilante e corrente pouco turbulenta presentes ao longo dos pisos bioclimáticos termotemperado a supratemperado inferior e mesomediterráneo. As oscilacións do caudal e as características físicas do leito fluvial condicionan os tipos de vexetación asociada.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Cursos de auga de caudal oscilante e corrente pouco turbulenta comprendidos entre os niveis termotemperado e mesomediterráneo e supratemperado inferior. As oscilacións do caudal e as características físicas do leito fluvial condicionan os tipos de vexetación asociada.
Fisionomía e estrutura.
Trátase dun tipo de hábitat moi variable en canto ás características físicas do leito polo que discorre. Nas áreas de cabeceira dominan os leitos rochosos angostos con grandes pedras e bloques que, progresivamente, dan paso nos tramos medios, a leitos máis amplos nos que aparecen pequenas praias de cantos e coídos que forman mosaico con tramos máis pedregosos e áreas con rápidos coincidentes con afloramentos de rochas duras; nos tramos baixos dos ríos, o substrato tende a presentar unha maior proporción de elementos finos (gravas, areas e limos). Durante a estiaxe adoitan formarse pequenas charcas nas que se desenvolve unha vexetación flotante particular. En función das características comentadas, distribúense as diferentes comunidades vexetais asociadas.
Variabilidade.
Nos tramos de cabeceira aparecen variantes pauciespecíficas do hábitat caracterizadas pola presenza de *Fontinalis* spp., que se ven substituídas, augas abaixo, por comunidades de helófitos enraizados (*Ranunculus fluitans, Potamogeton natans, Glyceria fluitans*) e de plantas flotantes (*Lemna minor*). Nas beiras que se ven descubertas de auga durante a estiaxe crece unha vexetación de grandes herbas enraizadas como *Oenanthe crocata, Iris pseudacorus, Ranunculus repens, Sparganium erectum* subsp. *neglectum, Veronica beccabunga, Stellaria alsine, etc.*

3 Hábitats de auga doce.

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Brións:
Fontinalis spp.
Plantas:
Callitriche spp., *Myriophyllum* spp., *Potamogeton* spp., *Ranunculus aquatilis, Ranunculus fluitans, Ranunculus peltatus, Ranunculus penicillatus* ssp. *penicillatus, Ranunculus penicillatus* ssp. *pseudofluitantis, Ranunculus saniculifolius, Ranunculus trichophyllus, Sium erectum, Zannichellia palustris*.

Especies indicadoras para Galicia

Brións:
Fontinalis antipyretica
Plantas:
Apium nodiflorum, Callitriche spp., *Isoetes fluitans, Oenanthe crocata, Potamogeton natans, Ranunculus penicillatus*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Luronium natans

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE POTAMETEA
Orde Potametalia
Alianza Ranunculion fluitantis
As. *Ranunculetum fluitantis*

Hábitats asociados ou en contacto

Este hábitat atópase intimamente asociado aos bosques de ribeira (91E0*) e, con frecuencia, a diversos tipos de hábitats herbáceos incluídos nos tipos 6430, 6510 e 6520, polos que discorren innumerables regatos.



Vista aérea da unión do río Miño co seu tributario o río Parga (Outeiro de Rei), tramo fluvial que alberga excelentes representacións do hábitat 3260.

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente distribuído polas rexións atlántica, continental e boreal.


Distribución en Galicia

Amplamente distribuído dende o nivel do mar ata os 1.000-1.600 m de altitude.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Trátase dun tipo de hábitat presente na maior parte dos espazos de Galicia.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



3 Hábitats de auga doce.

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	●
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	●
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	●
ES1110016	Río Tambre	C	●
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	●
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●
ES1120008	Monte Faro	Lu	●
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	●
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	●
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	●
ES1140003	A Ramallosa	Po	●
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	●
ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	●
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	●

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion.*

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Ranunculus penicillatus, especie característica do hábitat "3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*".



Aspecto estival do hábitat 3260 no tramo medio do Río Miño.

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Os principais aproveitamentos tradicionais deste tipo de hábitat foron a pesca, a derivación de auga para o rego dos prados de sega mediante a construción dunha extensa rede de canles ("*regos*") e a utilización como forza motora para muíños e pequenas centrais hidroeléctricas.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A calidade físico-química das augas e as características estruturais e florísticas da vexetación asociada son os principais indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A existencia de verteduras contaminantes e a alteración da cuberta vexetal das marxes producen unha deterioración da calidade físico-química e biolóxica das augas correntes. A modificación e artificialización das canles, así como a construción de barreiras que produzan perda de osixenación nas augas ("*caneiros*" ou "*aceas*", presas de minicentrais, presas de grandes encoros) resulta negativa para a conservación deste tipo de hábitat. A expansión de poboacións de especies vexetais alóctonas e carácter invasor, en especial do xénero *Azolla*, contribúen á deterioración deste hábitat. A introdución de fauna alóctona (cangrexo americano, black-bass, etc), altera radicalmente as relacións tróficas do hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A ausencia de focos de contaminación que vercan ás canles fluviais e a existencia dunha vexetación continua e ben estruturada nas marxes contribúe positivamente ao mantemento dun estado de conservación favorable do hábitat.

Bibliografía

Bellot (1968), Morla (1983), Guitián (1984,1989), Ruíz de Clavijo et al. (1984), Izco et al. (1994), Ortiz (1986), Soñora (1989), Silva-Pando (1990), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Romero & Amigo (1995, 1996), Romero & Onaindía (1995), Wagner (1997), Romero et al. (2004c) e datos propios.

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

Correspondencias

Paleartic	24.52.
Ramsar	M, N, e.
IHG	2.1.0, 2.1.3, 2.1.5, 2.1.6.

Denominación oficial

Inglés	Rivers with muddy banks with *Chenopodion rubri* p.p. and *Bidention* p.p. vegetation.
Castelán	Ríos de orillas fangosas con vegetación de *Chenopodion rubri* p.p. y de *Bidention* p.p.

Denominación vulgar

Galego	Non se coñece.
Castelán	Non se coñece.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Ribeiras fluviais lamacentas das chairas ao nivel submontano, con vexetación pioneira nitrófila anual das alianzas *Chenopodion rubri p.p.* e *Bidention p.p.* Durante a primavera e o inicio do verán estes lugares carecen de vexetación. Se as condicións non son favorables, este tipo de vexetación pode desenvolverse escasamente ou estar completamente ausente.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Comunidades anuais nitrófilas que crecen nas ribeiras de grandes ríos e colas de encoros sobre substratos limo-areosos en áreas onde se acumulan importantes cantidades de restos orgánicos.

Fisionomía e estrutura.
Comunidades de baixo porte e densidade variable dominadas por terófitos (*Polygonum anfibium, Polygonum persicaria*, etc.) que alcanzan o seu máximo crecemento a finais do verán ou inicios do outono. Durante os anos con escasa estiaxe, este tipo de hábitat pode non chegar a desenvolver a vexetación que o caracteriza ao permanecer inundado.

Variabilidade.
Describíronse dúas comunidades vexetais con preferencias ecolóxicas diferentes. Unha é característica de marxes fluviais e outra, polo xeral, asóciase con áreas lamacentas de beiras de encoros.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Bidens frondosa, Chenopodium rubrum, Polygonum lapathifolium, Xanthium sp.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Bidens frondosa, B. tripartita, Persicaria hydropiper, P. lapathifolia, Cyperus eragrostis, Phalaris arundinacea, Chenopodium ambrosioides, Filaginella uliginosa

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE BIDENTETEA TRIPARTITAE
Orde Bidentetalia tripartitae
Alianza Bidention tripartitae
As. *Cypero eragrostidi-Bidentetum frondosae*
As. *Filaginello uliginosae-Bidentetum tripartitae*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat fai contacto con bosques riparios (91E0*) e fondos riparios areosos non vexetados.

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea

Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente distribuído polos países do occidente de Europa.

Distribución en Galicia

Presente en áreas baixas, tanto do interior como próximas á costa.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en diversos espazos interiores e fluviais próximos á costa.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)


Hábitat presente

Hábitat ausente


3270 **Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.**

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	●
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	●
ES1110016	Río Tambre	C	●
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista dunha representación do hábitat "3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p." no Río Eo (Trabada).



Vista dunha representación do hábitat 3270 no Río Miño (Ás Neves) (Autor: J. Amigo Vázquez).

3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñecen.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

As características estruturais e florísticas da vexetación asociada a este tipo de hábitat son os principais indicadores do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O exceso de precipitacións estivais adoita dificultar o desenvolvemento da vexetación propia deste tipo de hábitat, o cal non implica a súa desaparición.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A presenza da vexetación que caracteriza este tipo de hábitat depende da flutuación estival anual das augas correntes e embalsadas.

Bibliografía

Bellot (1968), Silva-Pando et al. (1987), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Pulgar (1999), Amigo (2006) e datos propios.

3.4 QUEIROGAIS E MATOGUEIRAS DE ZONA TEMPERADA

3.4 QUEIROGAIS E MATOGUEIRAS DE ZONA TEMPERADA

As matogueiras xogaron un papel fundamental na configuración da cuberta vexetal das áreas temperadas do continente europeo dende hai aproximadamente 30 millóns de anos. A súa configuración actual vincúlase, non obstante, coa dinámica climática acaecida ao longo dos últimos 2 millóns de anos, durante o Cuaternario, período no que se produce a súa diferenciación ecolóxica e bioxeográfica en resposta á dinámica climática global (matogueiras atlánticas, boreais, ártico-alpinos) e á combinación desta con diversos factores ambientais (altitude, proximidade ao mar, existencia de tipos particulares de substratos xeolóxicos, etc). No último ciclo climático do Cuaternario, as matogueiras e concretamente os queirogais, representaron a vexetación dominante en Galicia durante máis de 100.000 anos, mentres que o dominio territorial de bosques se restrinxiu a un intervalo temporal inferior a 5.500 anos.

A importancia no ámbito da conservación da biodiversidade dos queirogais e matogueiras susténtase polo grande número de especies de flora e fauna que albergan os distintos tipos de formacións, entre as que se atopan unha ampla proporción de elementos considerados como endémicos, raros, sucesorios e en perigo. Un segundo factor que xustifica a súa protección, é a drástica redución que experimentou, nos últimos cincuenta anos, a súa área de distribución en Europa como consecuencia do abandono dos sistemas de aproveitamento tradicional, nos que as matogueiras e os queirogais, constituían unha parte fundamental.

A categoría de **Queirogais e Matogueiras da Zona temperada** da Directiva 92/43/CE está constituída por un total de nove tipos de hábitats dentro do territorio da Unión Europea. Cinco tipos de queirogais teñen representación dentro dos límites da Comunidade Autónoma Galega: **Nat2000 4020* - Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas *de Erica ciliaris e Erica tetralix***, **Nat2000 4030 - Queirogais secos europeos, Nat2000 4040* - Queirogais secos atlánticos costeiros *de Erica vagans***, **Nat2000 4060 - Queirogais alpinos e boreais** e **Nat2000 4090 - Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos**. En conxunto, este grande grupo de hábitats constitúe un dos máis amplamente representados en Galicia, aínda que, debido á recorrencia coa que se viron afectados polos incendios forestais durante o último cuarto de século, presentan un estado de conservación moi variable.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

4. QUEIROGAIS E MATOGUEIRAS DE ZONA TEMPERADA

Código		Designación oficial	G
4010		Queirogais húmidos atlánticos setentrionais de *Erica tetralix*	
4020	✶	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*	●
4030		Queirogais secos europeos	●
4040	✶	Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*	●
4050	✶	Queirogais macaronésicos endémicos	
4060		Queirogais alpinos e boreais	●
    - As. *Senecioni aquatici-Juncetum acutiflori*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral, este tipo de hábitat entra en contacto con formacións megafórbicas (6430), prados mesófilos (6510) e bosques riparios ou lamacentos (91E0*).



Prados con *Molinia* (hábitat 6410) en Vilarbacú (Quiroga).

6410 **Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*).**

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente distribuído polos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat frecuente en áreas baixas e de media montaña.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat frecuente nos espazos galegos.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




6410 Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*).

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



6410 Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*).

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	●
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	●
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	●
ES1110016	Río Tambre	C	●
ES1120001	Ancares-Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	●
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	●
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	●
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	●
ES1140003	A Ramallosa	Po	●
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	●
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	●

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	●
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

6410 Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*).

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Aspecto invernal dun complexo higroturfófilo da Terra Chá lucense mostrando unha representación do hábitat 6410 (Gándara de Feás, Lugo).



Vista parcial dunha representación do hábitat 6410 na parte oriental da Terra Chá (Gándara do Boedo, Guitiriz).

6410 Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Produción de feo e, secundariamente, pasto de dente para o gando vacún.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística, grao de cobertura e estrutura da vexetación que caracteriza a este tipo de hábitat son indicadores fiable do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A drenaxe e aproveitamento pastoral intensivo levan consigo unha deterioración apreciable do estado de conservación deste tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O manexo pouco intenso da vexetación herbácea que caracteriza este tipo de hábitat contribúe a mantemento nun estado de conservación favorable.

Bibliografía

Bellot (1968), Guitián (1984b), Rodríguez-Oubiña (1986), Silva-Pando et al. (1987), Silva-Pando (1990), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Pulgar (1999), Izco et al. (2001) e datos propios.

6420 Prados húmidos mediterráneos de grandes herbas do *Molinio-Holoschoenion.*

Correspondencias

Paleartic	37.4.
Ramsar	H, Ts.
IHG	1.2.5, 1.3.3, 2.6.2.4.

Denominación oficial

Inglés	Mediterranean tall humid herb grasslands of the *Molinio-Holoschoenion*
Castelán	Prados húmedos mediterráneos de hierbas altas del *Molinion-Holoschoenion*

Denominación vulgar

Galego	Xunqueiras, xuncais.
Castelán	Juncales, junqueras.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Herbazais húmidos mediterráneos de grandes herbas e xuncáceas, amplamente distribuídos ao longo da cunca mediterránea e que alcanzan as costa do Mar Negro, en particular en sistemas dunares.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Formacións herbáceas dominadas por *Juncus maritimus, Scirpus holoschoenus* e *Schoenus nigricans* que crecen en áreas húmidas formadas na parte posterior de sistemas dunares actuais ou fósiles.

Fisionomía e estrutura.
Xunqueiras mestas de mediano porte (1,0-1,5 m) dominadas por *Juncus maritimus, Scirpus holoschoenus* e *Schoenus nigricans* nas que, ás veces, se atopan pés dispersos de *Salix atrocinerea*.

Variabilidade.
Trátase dun tipo de hábitat pouco variable.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Agrostis stolonifera, Agrostis reuteri, Asteriscus aquaticus, Briza minor, Carex mairii, Cirsium monspessulanum, Cirsium pyrenaicum, Cyperus longus, Dactylorhiza elata, Dorycnium rectum, Erica terminalis, Eupatorium cannabinum, Euphorbia pubescens, Galium debile, Genista tinctoria, Hypericum tetrapterum, Hypericum tomentosum, Inula viscosa, Juncus acutus, Juncus maritimus, Linum tenue, Lysimachia ephemerum, Molinia caerulea, Melica cupanii, Oenanthe lachenalii, Oenanthe pimpinelloides, Orchis laxiflora, Peucedanum hispanicum, Prunella vulgaris, Pulicaria dysenterica, Scirpus holoschoenus, Schoenus nigricans, Tetragonolobus maritimus, Trifolium resupinatum, Sanguisorba officinalis, Senecio doria, Serratula tinctoria, Silaum silaus, Sonchus maritimus ssp. *aquatilis, Succisa pratensis.*

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Juncus maritimus, Oenanthe lachenalii, Salix atrocinerea, Scirpus holoschoenus, Schoenus nigricans.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Spiranthes aestivalis.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE MOLINIO-ARRHENATHERETEA
 Orde Holoschoenetalia vulgaris
  Alianza ***Molinio-Holoschoenion vulgaris***
   As. *Carici arenariae-Juncetum acuti*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral, este tipo de hábitat aparece intercalado no seo de hábitats dunares (2130*, 2150) e, máis raramente, facendo contacto con sistemas de lagoas costeiras (1150*).

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente nos países mediterráneos e as costas atlánticas da Península Ibérica.


Distribución en Galicia

Puntual asociado aos grandes complexos dunares e de lagoas litorais.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en diversos espazos do litoral galego.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




6420 Prados húmidos mediterráneos de grandes herbas do *Molinion-Holoschoenion*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



6420 Prados húmidos mediterráneos de grandes herbas do *Molinion-Holoschoenion*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa dá Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

6420 Prados húmidos mediterráneos de grandes herbas do *Molinion-Holoschoenion*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Detalle das características inflorescencias de *Scirpus holoschoenus*, especie típica do hábitat 6420, en Praia da Ladeira (Ribeira).



Vista dunha das representacións do hábitat "6420 Prados húmidos mediterráneos de grandes herbas do *Molinion-Holoschoenion*" existente en Olveira (Ribeira).

6420 Prados húmidos mediterráneos de grandes herbas do *Molinion-Holoschoenion*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Soamente se ten constancia do seu aproveitamento puntual coma forraxe mediante sega ou pastoreo directo.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística, grao de cobertura e estrutura da vexetación que caracteriza a este tipo de hábitat é un indicador fiable do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A drenaxe e aproveitamento pastoral intensivo levan consigo unha deterioración apreciable do estado de conservación deste tipo de hábitat. O tránsito humano reiterado e o de vehículos a través do hábitat contribúen á súa deterioración.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O manexo pouco intenso da vexetación herbácea que caracteriza este tipo de hábitat contribúe ao mantemento nun estado de conservación favorable. A restauración da dinámica hidrolóxica naqueles casos en que foi perturbada propicia a recuperación dun estado de conservación favorable.

Bibliografía

Izco & Sánchez (1996) e datos propios.

6 Formacións herbosas naturais e seminaturais.

6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.

Correspondencias

Paleartic	37.7 y 37.8
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	Hydrophilous tall herb fringe communities of plains and of the montane to alpine levels.
Castelán	Megaforbios eutrofos hidrófilos de las orlas de llanura y de los pisos montano a alpino

Denominación vulgar

Galego	Non se coñece unha denominación específica para este tipo de hábitat en galego. Polo xeral adoita englobarse nas acepcións "ribeira" ou "veiga".
Castelán	Ribazos.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Comunidades megafórbicas nitrófilas de bordos de cursos fluviais e lindeiros de bosque pertencentes ás ordes *Glechometalia hederaceae* e *Convolvuletalia sepium* (*Senecion fluviatilis, Aegopodion podagrariae, Convolvulion sepium, Filipendulion*)(37.7).
Comunidades megafórbicas perennes dos pisos montano a alpino da clase *Betulo-Adenostyletea* (37.8).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Comunidades de grandes herbas desenvolvidas baixo o ambiente (sub)nemoral de diversos tipos de bosques, en particular de formacións riparias así como bosques de carácter pantanoso. Nas áreas de topografía achairada (veigas) é frecuente que ocupen os solos máis húmidos das terrazas fluviais carentes de vexetación arborada. Nas montañas, este tipo de hábitat soporta unha vexetación de caracter megafórbico instalada en áreas fontinais e bordos de regueiros dentro dos pisos supra e orotemperado.
Fisionomía e estrutura.
Trátase de comunidades dominadas por especies herbáceas perennes de gran talla (1-2 m de altura), incluídas nas familias *Umbelliferae, Liliaceae, Rosaceae* e *Compositae*, que alcanzan unha cobertura practicamente total e unha gran biomasa. Na maioría dos casos trátase de manifestacións de carácter lineal, dispostas paralelamente ás canles fluviais, bordos de camiños ou na periferia de masas arboradas.
Variabilidade.
As variantes máis estendidas polas áreas baixas (pisos termo e mesotemperado) aparecen ligadas aos hábitats riparios e nelas adoitan ser frecuentes *Filipendula ulmaria, Sparganium erectum* subsp. *neglectum, Iris pseudacorus, Oenanthe crocata e Eupatorium cannabinum*. Pola súa banda, as comunidades megafórbicas supra e orotemperadas están caracterizadas pola presenza de *Adenostyles alliaria* subsp. *hybrida, Allium victorialis, Aconitum napellus* subsp. *neapolitanum, Chaerophyllum hirsutum, Ranunculus aconitifolius, Trollius europaeus, Valeriana pyrenaica* e *Veratrum album*.

6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
37.7: *Aegopodium podagraria, Alliaria petiolata, Angelica archangelica, Chaerophyllum hirsutum, Cirsium oleraceum, Crepis paludosa, Epilobium hirsutum, Filipendula ulmaria, Geranium robertianum, Glechoma hederacea, Lamium album, Lysimachia punctata, Lythrum salicaria, Petasites hybridus, Senecio fluviatilis, Silene dioica.* **37.8:** *Aconitum lycoctonum* (=*A. vulparia*), *Aconitum napellus, Adenostyles alliariae, Calamagrostis arundinacea, Cicerbita alpina, Cirsium helenioides, Digitalis grandiflora, Geranium sylvaticum, Peucedanum ostruthium, Trollius europaeus*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Adenostyles alliariae subsp. *hybrida, Allium victorialis, Chaerophyllum hirsutum, Eupatorium cannabinum, Filipendula ulmaria, Oenanthe crocata, Picris hieracioides, Ranunculus aconitifolius, Thalictrum speciosissimum, Valeriana pyrenaica, Veratrum album.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Scrophularia herminii.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE GALIO-URTICETEA
- **Orde Convolvuletalia sepium**
  - ***Alianza Filipendulion ulmariae***
    - As. *Oenantho crocatae-Filipenduletum ulmariae*
    - As. *Senecioni laderoi-Filipenduletum ulmariae*
  - ***Alianza Bromo ramosi-Eupatorion cannabini***
    - As. *Picrido hieracioidis-Eupatorietum cannabini*

CLASE MULGEDIO-ACONITETEA
- **Orde Adenostyletalia**
  - ***Alianza Adenostylion alliariae***
    - **Subalianza Adenostylenion pyrenaicae**
      - As. *Allio victorialis-Adenostyletum pyrenaicae*
      - As. *Myrrhido odoratae-Valerianetum pyrenaicae*

Hábitats asociados ou en contacto

Dentro dos pisos meso e supratemperado, as representacións deste tipo de hábitat aparecen maioritariamente asociadas a ripisilvas (91E0*) e pequenos regueiros que circulan polo interior de diversos tipos de bosques (9120, 9180*, 9260, 9230, 9380). Nos niveis orotemperados adoitan facer contacto con hábitats turbosos e queirogais secos ou higrófilos (7110*, 4020*, 4030).

6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente na maioría dos países da UE.


Distribución en Galicia

Este tipo de hábitat atópase representado por toda Galicia, incrementándose a súa variabilidade cara ás áreas montañosas do interior.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente na maioría dos espazos galegos.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



6 Formacións herbosas naturais e seminaturais.

6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	●
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	●
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	●
ES1110016	Río Tambre	C	●
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	●
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●
ES1120008	Monte Faro	Lu	●
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	●
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	●
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	●
ES1140003	A Ramallosa	Po	●
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	●
ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	●
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	●

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES0000374	Ancares	Lu	●

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	●
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista parcial dunha representación do hábitat "6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino" (Meira).



Formación megafórbica asociada a un manancial situado no piso supratemperado (Devesa da Rogueira, Folgoso do Courel).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñecen aproveitamentos tradicionais deste tipo de hábitat, se se exceptúa a recolección dalgunhas das especies presentes para o seu uso medicinal (*Valeriana pyrenaica*, *Angelica sylvestris, Equisetum arvense, Equisetum telmateia, Filipendula vulgaris, Eupatorium cannabinum*, etc.).

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A fisionomía e composición florística son os indicadores máis fiables do estado de conservación deste tipo de hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A drenaxe e aproveitamento pastoral intensivo levan consigo unha deterioración apreciable do estado de conservación deste tipo de hábitat. A recolección excesiva de especies medicinais altera a súa composición florística e estrutura.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O manexo pouco intenso da vexetación herbácea que caracteriza este tipo de hábitat contribúe ao mantemento nun estado de conservación favorable do hábitat.

Bibliografía

Guitián (1984b), Izco et al. (1986a), Ortiz (1986), Fernández Prieto et al. (1987a), Silva-Pando (1990) Giménez de Azcarate (1993 a, 1993b), Rodríguez Guitián & Guitián Rivera (1993a), Díaz González & Fernández Prieto (1994) e datos propios.

6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Correspondencias

Palearctic	38.2.
Ramsar	Ts.
IHG	2.6.2.4.

Denominación oficial

Inglés	Lowland hay meadows (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).
Castelán	Prados pobres de siega de baja altitud (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*)

Denominación vulgar

Galego	Prados.
Castelán	Prados.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Prados de sega ricos en especies, sobre solos lixeira a moderadamente fertilizados das chairas e niveis submontanos, pertencentes ás alianzas *Arrhenath*erion e *Brachypodio-Centaureion nemoralis*. Estes prados extensivos son ricos en especies de floración aparente e adóitanse cortar unha ou dúas veces ao ano, unha vez florecidas as gramíneas.

Observacións: a tradución ao castelán do enunciado desta categoría introduciu un concepto pexorativo ("pobres") non contemplado na redacción orixinal en inglés. De feito, este tipo de hábitat pode alcanzar unha diversidade florística superior á dos prados de sega de montaña.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Prados de sega situados nos fondos de val e veigas dos pisos termo e mesotemperado, sobre solos derivados de rochas silíceas, mantidos en produción mediante unha profusa rede de canles de rega ou de drenaxe ("*regos*").

Fisionomía e estrutura.
Formacións herbáceas densas, de ata 80-100 cm de altura, dominadas por diversas especies de gramíneas (*Anthoxanthum odoratum, Arrhenatherum elatius* subsp. *bulbosus, Bromus hordeaceus, Cynosusus cristatus, Dactylis glomerata, Gaudinia fragilis, Holcus lanatus, Lolium perenne, Trisetum flavescens*), leguminosas (*Trifolium dubium, Trifolium pratense, Trifolium repens, Medicago sativa, Lotus pedunculatus*) e outras plantas herbáceas pertencentes a diversas familias botánicas (*Achillea millefolium, Bellis perennis, Cardamine pratensis, Cerastium vulgare, Crepis capillaris, Daucus carota, Linum bienne, Malva moschata, Plantago lanceolata, Ranunculus bulbosus, Rhinanthus minor*).

Variabilidade.
O nivel de encharcamento ou rega aplicado á vexetación característica deste hábitat condiciona a súa composición florística.

6 Formacións herbosas naturais e seminaturais.

6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Alopecurus pratensis, Arrhenatherum elatius, Campanula patula, Centaurea jacea, Crepis biennis, Daucus carota, Knautia arvensis, Leontodon hispidus, Leontodon nudicaulis, Leucanthemum vulgare, Linum bienne, Malva moschata, Oenanthe pimpinelloides, Pimpinella major, Rhinanthus lanceolatus, Sanguisorba officinalis, Serapias cordigera, Tragopogon pratensis, Trisetum flavescens.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Achillea millefolium, Anthoxanthum odoratum, Arrhenatherum elatius subsp. bulbosus, Bellis perennis, Bromus hordeaceus, Cardamine pratensis, Cerastium vulgare, Crepis capillaris, Cynosusus cristatus, Dactylis glomerata, Gaudinia fragilis, Holcus lanatus, Lolium perenne, Linum bienne, Lotus pedunculatus, Malva moschata, Medicago sativa, Plantago lanceolata, Ranunculus bulbosus, Rhinanthus minor,Trifolium dubium, Trifolium pratense, Trifolium repens, Trisetum flavescens.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Arnica montana, Narcissus bulbocodium, N. cyclamineus, N. pseudonarcissus subsp. *nobilis, N. triandrus.*

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE MOLINIO-ARRHENATHERETEA
Orde Arrhenatheretalia
Alianza Cynosurion cristati
As. *Caro verticillati-Cynosuretum cristati*
As. *Liño angustifolii-Cynosuretum cristati*
As. *Merendera pyrenaicae-Cynosuterum cristati*
As. *Anthemido nobilis-Cynosuretum cristati*

Hábitats asociados ou en contacto

Na maior parte dos casos, este tipo de prados contacta con diversos tipos de bosques (91E0*, 9120, 9230) e matogueiras secas (4030).



Sistemas de prados de sega de baixa altitude entre Cádavos e Manzalvos (A Mezquita).

6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente representando nos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat amplamente representado en Galicia, preferentemente en áreas litorais, depresións e montañas baixas interiores.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat presente nun elevado número de espazos.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	●
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	●
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	●
ES1110016	Río Tambre	C	●
ES1120001	Ancares-Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	●
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●
ES1120008	Monte Faro	Lu	●
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	●
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	●
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	●
ES1140003	A Ramallosa	Po	●
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	●
ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	●
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	●

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	●
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Aspecto dunha representación do hábitat "6510 Prados de sega de baixa altitude" localizado nas coñecidas como "Brañas de Laíño" (Dodro).



Aspecto preestival dun prado de sega de áreas baixas (hábitat 6510) na Terra Chá luguesa (Reibocha, Vilalba) na que se pode ver unha nutrida poboación de árnica.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Produción de feo e, secundariamente, pasto de dente para o gando vacún.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e o funcionamento dos sistemas de rego son indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O abandono das prácticas tradicionais de mantemento deste tipo de hábitats está a derivar na súa progresiva substitución por formacións vexetais de diverso tipo, tanto herbáceas megafórbicas (6430), como por diversos tipos de matogueiras ou, en áreas de interior, espiñais ou abeledos. Con certa frecuencia realizáronse en épocas recentes repoboacións forestais con diferentes especies (castiñeiro, eucalipto, *Pinus radiata, Pinus sylvestris*, *Pseudotsuga menziesii*, etc.) sobre este tipo de hábitat. Noutros casos, a sementeira de especies forraxeiras seleccionados agronómicamente con posteridade á realización de labores de fresado ou gradado, supón unha transformación dificilmente reversible do hábitat. O encalado modifica a súa composición florística e pode ser responsable da desaparición de poboacións de especies de interese para a conservación, como a árnica.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento dos sistemas de rego e a práctica da sega son indispensables para o mantemento deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Tüxen & Oberdorfer (1958), Bellot (1968), Bellot & Casaseca (1956, 1959), Mato (1963), Castroviejo (1972), Morla (1993), Guitián (1984b), Ortiz (1986), Soñora (1989), Silva-Pando (1990), Giménez de Azcárate (1993 a, 1993b), Romero (1993), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Pulgar (1999), Izco et al. (2001) e datos propios.

6 Formacións herbosas naturais e seminaturais.

6520 Prados de sega de montaña.

Correspondencias

Paleartic	38.31.
Ramsar	Ts.
IHG	2.6.2.4.

Denominación oficial

Inglés	Mountain hay meadows.
Castelán	Prados de siega de montaña.

Denominación vulgar

Galego	Prados.
Castelán	Prados.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Prados de sega mesófilos ricos en especies dos pisos montano a subalpino (polo xeral por enriba dos 600 m de altitude) a miúdo dominados por *Trisetum flavescens* e con *Heracleum sphondylium, Viola cornuta, Astrantia major, Carum carvi, Crepis mollis, C. pyrenaica, Polygonum bistorta, Silene dioica, S. vulgaris, Campanula glomerata, Salvia pratensis, Centaurea nemoralis, Anthoxanthum odoratum, Crocus albidus, Geranium phaeum, G. sylvaticum, Narcissus poeticus, Malva moschata, Valeriana repens, Trollius europaeus, Pimpinella major, Muscari botryoides, Linum bulbiferum, Thlaspi caerulescens, Viola tricolor* subsp. *alpina, Phyteuma halleri, P. orbiculare, Primula elatior, Cherophyllum hirsutum* e moitas outras especies.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Prados de sega irrigados asentados sobre solos de lixeiramente ácidos a neutros dentro dos niveis mesotemperado superior e, puntualmente, supratemperado inferior, baixo ombroclimas húmido superior e hiperhúmido.

Fisionomía e estrutura.
Formacións herbáceas densas de cobertura total e altura próxima a un metro no momento previo á súa sega.

Variabilidade.
Trátase dun tipo de hábitat pouco variable en Galicia.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Alchemilla spp., *Anthoxanthum odoratum, Astrantia major, Campanula glomerata, Carum carvi, Centaurea nemoralis, Chaerophyllum hirsutum, Cirsium heterophylum, Crepis mollis, Crepis pyrenaica, Crocus albiflorus, Geranium phaeum, Geranium sylvaticum, Heracleum sphondylium, Lilium bulbiferum, Malva moschata, Muscari botryoides, Narcissus poeticus, Phyteuma halleri, Phyteuma orbiculare, Pimpinella major, Polygonum bistorta, Primula elatior, Salvia pratensis, Silene dioica, Silene vulgaris, Thlaspi caerulescens, Trisetum flavescens, Trollius europaeus, Valeriana repens, Viola cornuta, Viola tricolor* ssp. *subalpina.*

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Alchemilla spp., *Anthoxanthum odoratum, Arrhenatherum elatius* subsp. *bulbosum, Arnica montana, Astrantia major, Bellis perennis, Bromus hordeaceus, Chaerophyllum hirsutum, Cynosurus cristatus, Dactylis glomerata, Geranium sylvaticum, Heracleum sphondylium, Holcus lanatus, Lolium perenne, Malva moschata, Narcissus asturiensis, N. pseudonarcissus* subsp. *nobilis, Plantago lanceolata, Pimpinella major, Polygonum bistorta, Primula elatior, Rhinantus minor, Silene dioica, Silene vulgaris, Trifolium pratense, Trifolium repens, Trifolium dubium, Trisetum flavescens.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Arnica montana, Narcissus asturiensis, N. bulbocodium, N. pseudonarcissus subsp. *nobilis, N. triandrus.*

6520 Prados de sega de montaña.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE MOLINIO-ARRHENATHERETEA
Orde Arrhenatheretalia
Alianza Arrhenatherion
As. *Malvo moschatae-Arrhenatheretum bulbosi*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral este tipo de hábitat establece contacto con bosques de ribeira (91E0*) e diversos tipos de bosques climatófilos (9120, 9180*, 9230) así como con outros tipos de hábitats herbáceos (6210, 6510).



Prados de sega de montaña (hábitat 6520) seguindo o val do río Conso, nas inmediacións de Pradoalbar (Vilariño de Conso).

6 Formacións herbosas naturais e seminaturais.

6520 Prados de sega de montaña.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Frecuente nas áreas de montaña da maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat restrinxido ás áreas de montaña da metade oriental de Galicia (Ancares, Courel, Macizo Central, montañas de Trevinca-Segundeira).

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Restrinxido a uns poucos espazos do oriente galego.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




6520 Prados de sega de montaña.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



6 Formacións herbosas naturais e seminaturais.

6520 Prados de sega de montaña.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Ancares-Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Prados de sega de montaña no Val de Visuña (Folgoso do Courel).



Rechamante aspecto primaveral dun prado de sega de montaña no que se aprecia unha numerosa poboación de *Narcisus pseudonarcisus* subsp. *nobilis* (Cervantes).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Este hábitat foi manexado tradicionalmente para a produción de feo e o pastoreo directo en casos puntuais.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e o funcionamento dos sistemas de rego son indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O abandono das prácticas tradicionais de mantemento deste tipo de hábitats está a derivar na súa progresiva substitución por formacións vexetais de diverso tipo, tanto herbáceas megafórbicas (6430), como por espiñais ou abeledos. Con certa frecuencia realizáronse en épocas recentes repoboacións forestais con diferentes especies (castiñeiro, eucalipto, *Pinus radiata, Pinus sylvestris*, *Pseudotsuga menziesii*, etc.) sobre este tipo de hábitat. A fertilización mineral e a sementeira con pratenses seleccionadas levan consigo cambios na composición florística característica deste tipo de prados de sega.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento dos sistemas de rego e a práctica da sega son indispensables para o mantemento deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Izco & Guitián (1982), Morla (1983), Guitián (1984b), Izco et al. (1985a), Giménez de Azcárate (1993) e datos propios.

3.7 TURBEIRAS E ÁREAS LAMACENTAS

3.7 TURBEIRAS E ÁREAS LAMACENTAS

O concepto de turbeira está suxeito a unha gran controversia, maior mesmo que o do propio termo humidal. Turba procede da voz xermánica "turf" e fai referencia ao combustible fósil formado por residuos vexetais acumulados en sitios pantanosos, de cor escura, aspecto terroso e pouco peso, e que ao arder produce fume denso. Esta visión utilitarista é recollida, entre outros, no Dicionario da Real Academia da lingua Española.

O termo turbeira esténdese nos países latinos dende o ámbito das ciencias xeolóxicas para designar os depósitos onde xace a turba. Pola contra, na terminoloxía popular este tipo de medio desígnase ben polas características inestables do terreo, que treme ao camiñar sobre el (tremoal, tremo; en castelán: trampal, tremedal, tremadal), ou en relación ao seu aproveitamento vernal como pasto para a gandaría extensiva (branda, braña, brañón).

En Inglaterra e Irlanda o termo turba (en inglés *peat*) relaciónase con dous tipos fundamentais de ecosistemas, os *Fens* ou turbeiras baixas e os Bogs *ou* turbeiras altas. O termo *Peatland* divulgouse para abranguer ambos os dous tipos de turbeiras dende unha perspectiva económica derivada da industrialización da extracción de turba para o seu uso como combustible ou na agricultura.

Deste modo, o vocábulo *peatland* adquire internacionalmente o significado de depósito turboso, acepción na que non se considera o tipo de biocenose establecida na súa superficie ou as condicións hidrolóxicas desta. Así, dentro do termo *peatland* inclúense tanto medios carentes de vexetación como outros nos que se desenvolven comunidades vexetais turfófilas ou non turfófilas.

O criterio clave para a súa identificación é simplemente a presenza de turba, aínda que non existe un acordo unánime para a súa delimitación. Na maioría das propostas de clasificación limítanse as turbeiras aos depósitos de turba que superan o intervalo de 50 a 30 cm de potencia, denominándose para-turbeiras cando a potencia é inferior.

A turba (*peat*) é unha mestura máis ou menos heteroxénea de material vexetal descomposto (humus), que foi acumulado en ambientes saturados en auga e con baixas concentracións de O_2, de modo que a auga representa o 95% do peso total da turba, e unicamente o 5% restante corresponde a material sólido. A súa estrutura pode variar dende unha serie de restos vexetais máis ou menos descompostos (e polo tanto máis ou menos recoñecibles) ata unha tenue masa coloidal amorfa. As taxas de acumulación do material vexetal son maiores naqueles territorios nos que a temperatura é o suficientemente elevada como para permitir o desenvolvemento vexetal, pero á súa vez é abondo baixa como para ralentizar a actividade dos microorganismos descompoñedores.

Fronte ao carácter restritivo do termo inglés *Peatland* oponse a voz sueca *Mire*, empregada para designar aqueles medios nos que existen biocenoses e características hidrolóxicas propicias para a formación de turba, independentemente da súa potencia, ou mesmo da propia existencia dun sedimento turboso. Neste sentido R. Hofstetter considera no seu artigo "Definition and types of Wetland" publicado na International Mire Conservation Group (IMCG, 1998) que as *peatlands* non se corresponden cun tipo de humidal, senón cunha área xeográfica onde existe unha deposición predominante de turba, mentres que os *mires* constitúen un tipo concreto de humidal, no que a vexetación e as augas superficiais se atopan illadas de sedimentos minerais subxacentes por unha capa suficientemente grosa de sedimentos orgánicos que se acumulan no transcurso do desenvolvemento de vexetación.

Na convención de Ramsar a delimitación dos tipos de humidais palustres realízase a partir de criterios botánicos. Nos informes técnicos relativos á delimitación ou designación de turbeiras como humidais de importancia internacional mantense o uso diferencial entre *peatland* e *mire*.

Os hábitats turbosos son un dos tipos de hábitats que máis sufriron os efectos negativos das actividades humanas, ata o punto de chegar a desaparecer de amplas áreas en determinados países europeos. Na actualidade seguen soportando unha presión elevada, xa que sobre elas se levan a cabo moitos tipos de aproveitamentos que non son compatibles coa súa conservación (desecamentos, transformacións para usos agrícolas ou forestais, obtención de turba para xardinaría e combustible, instalación de áreas industriais, etc.).

As peculiaridades biolóxicas e ecolóxicas deste grupo de hábitats, o feito de albergar especies de seres vivos exclusivos e o seu declive acelerado foron factores que levaron a incluír no Anexo I da Directiva a práctica totalidade de tipoloxías de sistemas turbófilos existentes no continente europeo. Hai que sinalar a este respecto, que a denominación dada a cada un dos tipos de turbeiras contemplados na Directiva 92/43/CEE segue fundamentalmente sistemas de clasificación desenvolvidos en países anglosaxóns e escandinavos, cos que é difícil establecer paralelismos tanto nomenclaturales como de tipoloxías dentro do ámbito meridional europeo en xeral, e do ibérico en particular (Ramil-Rego et al. 1996, Izco et al. 2001). De feito, e despois de máis de século e medio de estudios neste campo, non existe unha clasificación de turbeiras de validez e aplicación universal.

Dentro do grupo de hábitats turbosos, a Directiva 92/43/CEE establece tres grandes categorías, dentro das que as dúas primeiras teñen representación dentro do territorio galego: **71. Turbeiras acedas de esfagnos** e de **72. Áreas lamacentas calcarias**. A terceira (Turbeiras boreais) non se atopa, por razóns bioxeográficas obvias, presente en Galicia.

Grupos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia	
7. TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS	
71. Turbeiras acedas de esfagnos	●
72. Áreas lamacentas calcarias	●
73. Turbeiras boreais	

Grupo de hábitats presente en Galicia [●]

Táboa 30.- Subgrupos de hábitats de turbeiras e áreas pantanosas establecidos no Anexo I da DC 92/43/CEE e distribución no territorio de Galicia.

A frecuencia dos hábitats de interese comunitario do grupo Turbeiras altas, turbeiras baixas (fens e mires) e áreas lamacentas nos lugares da Rede Natura 2000 de Galicia presenta, como noutros grupos, variacións de consideración. Os hábitats que máis se repiten nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e nas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) galegas son os tipos Nat2000 7110* – Turbeiras altas activas, Nat2000 7140 – 'Mires' de transición e Nat2000 7150 – Depresións sobre sustratos turbosos do *Rhynchosporion*, todos eles pertencentes ao subgrupo de hábitats Turbeiras acedas de esfagnos. En sentido inverso, os hábitats cuxa distribución é máis limitada na Rede Natura 2000 de Galicia, atópanse os tipos Nat2000 7120 – Turbeiras altas degradadas, Nat2000 7130 – Turbeira de cobertor (* para as activas) e Nat2000 7230 – Turbeiras baixas alcalinas, destacando o tipo Nat2000 7130* só presente en 2 LIC (Serra do Xistral e Costa Ártabra).

Distribución idealizada de hábitats turfófilos nas Serras Setentrionais de Galicia




Figura 25. – Distribución idealizada dos principais hábitats turfófilos nas Serras Setentrionais de Galicia (O Xistral)

Distribución idealizada de hábitats turfófilos nas serras setentrionais de Galicia




Figura 26. – Distribución idealizada de hábitats turfófilos nas serras setentrionais de Galicia

En canto aos datos de superficie estimados para este grupo de hábitats na Rede Natura 2000 de Galicia, cabe destacar o tipo Nat2000 7130*, por resultar o que maior superficie posúe (máis de 2.500 ha), concentrándose na súa maioría nun único LIC, Serra do Xistral. A continuación situase outro hábitat prioritario, o tipo Nat 2000 7110* – Turbeiras altas activas, cunha extensión que supera as 2.000 ha . Por outro lado, os hábitats do grupo de turbeiras e áreas lamacentas cunha menor superficie na Rede Natura 2000 son coincidentes con todos aqueles pertencentes ao subgrupo Áreas lamacentas calcáreas, é dicir, os tipos Nat2000 7210* – Turbeiras calcarias de *Cladium mariscus* e especies do *Caricion davallianae,* Nat2000 7220* – Mananciais petrificantes con formación de "tuf" (*Cratoneurion*) e Nat2000 7230 – Turbeiras baixas alcalinas, sendo este último o de menor extensión no territorio, ao non superar as 10 ha.

Atendendo á distribución en Europa do hábitat prioritario Nat2000 7110* – Turbeiras altas activas segundo a información da Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA) cabe sinalar a ausencia deste hábitat en practicamente todo o territorio español, existindo unha clara discontinuidade entre Galicia e Francia. Non é o único hábitat de turbeira cuxa distribución europea de acordo coa EEA é máis que dudosa, tal é o caso do tipo Nat2000 7130* – Turbeiras de cobertor activas, cuxa área de presenza no Norte Peninsular non debería ser tan estendida, ou no caso do tipo Nat2000 7140 – Mires de transición no que se repetiría a mesma situación que o tipo Nat2000 7110*. Engadir ademais, que os erros por omisión, teñen certa gravidade ao tratar con hábitats tipificados como prioritarios, cunha importancia manifesta no contexto ambiental europeo.

Distribución do hábitat Nat2000 7110* – Tubeiras altas activas




Figura 27. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 7110* – Turbeiras altas activas Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 7130* – Tubeiras de cobertor activas



Figura 28. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 7130* – Turbeiras de cobertor activas Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 7140 – 'Mires' de transición





Figura 29. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 7140 – 'Mires' de transición Fte. EEA

Distribución dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000



Hábitat		LIC	ZEPA	RN2000
7110	✶	21	4	25
7120		4	-	4
7130	✶	2	-	2
7140		21	4	25
7150		20	4	24
7210	✶	7	6	13
7220	✶	13	7	20
7230		3	-	3

Figura 30.- Número de espazos Rede Natura 2000 con presenza de hábitats de interese comunitario do grupo Turbeiras altas, turbeiras baixas (fens e mires) e áreas lamacentas na Rede Natura 2000 en Galicia

Superficie dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000




Figura 31 - Superficies en hectáreas dos hábitats de interese comunitario do grupo turbeiras altas, turbeiras baixas (fens e mires) e áreas lamacentas na Rede Natura 2000 en Galicia

TURBEIRAS ACEDAS DE ESFAGNOS

Dentro do conxunto de hábitats incluídos na categoría de Turbeiras acedas de esfagnos, a Directiva 92/43/CEE contempla seis grupos dos que cinco están representados en Galicia: dous deles, **Nat2000 7110* - Turbeiras altas activas** e **Nat2000 7130 - Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)** son de tipo prioritario, mentres que o resto (**Nat2000 7120 - Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural, Nat2000 7140 - 'Mires' de transición** e **Nat2000 7150 - Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion***) son considerados como de interese comunitario.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE


7. TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS

Código		Designación oficial	G
71. Turbeiras ácidas de esfagnos.			
7110	✶	Turbeiras altas activas	●
7120		Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural	●
7130	✶	Turbeiras de cobertor (✶ para as turbeiras activas)	●
7140		'Mires' de transición	●
7150		Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*	●
7160		Manánciais ricos en minerais e surxencias de fens	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 31.- Hábitats de Turbeiras acedas de esfagnos segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

Distribución idealizada de hábitats nunha turbeira alta activa



Unidades e tipos de hábitats englobados dentro dunha turbeira alta activa: Grandes abombamentos (a); Pequenos abombamentos (b); Comunidades de *Arnica montana* (c); Pequenos cursos de auga (d); Xunqueiras turbófilas (e); Comunidades de *Sphagnum pylaesii* (f); Comunidades de *Eryphorum angustifolium* (g)

Figura 32. – Distribución idealizada de hábitats nunha turbeira alta activa




Figura 33. – Unidades cartográficas con presenza do hábitat Nat2000 7110* – Turbeiras altas activas




Figura 34. – Unidades cartográficas con presenza do hábitat Nat2000 7130* – Turbeiras de cobertor activas

ÁREAS LAMACENTAS CALCARIAS

No Anexo I da Directiva 92/43/CEE figuran catro grupos de hábitats dentro da categoría de Áreas lamacentas calcarias das que tres están representadas no territorio galego: **Nat2000 7210* - Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae***, Nat2000 **7220* - Mananciais petrificantes con formación de tuf *(Cratoneurion)*** e **Nat2000 7230 - Turbeiras baixas alcalinas**.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE			
7. TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS			
Código		**Designación oficial**	**G**
72. Áreas pantanosas calcarias.			
7210	✶	Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*.	●
7220	✶	Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).	●
7230		Turbeiras baixas alcalinas.	●
7240	✶	Formacións pioneiras alpinas de *Caricion bicoloris-atrofuscae*.	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 32.- Hábitats de Áreas pantanosas calcarias segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7110* Turbeiras altas activas.

Correspondencias

Paleartic	51.1.
Ramsar	U, W.
IHG	2.3.2, 2.6.2.2.

Denominación oficial

Inglés	Active raised bogs
Castelán	Turberas altas activas.

Denominación vulgar

Galego	Brañas, tremoais, barreiras
Castelán	Turberas, tremedales

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Turbeiras ácidas, ombrotróficas, pobres en nutrientes minerais, sostidas basicamente por auga de chuvia, co nivel freático máis elevado que o contorno e con vexetación perenne caracterizada pola abundancia de esfagnos de rechamantes cores (*Erico-Sphagnetalia megallanici, Scheuchzerietalia palustris* p.p., *Utricularietea intermedio-minoris* p.p., *Caricetalia fuscae* p.p.). O termo "activas" debe interpretarse como indicativo da existencia de procesos de formación de turba nunha superficie significativa do hábitat e non necesariamente na súa totalidade, dado que a acumulación de restos orgánicos vexetais varía con ciclos climáticos, períodos de seca ou con posterioridade a sufrir un incendio.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Hábitats turbosos activos desenvolvidos sobre turba ácida (pH 3,5-4,5) que se localizan en áreas con dificultades de drenaxe (fondos de val, cubetas glaciares colmatadas, ladeiras asociadas a mananciais ou surxencias de auga, beiras de charcas permanentes, etc.). Distribúense principalmente polos pisos meso e supratemperado, con presenzas puntuais no termotemperado e orotemperado.

Fisionomía e estrutura.
Trátase de hábitats complexos constituídos por un número elevado de comunidades vexetais que presentan unha densa cobertura e nas que os cárices, gramíneas e brións representan a proporción maioritaria das especies presentes.

Variabilidade.
Nas partes máis húmidas e pequenas depresións dominan os briófitos (*Sphagnum* spp.) entre os que se intercalan diversas especies vasculares higrófilas (*Eriophorum angustifolium, Arnica montana, Viola palustris, Eleocharis multicaulis, Molinia caerulea, Parnassia palustris, Narthecium ossifragum*, *Carex* spp. etc.), mentres que cara aos bordos enriquécense en especies leñosas, como *Calluna vulgaris, Erica mackaiana* ou *E. tetralix, Genista anglica, G. berberidea ou G. micrantha*.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7110* Turbeiras altas activas.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Liques:
Cladonia spp.
Brións e Plantas:
***Erico-Sphagnetalia magellanici*:** *Andromeda polifolia, Carex pauciflora, Drosera rotundifolia, Eriophorum vaginatum, Odontoschisma sphagni, Sphagnum magellanicum, Sphagnum imbricatum, Sphagnum fuscum, Vaccinium oxycoccos.* **Na Rexión Boreal tamén:** *Betula nana, Chamaedaphne calyculata, Calluna vulgaris, Ledum palustre, Sphagnum angustifolium.* ***Scheuchzerietalia palustris* p., *Utricularietalia intermedio-minoris* p., *Caricetalia fuscae* p.:** *Carex fusca, Carex limosa, Drosera anglica, Drosera intermedia, Eriophorum gracile, Rhynchospora alba, Rhyncospora fusca, Scheuchzeria palustris, Utricularia intermedia, Utricularia minor, Utricularia ochroleuca.* **Na Rexión Boreal tamén:** *Sphagnum balticum, Sphagnum majus.*
Animais:
Odonatos: *Aeshna subartica, Aeshna caerulea, Aeshna juncea, Leucorrhinia dubia, Somatochlora arctica, Somatochlora alpestris.* **Lepidópteros:** *Boloria aquilonaris, Coenonympha tullia, Colias palaeno, Eugraphe subrosea, Hypenodes turfosalis, Vacciniina optilete.* **Arácnidos:** *Glyphesis cottonae, Pardosa sphagnicola.* **Insectos:** *Formica transkaucassia, Metrioptera brachyptera, Stethophyma grossum.*

Especies indicadoras para Galicia

Liques:
Cladonia spp.
Plantas:
Anagallis tenella, Arnica montana, Calluna vulgaris, Drosera intermedia, Drosera rotundifolia, Eleocharis multicaulis, Erica mackaiana, Erica tetralix, Eriophorum angustifolium, Genista anglica, Genista berberidea, Genista micrantha, Narthecium ossifragum, Pinguicula lusitanica, Pinguicula vulgaris, Scirpus caespitosus subsp. *germanicus, Sphagnum capillifolium, Sphagnum cuspidatum, Sphagnum papillosum, Sphagnum recurvum, Sphagnum russowii, Sphagnum tenellum, Sphagnum subnitens, Viola palustris.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Liques:
Cladonia spp.
Brións:
*Sphagnum pylaesii**, *Sphagnum* spp.
Plantas:
Arnica montana, Narcissus bulbocodium

Correspondencia fitosociolóxica

Clase Oxycocco-Sphagnetea
- **Orde Erico tetralicis-Sphagnetalia papillosi**
  - ***Alianza Ericion tetralicis***
    - **Subalianza Trichophorenion germanici**
      - As. *Calluno vulgaris-Sphagnetum capillifolii*
      - As. *Erico tetralicis-Trichophoretum germanici*
      - As. *Narthecio ossifragi-Sphagnetum tenelli*
  - ***Alianza Erico mackaianae-Sphagnion papillosi***
      - As. *Erico mackaianae-Sphagnetum papillosi*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita formar mosaico ou contactar con queirogais húmidos meridionais (4020*) e "Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*" (7150) así como con formacións de *Nardus* (6230*) e fomacións de megaforbios (6430)".

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7110* Turbeiras altas activas.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat con ampla representación nos países da UE, principalmente nos situados na fachada atlántica e países nórdicos.


Distribución en Galicia

Hábitat amplamente distribuído por Galicia, sobre todo na súa metade setentrional e nas áreas montañosas interiores.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Frecuente nos espazos de montaña; raro no resto.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.


7110* Turbeiras altas activas.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7110* Turbeiras altas activas.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7110* Turbeiras altas activas.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Aspecto estival dunha facies dominada por *Eriophorum angustifolium* dunha turbeira alta activa (hábitat 7110*) en Cabeza de Manzaneda



Detalle das grandes bochas de esfagnos que caracterizan moitas das representacións de turbeiras altas activas (hábitat 7110*) en Galicia (Serra de Forgoselo, A Capela).

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7110* Turbeiras altas activas.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

En grande parte de Galicia, os bordos das áreas turbosas soportaron un pastoreo ocasional durante a época estival. Nas súas partes máis accesibles realizáronse recoleccións dalgunhas especies medicinais como a árnica (*Arnica montana*) ou a drosera (*Drosera rotundifolia, Drosera intermedia*).

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e a fisionomía son os indicadores máis fiables do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O sobrepastoreo, a presión turística, a drenaxe, a apertura de viais e a instalación de parques eólicos prexudican gravemente o estado de conservación do hábitat. A sobreexplotación de especies animais e vexetais leva consigo importantes disfuncións ecolóxicas no hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento ou recuperación da dinámica hidrolóxica que caracteriza e orixina estas turbeiras contribúen positivamente a proporcionar un estado de conservación favorable. O control da presión exercida polo gando para evitar o sobrepastoreo, así como do tránsito de persoas e vehículos son fundamentais para manter o estado de conservación deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Dalda (1972), Morla (1983), Guitián (1984a), Ortiz (1986), Rodríguez-Oubiña (1986), Fernández Prieto et al. (1987b), Silva-Pando et al. (1987), Stieperaere et al. (1988), Silva-Pando (1990), Rodríguez Guitián & Guitián Rivera (1993a), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Ramil-Rego et al. (1996a), Pulgar (1999), Izco et al. (2000, 2001), Rodríguez-Oubiña et al. (2001), Izco et al. (2006) e datos propios.

7120 Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.

Correspondencias

Paleartic	51.2.
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	Degraded raised bogs still capable of natural regeneration.
Castelán	Turberas altas degradadas que todavía pueden regenerarse de manera natural

Denominación vulgar

Galego	Tremoal, barreira.
Castelán	Tremedal, turbera.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Trátase de turbeiras altas nas que se interrompeu (polo xeral debido a causas antrópicas) a hidroloxía natural do volume turboso, provocando o desecamento da súa superficie e/ou a perda ou cambio da súa composición específica. A vexetación destes lugares contén especies típicas das turbeiras altas activas, pero a súa abundancia relativa é diferente á daquelas. Os lugares que son capaces dunha rexeneración natural comprenden aqueles casos nos que é posible unha restauración hidrolóxica e, cun manexo de rexeneración axeitado, existe unha probabilidade razoable de que se restableza a formación de turba nun prazo de 30 anos. Non se consideran áreas de interese aquelas nas que existan grandes superficies de turba descuberta, as dominadas por cultivos ou pradarías intensivas ou aquelas nas que os compoñentes vexetais característicos das turbeiras altas fosen erradicados por formacións arboradas pechadas.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Áreas turbosas transformadas para o seu aproveitamento como áreas de cultivo ou pasteiros de manexo intensivo ou extensivo, nas que aínda se conservan especies características das turbeiras altas activas e nas que, restablecendo o seu réxime hidrolóxico, cabería esperar a súa recuperación como hábitats formadores de turba nun prazo relativamente curto de tempo (<30 anos).

Fisionomía e estrutura.

Nos casos máis severos, a cuberta vexetal deste tipo de hábitat está dominada por especies pratenses (*Trifolium pratense, T. repens, Dactylis glomerata, Lolium multiflorum*, etc.), entre as que sobreviven algunhas especies turfófilas de cárices (*Carex binervis, C. demissa, C. durieui, C. panicea*), Noutras situacións adoitan permanecer algunhas especies de esfagnos e, sobre todo especies leñosas (*Calluna vulgaris, Erica mackaiana, Erica cinerea*, etc.).

Variabilidade.

A variabilidade existente neste tipo de hábitat está en relación directa coa intensidade e tempo transcorrido dende a transformación realizada así como coa súa localización xeográfica. En xeral, as repoboacións forestais permiten que se manteña unha mellor representación da flora orixinal deste tipo de hábitat que cando se transforma con finalidade forraxeira.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Non se indican.

Especies indicadoras para Galicia

As especificadas para o caso das turbeiras altas activas.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

As especificadas para o caso das turbeiras altas activas.

Correspondencia fitosociolóxica

A especificada para as turbeiras altas activas.

Hábitats asociados ou en contacto

Semellantes aos comentados para o caso das turbeiras altas activas.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7120 Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

A distribución deste tipo de hábitat en Europa está ligada á das turbeiras altas activas.


Distribución en Galicia

Semellante á da das turbeiras altas activas; principalmente na metade setentrional de Galicia.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en diversos espazos do N de Galicia.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.


7120 Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7120 Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

7120 Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista parcial da Serra do Xistral na que se aprecian diversos sistemas de antigas turbeiras altas activas (7110*) (ton verde intenso), rodeados de áreas inicialmente cubertas por matogueiras húmidas atlánticas (4020*), que foron transformados en pasteiros extensivos. En ambos os dous casos poderíase recuperar o seu primitivo aspecto e funcionalidade nun curto espazo de tempo, polo que, no caso das turbeiras, se trata de representacións do hábitat 7120.



Outro exemplo de sistemas de turbeiras altas activas e matogueiras húmidas transformadas temporalmente en áreas de pasteiro mediante labores de roza (Serra de Monseibane, Vilalba)

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7120 Turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

En sentido estrito, non se coñecen aproveitamentos tradicionais deste hábitat. Con certa frecuencia, os prados de sega de áreas chairas instaláronse sobre antigas áreas turbosas a través da creación de sistemas de drenaxe. A miúdo, o seu abandono conduce á recuperación natural da vexetación típica das turbeiras altas.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística é o indicador máis fiable do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O incremento de presión gandeira ou a eliminación da flora característica das turbeiras altas dificultan a recuperación deste tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A restauración das condicións hidrolóxicas anteriores á transformación para uso agrícola ou gandeiro é un factor esencial para a recuperación do hábitat.

Bibliografía

Datos propios.

7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Correspondencias

Paleartic	52.1 y 52.2.
Ramsar	U.
IHG	2.3.1.

Denominación oficial

Inglés	Blanket bogs (* if active bog).
Castelán	Turberas de cobertura (* para las turberas activas)

Denominación vulgar

Galego	Tremoais, barreiras.
Castelán	Non existe, pois este tipo de hábitat é exclusivo de Galicia no contexto español.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Comunidades turbóxenas extensas (paisaxes), que se estenden por relevos chairos ou inclinados mal drenados en áreas de clima atlántico con altas precipitacións, características do oeste e norte das Illas Británicas e Irlanda. Salvo pola presenza de certa circulación lateral de auga, as turbeiras de cobertor son maioritariamente de caracter ombrotrófico. A miúdo recobren superficies extensas nas que, localmente, se integran outros tipos de comunidades (*Erico-Sphagnetalia magellanici*: *Pleurozio purpureae-Ericetum tetralicis, Vaccinio-Ericetum tetralicis* p.; *Scheuchzerietalia palustris* p., *Utricularietalia intermedio-minoris* p., *Caricetalia fuscae* p.). Aínda que os esfagnos desempeñan un importante papel en todos os casos, a proporción de ciperáceas é maior que no caso das turbeiras altas. O termo "activa" debe interpretarse como ocupada nunha proporción elevada por vexetación formadora de turba.
Sub tipos nas Islas Británicas:

- 52.1: Turbeiras de cobertor hiperatlánticas das costas occidentais de Irlanda, Escocia e as súas illas, Cumbria e Norte de Gales; turbeiras dominadas localmente por esfagnos (*Sphagnum auriculatum*, S. *magellanicum*, S. *compactum*, S. *papillosum*, S. *nemoreum*, S. *rubellum*, S. *tenellum*, S. *subnitens*), ou, especialmente en localidades do occidente de Irlanda, depósitos de algas mucilaxinosas (*Zygogonium*).
- 52.2: Turbeiras de cobertor de terras altas e montañas de Escocia, Irlanda, o oeste de Inglaterra e Gales.

Observacións: aínda que non se mencionan explícitamente no Manual, existen grandes sistemas turbosos desta tipoloxía nas serras da Capelada e Xistral e nos Montes do Buio, que son as representacións máis meridionais deste tipo de hábitat dentro do continente europeo (Ramil-Rego et al. 1996, Izco & Ramil-Rego 2001; Rodríguez Guitián et al. en prensa). En Galicia, este tipo de hábitat aparece representado principalmente pola variante de carácter prioritario, é dicir, turbeiras de cobertor activas (7130*). Non obstante, a vexetación dunha considerable extensión de turbeiras de cobertor activas ata época recente foi transformada debido á realización de repoboacións forestais de coníferas (*Pinus sylvestris, Pinus pinaster* e *Pinus radiata*) ou á implantación de pasteiros. Segundo os criterios expostos no "Manual de Interpretación dos Hábitats da UE", estas turbeiras de cobertor actualmente inactivas (7130) poderían, coas actuacións de restauración pertinentes, recuperar a súa capacidade natural de produción de turba nun prazo de tempo inferior a 30 anos.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Turbeiras desenvolvidas dentro do piso supratemperado baixo ombroclima ao menos hiperhúmido superior. A súa situación topográfica en cumios e partes altas de ladeiras obriga a consideralas, dende o punto de vista hidrolóxico, como turbeiras ombróxenas, posto que a grande maioría da achega de auga que as alimenta provén das precipitacións. O espesor alcanzado polos sedimentos turbosos (>50 cm) impide á vexetación a captación de recursos minerais procedentes dos materiais litolóxicos infraxacentes, polo que dende o punto de vista nutricional, cabe encadralas dentro do tipo ombrotrófico. A elevada acidez que presentan tanto os materiais turbosos, como as súas augas de infiltración e escorrentía (pH =3,4 -4,7), poñen de manifesto as condicións de oligotrofía que caracterizan estes hábitats e permiten, segundo estes criterios, a súa inclusión no grupo das turbeiras ombrotróficas oligotrofas (*oligotrofic bogs*).

Fisionomía e estrutura.
As turbeiras de cobertor activas presentan unha grande homoxeneidade florística. En conxunto caracterízanse por presentar unha cuberta herbácea extremadamente densa dominada por cárices (*Eriophorum angustifolium, Carex durieui*) e gramíneas (*Molinia caerulea*, *Avenella flexuosa*) ás que adoitan acompañar, aínda que acadando unha baixa cobertura, especies frecuentes nas matogueiras presentes no N de Galicia, como *Erica mackaiana, Erica cinerea* ou *Calluna vulgaris*. Se ben os briófitos acadan unha baixa cobertura neste tipo de turbeiras, é de destacar a relativa diversidade existente neste grupo vexetal, representado tanto por esfagnos (*Sphagnum cuspidatum, Sphagnum auriculatum, Sphagnum compactum, Sphagnum subnitens, Sphagnum russowii*) como por *Leucobryum juniperoideum, Racomitrium elongatum, Hypnum jutlandicum, Dicranella heteromala, Campylopus introflexus* ou *Polytrichum piliferum*.

Variabilidade.
A variabilidade florística destas turbeiras é debida, principalmente, a factores topo-edáficos. Nas áreas pouco inclinadas (cumios, outeiros, tramos de ladeira de escasa pendente) atópase o seu aspecto típico, caracterizado polo dominio de *Carex durieui*, *Molinia caerulea* e *Eriophorum angustifolium* e unha discreta participación de *Avenella flexuosa*, *Gentiana pneumonanthe*, *Juncus squarrosus*, *Narcissus bulbocodium, Scilla verna, Erica mackaiana* e *Calluna vulgaris*. Nos cumios e ladeiras orientadas cara ao N fanse raras varias das especies anteriores á vez que se constata a incorporación de *Narthecium ossifragum* e, máis puntualmente, *Veratrum album*. Nas orientacións solleiras sobre depósitos de turba potentes ou ben cando ten lugar unha diminución da capa turbosa con independencia da orientación, fánse dominantes *Molinia caerulea, Carex durieui* e *Avenella flexuosa,* á vez que se observa a incorporación dalgunhas especies frecuentes nas breixeiras higrófilas circundantes. Por último, nas áreas polas que se encauzan as augas de escorrentía, sobre solos resultantes da mestura de materia orgánica e partículas minerais, a vexetación vese enriquecida coa presenza de especies como *Pinguicula grandiflora, Scirpus germanicus* ou *Juncus bulbosus,* sendo relativamente frecuente *Sphagnum pylaesii*.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
52.1: *Calluna vulgaris, Campylopus atrovirens, Carex panicea, Drosera rotundifolia, Erica tetralix, Eriophorum vaginatum, Molinia caerulea, Myrica gale, Narthecium ossifragum, Pedicularis sylvatica, Pinguicula lusitanica, Pleurozia purpurea, Polygala serpyllifolia, Potentilla erecta, Racomitrium languginosum, Rhynchospora alba, Schoenus nigricans, Scirpus cespitosus, Sphagnum pulchrum, Sphagnum strictum, Sphagnum compactum, Sphagnum auriculatum.* **52.2:** *Calluna vulgaris, Diplophyllum albicans, Drosera rotundifolia, Empetrum nigrum, Erica tetralix, Eriophorum vaginatum, Mylia taylorii, Narthecium ossifragum, Rubus chamaemorus, Scirpus cespitosus, Vaccinium myrtillis*.

Animais:
Calidris alpina, Pluvialis apricaria.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Calluna vulgaris, Carex durieui, Erica mackaiana, Eriophorum angustifolium, Gentiana pneumonanthe, Molinia caerulea, Narcissus bulbocodium, Narthecium ossifragum, Scilla verna, Sphagnum pylaesii

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Mofos:
Sphagnum pylaesii, Sphagnum spp.
Plantas:
Narcissus bulbocodium.

Correspondencia fitosociolóxica

CL. OXYCOCCO-SPHAGNETEA Br.-Bl. & Tüxen ex Westhoff, Dijk & Passchier 1946
Or. Erico tetralicis-Sphagnetalia papillosi Schwickerath 1940 em. Br.-Bl. 1949
Al. Erico mackaianae-Sphagnion papillosi (F. Prieto, M.C. Fernández & Collado 1987) Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999
As.Carici durieui-Eriphoretum angustifolii ass. nova M.A. Rodríguez & Ramil
variante típica
variante de *Pedicularis sylvatica*
variante nefelófila de *Narthecium ossifragum*
As.Carici durieui-Molinietum caeruleae ass. nova M.A. Rodríguez & Ramil
facies típica
facies de *Molinia caerulea*
As.Carici durieui-Scirpetum cespitosi ass. nova M.A. Rodríguez & Ramil
variante típica
variante de *Spagnum pylaesii*

Hábitats asociados ou en contacto

As turbeiras de cobertor activas galegas establecen contacto con matogueiras húmidas meridionais (4020*), turbeiras altas activas e degradadas (7110*, 7120), "Turbeiras de transición e Illóns" (7140) e afloramentos e desprendementos rochosos silíceos (8130, 8220).



Turbeiras de cobertor activas afectadas polo sistema de viais dun parque eólico (Serra do Xistral, Lugo).

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

As turbeiras de cobertor activas son exclusivas da fachada atlántica europea (oeste de Irlanda, Escocia, Gales e Cornualles, Bretaña Francesa, Galicia).


Distribución en Galicia

Hábitat presente unicamente nalgunhas serras do N de Galicia (Capelada, Serra do Xistral e Montes do Buio).

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Exclusivo de dous espazos do N de Galicia.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.


7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista parcial do complexo de turbeiras de cobertor activas (7130*) que se estende ao longo dos cumios da Serra do Xistral (Abadín-Muras).



Aspecto dun dos cortes existentes nas turbeiras de cobertor activas que se conservan na Serra do Xistral

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

As turbeiras de cobertor activas viñeron sendo aproveitadas como lugar de pasto para o gando vacún e equino dende hai séculos.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e o grao de cobertor das especies vexetais que caracterizan este tipo de hábitat son bos indicadores do seu grao de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A extracción industrial de turba, a transformación en pasteiros, a modificación do réxime hidrolóxico, o sobrepastoreo, a apertura de viais e a instalación de parques eólicos prexudican gravemente o estado de conservación do hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

Como noutros hábitats turbosos, o mantemento ou restablecemento da dinámica hidrolóxica que caracteriza a estas turbeiras contribúen positivamente a preservar ou mellorar o seu estado de conservación. O control da presión exercida polo gando para evitar o sobrepastoreo e polos vehículos a motor é fundamental para manter o estado de conservación deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Guerrero López (1985), Ramil-Rego (1992), Ramil-Rego et al. (1996 a, 1996b), Taboada Castro et al. (1995), Díaz Varela et al. (1997), Izco et al. (2000, 2001, 2006), Rodríguez-Oubiña et al. (2001) e datos propios..

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7140 'Mires' de transición

Correspondencias

Paleartic	54.5.
Ramsar	U, W.
IHG	2.3.2, 2.6.2.2.

Denominación oficial

Inglés	Transition mires and quaking bogs.
Castelán	'Mires' de transición

Denominación vulgar

Galego	Tremoal, inlló, turbeira flotante.
Castelán	Turberas, tremedales.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Comunidades formadoras de turba situadas na superficie de augas oligotróficas a mesotróficas, con características intermedias entre tipos solíxenos e ombróxenos. Inclúen un amplo abano de comunidades; nos grandes sistemas de turbeiras adoitan constituírse comunidades características baixo o aspecto de céspedes de ciperáceas, mantos flotantes ou tremoais dominados por pequenos cárices asociados a esfagnos ou brións pardos. Polo xeral van acompañadas de comunidades acuáticas ou anfibias. Na rexión Boreal este tipo de hábitat inclúe fens minerotróficos que non forman parte de grandes complexos de turbeiras, áreas lamacentas e pequenos fens transicionais entre augas libres (lagoas, charcas) e o chan mineral. Estas turbeiras pertencen á orde *Scheuchzerietalia palustris* (mantos flotantes oligotróficos entre outras comunidades) e á orde *Caricetalia fuscae* (comunidades de tremoais). Inclúense aquí as interfases con augas oligotróficas con *Carex rostrata*.

Observacións: a tradución ao galego da denominación inglesa deste tipo de hábitat é dificil e complexa, xa que, como se comenta no Manual, orixinalmente inclúense nesta categoría diversos tipos de turbeiras, fundamentalmente turbeiras planas e flotantes, que non son traducibles por un único termo en galego. Por elo, manténse o vocablo de orixe escandinava "mire" (*cf.* Moore 1984), escollido na denominación orixinal inglesa deste tipo de hábitat.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
A maior parte dos tipos de turbeiras incluídos nesta categoría localízanse formando un mosaico con outros tipos de turbeiras (altas e baixas) en dúas situacións típicas: cara aos bordos destes, conformando unha orla intermedia con outros tipos de hábitats, principalmente matogueiras higrófilas, ou no seu interior, asociados a surxencias, pequenos regatos e correntes difusas de augas con baixo contido en nutrientes. Máis escasas no territorio galego son as turbeiras pioneiras de carácter oligotrófico dominadas por cárices que se forman nos bordos de charcas e lagoas glaciares nas áreas montañosas do centro-oriente de Galicia.
Fisionomía e estrutura.
Trátase de formacións máis ou menos densas dominadas por cárices (*Carex durieui, Carex echinata, Carex panicea, Carex rostrata*) e ciperáceas (*Eriophorum angustifolium*), esfagnos e brións pardos e nas que as dicotiledóneas (*Anagallis tenella, Arnica montana*) teñen unha escasa relevancia especial.
Variabilidade.
As turbeiras incluídas nesta categoría localizadas en áreas baixas tenden a presentar unha maior proporción de esfagnos, sendo claramente dominantes os cárices nas representacións orófilas.

7140 'Mires' de transición

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Aneura pinguis, Calliergon giganteum, Campylium stellatum, Carex chordorrhiza, Carex diandra, Carex lasiocarpa, Carex limosa, Carex rostrata, Drepanocladus revolvens, Epilobium palustre, Eriophorum gracile, Hammarbya paludosa, Liparis loeselii, Menyanthes trifoliata, Pedicularis palustris, Rhynchospora alba, Rhyncospora fusca, Sphagnum angustifolium, Sphagnum cuspidatum, Sphagnum fimbriatum, Sphagnum papillosum, Sphagnum riparium, Sphagnum subsecundum, Scheuchzeria palustris, Scorpidium scorpioides.

Especies indicadoras para Galicia

Brións:
Sphagnum pylaesii, Sphagnum spp.
Plantas: *Anagallis tenella, Carex durieui, Carex echinata, Carex limosa, Carex nigra, Carex rostrata, Carum verticillatum, Eriophorum angustifolium, Juncus bulbosus, Menyanthes trifoliata.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Brións:
Sphagnum pylaesii, Sphagnum spp.
Plantas:
Arnica montana, Narcissus asturiensis, Narcissus bulbocodium.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE SCHEUCHZERIO-CARICETEA FUSCAE
- **Orde Scheuchzerietalia palustris**
  - **Alianza *Rhynchosporion albae***
    - As. *Sphagno pylaesii-Caretum verticillati*
- **Orde Caricetalia fuscae**
  - **Alianza *Caricion fuscae***
    - As. *Caricetum ibericae*
    - As. *Caricetum rostratae*
  - **Alianza *Anagallido tenellae-Juncion bulbosi***
    - As. *Anagallido tenellae-Juncetum bulbosi*
    - As. *Arnicetum atlanticae*

Hábitats asociados ou en contacto

As turbeiras de carácter transicional adoitan aparecer intercaladas entre as turbeiras altas (7110*) e de cobertor (7130*) e formacións de matogueiras húmidas (4020*) así como hábitats de augas correntes (3260) e estancadas (3120, 3130, 3160). Con frecuencia no seu seo atópanse pequenas representacións de "7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*".

7140 'Mires' de transición

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Semellante á comentada para o caso das turbeiras altas.


Distribución en Galicia

Este tipo de hábitat aparece asociado xeralmente ás turbeiras altas presentes en Galicia. Ademais, existen representacións en lagoas glaciares situadas en cubetas de sobreescavación.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en numerosos espazos de Galicia.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7140 'Mires' de transición

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7140 'Mires' de transición

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

7140 ‘Mires’ de transición

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Imaxe mostrando o contacto entre unha turbeira alta activa, ao fondo, e unha representación do hábitat "7140 ‘Mires’ de transición" (Tremoal do Chan do Eume, Abadín).



Detalle dunha representación do hábitat 7140, neste caso unha turbeira flotante, en contacto cunha pequena canle fluvial de desaugadoiro dunha turbeira alta activa (Serra do Xistral, Abadín).

7140 'Mires' de transición

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

As representacións deste tipo de hábitat situadas nas áreas máis accesibles e sometidas a un menor enchoupamento foron utilizadas en diversas áreas de montaña de Galicia como fonte de pasto para o gando criado en réxime de semiliberdade. Algunhas plantas medicinais características deste tipo de hábitat, como a árnica (*Arnica montana*), xunto a outras menos frecuentes, como as rorellas (*Drosera rotundifolia, D. intermedia*) foron obxecto de recolección tradicional en pequena contía ao longo de toda Galicia.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

Os parámetros de estrutura e cobertura da vexetación que se asocia a este hábitat son bos indicadores do seu estado de conservación. Esta é tanto mellor canto máis densa sexa a cuberta vexetal e canto mellor se aprecie a existencia dun nivel briofítico, outro dominado por cárices e ciperáceas e un terceiro por dicotiledóneas (*Arnica montana*, *Carum verticillatum, Dactylorhiza elodes, Narhecium ossifragum*, etc.)

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O exceso de presión gandeira altera a estrutura do substrato turboso sobre o que se asentan as comunidades vexetais que caracterizan a este hábitat. Efecto igualmente negativo leva consigo a alteración do réxime hidrolóxico que propicia a aparición do hábitat. A recolección indiscriminada de especies de interese medicinal distorsiona a composición florística e afecta negativamente á conservación do hábitat ao incrementar o seu piso.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

Como no resto de hábitats turbosos, o mantemento ou recuperación das condicións hidrolóxicas idóneas e o control da presión pascícola dos herbívoros contribúen a manter un estado de conservación favorable do hábitat.

Bibliografía

Dalda (1972), Moore (1984); Guitián (1984b), Ortiz (1986), Rodríguez-Oubiña (1986), Fernández Prieto et al. (1987b), Silva-Pando et al. (1987), Silva-Pando (1990), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Ramil-Rego et al. (1996a), Pulgar (1999), Izco et al. (2000, 2001, 2006), Rodríguez-Oubiña et al. (2001) e datos propios.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Correspondencias

Palearctic	54.6.
Ramsar	U.
IHG	2.3.2.

Denominación oficial

Inglés	Depressions on peat substrates of the *Rhynchosporion.*
Castelán	Depresiones sobre sustratos turbosos del *Rhynchosporion*

Denominación vulgar

Galego	Brañas, tremoais, barreiras.
Castelán	Turberas, tremedales.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Comunidades pioneiras pouco variables florísticamente, desenvolvidas sobre substratos turbosos húmidos ou, en ocasións, areosos, con *Rhynchospora alba*, *R. fusca*, *Drosera intermedia*, *D. rotundifolia*, e *Lycopodiella inundata*, que forman bandas sobre turbeiras altas ou de cobertor, así como en áreas afectadas por deslizamentos ou crioturbación no interior de queirogais ou turbeiras, asociadas a afloramentos freáticos ou as zonas de flutuación de lagoas oligotróficas con leitos areosos ou lixeiramente turbosos. Estas comunidades son similares e están intimamente relacionadas coas que ocupan as depresións turbosas pouco profundas (51.122) e de turbeiras de transición e inllós (54.57).

Observacións: este tipo de hábitat aparece de xeito natural asociado a áreas turbosas inestables ou degradadas pola existencia de grandes herbívoros ou fenómenos erosivos asociados a períodos de chuvia intensa ou pequenos deslizamentos; en todo caso, nunca ocupando grandes extensións.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Depresións de tamaño decimétrico a métrico localizadas en áreas onde se produce a erosión da turba por causas naturais ou debido ao efecto do pisoteo do gando ou o tránsito de vehículos. Polo xeral adoitan estar cubertas de auga durante as épocas de chuvias e desecarse en maior ou menor medida durante a estación estival. Tanto a remoción do substrato provocada polo gando como a sedimentación da fracción mineral que achegan estacionalmente os regueiros a estes hábitats turbosos, orixinan un substrato peculiar, mestura de turba con area e limo, que caracteriza estes medios.

Fisionomía e estrucura.

Neste tipo de ambientes confórmanse comunidades vexetais abertas, de porte herbáceo, que teñen como especies máis características *Drosera rotundifolia*, *D. intermedia, Rhyncospora alba*, *Lycopodiella inundata*, etc.

Variabilidade.

Debido ao reducido número de especies que crecen neste tipo de hábitat, non existe unha variabilidade grande en Galicia. Quizais pague a pena sinalar a ausencia, por causas climáticas, de *Drosera intermedia* e *Rhyncospora alba* nas versións deste hábitat que aparecen nas turbeiras das áreas montañosas interiores.

7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

Drosera intermedia, Drosera rotundifolia, Lycopodiella inundata, Rhynchospora alba, Rhyncospora fusca.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Drosera intermedia, Drosera rotundifolia, Lycopodiella inundata, Pinguicula lusitanica, Rhynchospora alba, Rhyncospora fusca, Sphagnum pylaesii.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Arnica montana, Lycopodiella inundata, Sphagnum pylaesii, Sphagnum spp.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE SCHEUCHZERIO-CARICETEA FUSCAE
Orde Scheuchzerietalia palustris
Alianza Rhynchosporion albae
As. *Drosero intermediae-Rhynchosporetum albae*

Hábitats asociados ou en contacto

En Galicia, este tipo de hábitat está asociado intimamente ás turbeiras altas activas (7110*), as turbeiras de cobertor (7130*), as turbeiras de transición e inllós (7140) e as matogueiras húmidas meridionais *de Erica tetralix* e *E. ciliaris* (4020*).



Comunidades de *Sphagnum pylaesii*, representativas do hábitat 7150.

7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat distribuído principalmente ao longo dos países da fachada atlántica europea con presenza menor noutros centroeuropeos.


Distribución en Galicia

Hábitat cunha ampla distribución en Galicia, máis frecuente na metade setentrional. As súas representacións cobren superficies de pequeno tamaño (0,1-5 m).

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat presente en diversos espazos do N e E de Galicia.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa daMorte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Detalle das inflorescencias de *Rhyncospora alba*, especie característica do hábitat "7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*".



Drosera anglica é outra especie típica das áreas turbosas que se inclúen dentro do hábitat 7150.

7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Semellantes aos citados para a categoría anterior.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A existencia dunha cobertura, máis ou menos uniforme na vexetación que caracteriza o hábitat, e, sobre todo, a súa composición florística son indicadoras do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O exceso de carga gandeira ou de circulación de vehículos sobre hábitats turbosos produce unha dexeneración xeneralizada nestes tipos de hábitats. O mantemento das representacións do hábitat aquí tratado debe facerse sen detrimento do resto de hábitats turbosos existentes.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

Este tipo de hábitat aparece de xeito natural asociado a áreas turbosas inestables ou degradadas pola existencia de grandes herbívoros ou fenómenos erosivos asociados a períodos de chuvia intensa ou pequenos deslizamentos. Un incremento significativo da superficie ocupadas por este tipo de hábitat en Galicia tería que realizarse a custa de destruír outros hábitats turbosos, aspecto que non se considera recomendable.

Bibliografía

Dalda (1972), Guitián (1984b), Ortiz (1986), Rodríguez-Oubiña (1986), Fernández Prieto et al. (1987b), Silva-Pando et al. (1987), Silva-Pando (1990), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Ramil-Rego et al. (1996a), Pulgar (1999), Izco et al. (2000, 2001, 2006) e datos propios.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7210* Turbeiras calcarias con Cladium *mariscus* e especies do *Caricion davallianae.*

Correspondencias

Paleartic	53.3.
Ramsar	H.
IHG	1.2.5, 1.3.3.

Denominación oficial

Inglés	Calcareous fens with *Cladium mariscus* and species of the *Caricion davallianae.*
Castelán	Turberas calcáreas del *Cladium mariscus* y con especies del *Caricion davallianae*

Denominación vulgar

Galego	Carrizais, carregais, canaveiras, canabais.
Castelán	Carrizal.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Formacións de *Cladium mariscus* das beiras de lagos, terras abandonadas ou estadios de recolonización de grandes extensións de prados húmidos, en contacto con vexetación do *Caricion davallianae* ou outras especies do *Phragmition* (*Cladietum marisci* (Allorge 1922) Zobrist 1935).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Formacións de *Cladium mariscus,* en ocasións con presenza de outras grandes especies herbáceas higrófilas, como *Phragmites australis*, *Juncus maritimus* ou *Scirpus maritimus*, situadas en áreas hidromorfas, xa sexa interiores ou costeiras, que forman parte de complexos de vexetación de marismas, lagoas e pequenos lagos ou constitúen estadíos seriais relacionados con bosques lamacentos.

Fisionomía e estrutura.
A vexetación asociada a este tipo de hábitat presenta unha cobertura densa (100% ou case) constituíndo herbazais de grandes cárices baixo os que practicamente non se atopan especies de pequeno talle.

Variabilidade.
Dentro do territorio galego, este hábitat presenta variantes relacionadas principalmente coa especie dominante. Así nas áreas con maior concentración de minerais, tanto costeiras como interiores, adoitan constituirse grandes superficies dominadas case exclusivamente por *Cladium mariscus*. Pola contra, nas áreas onde a auga doce con menor concentración de sales é dominante (parte posterior de marismas e esteiros), adoitan conformarse formacións nas que esta especies aparece mesturada con *Phragmites australis*, *Juncus maritimus* ou *Scirpus maritimus*.

Especies indicadoras segundo de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Cladium mariscus, Kostelezkia pentacarpos.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Carex paniculata subsp. *lusitanica, Cladium mariscus, Iris pseudacorus, Phragmites communis* subsp. *australis, Scirpus maritimus.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Non se coñecen.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE PHRAGMITO-MAGNOCARICETEA
Orde Magnocaricetalia
Alianza Magnocaricion elatae
As. *Cladietum marisci*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat pode facer contacto con diversos tipos de hábitats halófilos (1330, 1410), herbais (6410, 6420, 6430, 6510), hábitats de augas doce (3130, 3140, 3150), matogueiras húmidas (4020*) e bosques lamacentos (91E0*).

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7210* Turbeiras calcarias con Cladium *mariscus* e especies do *Caricion davallianae*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat con presenza na maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat de presenza puntual en Galicia; aparece asociado a algúns dos principais humidais litorais e do interior de Lugo.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en espazos litorais e do interior de Lugo.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.


7210* Turbeiras calcarias con Cladium *mariscus* e especies do *Caricion davallianae*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7210* Turbeiras calcarias con Cladium *mariscus* e especies do *Caricion davallianae*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

7210* Turbeiras calcarias con Cladium *mariscus* e especies do *Caricion davallianae*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Detalle da inflorescencia de *Cladium mariscus*, especie característica do hábitat 7210*.



Vista parcial dunha formación vexetal dominada por *Cladium mariscus* ("7210* Turbeiras calcarias con *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*, en el LIC Complexo Húmido de Corrubedo (Ribeira)

7210* Turbeiras calcarias con Cladium *mariscus* e especies do *Caricion davallianae*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñecen aproveitamentos tradicionais salvo o cinexético de xeito ocasional.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O grao de cobertura e a composición florística da vexetación característica deste hábitat son indicadores fiables do seu estado de conservación. A calidade físico-química das augas tamén pode ser utilizada como indicador neste sentido.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A alteración da dinámica e da calidade físico-química das augas dos humidais provoca unha alteración significativa do estado de conservación deste tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A recuperación da dinámica hidrolóxica natural nos casos en que se vira afectada como consecuencia de actuacións antrópicas contribúe á mellora do estado de conservación do hábitat.

Bibliografía

Bellot (1952, 1965, 1968), Rodríguez-Oubiña (1986), Soñora (1989) e datos propios.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Correspondencias

Paleartic	54.12.
Ramsar	D.
IHG	1.2.2, 1.4.1.

Denominación oficial

Inglés	Petrifying springs with tufa formation (*Cratoneurion*).
Castelán	Manantiales petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*)

Denominación vulgar

Galego	Non se coñece unha denominación particular. Na maior parte dos casos alúdese a este hábitat baixo ou termo "fonte".
Castelán	Manantiales carbonatados.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Mananciais de augas duras con formación activa de travertinos ou tuf. Estas formacións atópanse en ambientes moi diversos, dende bosques a lugares abertos. Trátase polo xeral de hábitats de extensión reducida (puntuais ou en liña) dominados por briófitos (*Cratoneurion conmutati*).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Hábitat asociado principalmente a augas carbonatadas de mananciais e surxencias kársticas. De xeito secundario tamén aparece en áreas litorais vinculado a mananciais de augas doces continentais que se enriquecen localmente en carbonatos ao transitar por debaixo de depósitos dunares ricos en bioclastos ou esvarar por cantís impregnados periódicamente de area e sales mariñas. A súa distribución segue, consecuentemente, a dos afloramentos de rochas calcarias distribuídos principalmente polo oriente galego e o litoral setentrional de Galicia, dende Ribadeo ata a Ría de Muros e Noia.

Fisionomía e estrutura.
Trátase de acumulacións cementadas de restos vexetais (fundamentalmente brións) recubertas por carbonatos que van progresivamente configurando capas superpostas sobre as que crecen novas poboacións de brións e, ocasionalmente, algunhas especies de plantas vasculares. Cando a deposición de carbonatos é elevada pode darse a aparición de formas kársticas como microestalactitas.

Variabilidade.
A variabilidade florística deste tipo de hábitat está relacionada principalmente con aspectos bioclimáticos e xeográficos. No caso das localizacións interiores, este hábitat aparece dominado por diversas especies de briófitos (fundamentalmente pertencentes ao xénero *Cratoneurion*) aínda que, ocasionalmente, poden atoparse plantas vasculares como *Asplenium trichomanes*, *Campanula arbatica* subsp. *adsurgens*, *Festuca* sp., *Scilla verna* ou *Saxifraga hirsuta*. Soamente nos enclaves máis térmicos da Comarca de Valdeorras se integra nas comunidades vexetais asociadas ao hábitat o fento *Adiantum capillus-veneris* que, por outra parte é característico das representacións litorais xunto a diversas especies halófilas de distribución costeira, como *Samolus valerandi, Asplenium marinum, Festuca rubra* subsp. *pruinosa, Rumex acetosa* subsp. *biformis*, etc.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Rexión Boreal:
Mofos:
Cratoneuron decipiens, Drepanocladus vernicosus, Philonotis calcarea, Scorpidium cossoni, Scorpidium revolvens.
Plantas:
Carex appropinquata, Epilobium davuricum, Juncus triglumis,
Resto de rexións:
Mofos:
Bryum pseudotriquetum, Catoscopium nigritum, Cratoneuron commutatum, Cratoneurion commutatum var. *falcatum, Cratoneurion filicinum, Eucladium verticillatum, Gymnostomum recurvirostrum.*
Plantas:
Arabis soyeri, Cochlearia pyrenaica (en lugares con metais pesados), *Pinguicula vulgaris, Saxifraga aizoides*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Adiantum capillus-veneris, Asplenium marinum, Cratoneuron commutatum, Samolus valerandi, Festuca rubra subsp. *pruinosa, Rumex acetosa* subsp. *biformis.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Non se coñecen.

Correspondencia fitosociolóxica

Clase MONTIO-CARDAMINETEA
Orde Montio-Cardaminetalia
Alianza *Cratoneurion commutati*

Hábitats asociados ou en contacto

Este hábitat adoita establecer contacto con cantís mariños (1230), praias de cantos (1220) e hábitats dunares (2120), hábitats rochosos calcarios (8210) e silíceos (8220), hábitats herbáceos (6210*), bosques esclerófilos (9340) e diversos tipos de bosques caducifolios (9180*, 9230, 9340).



Depósitos carbonatados formados por un manancial petrificante costeiro (Punta Frouxeira, Valdoviño).

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea

Distribución na Unión Europea

Hábitat frecuente nas áreas da UE que contan con afloramentos de rochas carbonatadas.

Distribución en Galicia

Puntual ligada ás áreas de afloramentos de rochas carbonatadas do interior e en puntos dispersos do litoral cantábrico e atlántico setentrional.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente en diversos espazos do litoral N e do oriente de Lugo e Ourense.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)


Hábitat presente

Hábitat ausente


7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.		Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●	ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●	ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1110003	Fragas do Eume	C		ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1110004	Encoro Abegondo-Cecebre	C		ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1110005	Costa da Morte	C	●	ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C		ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C		ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C		ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1110009	Costa de Dexo	C	●	ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1110010	Estaca de Bares	C	●	ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C		ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C		ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES1110013	Xubia-Castro	C		ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1110014	Serra do Careón	C		ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1110015	Río Anllóns	C		ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1110016	Río Tambre	C		ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1120002	Río Eo	Lu	●	ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu		ES1140006	Río Tea	Po	
ES1120004	A Marronda	Lu		ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	●	ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1120006	Carballido	Lu		ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●	ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1120008	Monte Faro	Lu		ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1120009	Monte Maior	Lu		ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1120010	Negueira	Lu		ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●	ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1120012	Río Landro	Lu		ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1120013	Río Ouro	Lu	●	ES1140016	Enseada de San Simón	Po	
ES1120014	Canón do Sil	Lu					

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.		Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●	ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●	ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●	ES0000437	Pena Trevinca	Ou	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C		ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000085	Ribadeo	Lu	●	ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●	ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●	ES0000375	Esteiro do Miño	Po	
ES0000374	Ancares	Lu					

7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Representación do hábitat "7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*)" localizada nas proximidades de Seoane do Courel (Folgoso do Courel, Lugo).



Detalle da variante con *Adiantum capillus-veneris* do hábitat "7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*)" na base dos cantís litorais da Praia de Fontela (Benquerencia, Barreiros).

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7220* Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Nalgunhas ocasións aproveitáronse este tipo de mananciais para acondicionar fontes de auga potable bebedoiros de gando e como fonte de enerxía motora para muíños.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A existencia dunha achega de auga regular ao longo do ano así como a diversidade de bri̇óns e plantas vasculares adaptados a este ambiente son indicadores dun estado favorable de conservación para este tipo de hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A modificación da dinámica hidrolóxica que orixina este hábitat é fundamental para a súa persistencia. O aproveitamento industrial das rochas calcáreas destrúe en moitos casos o hábitat ou o altera de xeito irreversible.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento das representacións deste hábitat necesita da preservación da especial dinámica hidrolóxica que caracteriza aos afloramentos de rochas carbonatadas así como a persistencia dos mananciais e augas zumegantes nos acantilados costeiros.

Bibliografía

Díaz González & Fernández Prieto (1994) e datos propios.

.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Correspondencias

Paleartic	54.2.
Ramsar	U.
IHG	2.3.3.

Denominación oficial

Inglés	Alkaline fens.
Castelán	Turberas bajas alcalinas

Denominación vulgar

Galego	Braña, veiga, gándara.
Castelán	Tremedal, trampal, vega.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Áreas húmidas situadas maioritariamente sobre depósitos de turba ou "tufa" sobre os que crecen comunidades de pequenos cárices e briόns pardos desenvolvidas sobre solos permanentemente encharcados que presentan achegas solíxenas ou topóxenas de augas ricas en bases, a miúdo calcarias. A capa freática pode oscilar en certa medida e estar lixeiramente por enriba ou por debaixo da superficie. A formación de turba, cando acontece, é infraacuática. As pequenas ciperáceas calcífilas dominan polo xeral este tipo de hábitat, cuxa vexetación inclúese na orde *Caricion davallianae*, caracterizado por a presenza de grandes colonias de briόns pardos (*Campylium stellatum*, *Drepanocladus intermedius*, *D. revolvens*, *Cratoneuron commutatum*, *Acrocladium cuspidatum*, *Ctenidium molluscum*, *Fissidens adianthoides*, *Bryum pseudotriquetrum* e outros), céspedes de *Schoenus nigricans*, *S. ferrugineus*, *Eriophorum latifolium*, *Carex davalliana*, *Carex flava*, *Carex lepidocarpa*, *Carex hostiana*, *Carex panicea*, *Juncus subnodulosus*, *Scirpus cespitosus*, *Eleocharis quinqueflora*, e unha rica flora de herbáceas que inclúe *Tofieldia calyculata*, *Dactylorhiza incarnata*, *Dactylorhiza traunsteineri*, *Dactylorhiza traunsteinerioides*, *Dactylorhiza russowii*, *Dactylorhiza majalis* ssp. *brevifolia*, *Dactylorhiza cruenta*, *Liparis loeselii*, *Herminium monorchis*, *Epipactis palustris*, *Pinguicula vulgaris*, *Pedicularis sceptrum-carolinum*, *Primula farinosa*, *Swertia perennis*.
Herbazais húmidos (*Molinietalia caerulaea*, p.e. *Juncetum subnodulosi* e *Cirsietum rivularis,* 37), e formacións de grandes carrizos (*Phragmition*, 53.1; *Magnocaricion* 53.2, *Cladietum marisci*, 53.3), así como comunidades de "turbeiras de transición e inllós" (54.5, 54.6), vexetación acuática ou anfibia (22.3, 22.4) ou comunidades de surxencias desenvolvidas en depresións (54.1), poden formar parte dos fens. Enténdese que as devanditas unidades, que poden, soas ou en combinación, axudar a caracterizar o fen, engloban comunidades do *Caricion davallianae* en *sensu stricto*, transicións coa orde *Molinion* e combinacións florísticas que, aínda que referibles fitosociolóxicamente a asociacións alcalinas do *Molinion*, inclúen un grande número de especies do *Caricion davallianae*. Dende este punto de vista, esta definición concorda coa clase integradora *Molinio-Caricetalia davallianae* proposta por Rameau *et al.* (1989). Fóra dos sistemas de fens ricos, comunidades asimilables a este hábitat poden aparecer en depresións intradunares (16.3), "turbeiras de transición" (54.5), herbais higrófilos (37), abanos de "tufa" (54.121) e algúns outros lugares. Nestes casos, para resaltar a súa presenza, poden ser utilizados os seus códigos en combinación co da unidade principal.
Os fens ricos adoitan contar con especies de distribución restrinxida e altamente especializadas. Trátase dun dos hábitats que máis viu reducida a súa área orixinal, xa que desapareceu de numerosas rexións e se atopa gravemente ameazado en outras.

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Formacións herbáceas densas que crecen en áreas de topografía chaira sobre depósitos sedimentarios ricos en nutrientes e, a miúdo, carbonatos.

Fisionomía e estrutura.

As manifestacións deste tipo de hábitat en Galicia aparecen baixo forma de herbazais altos dominados por cárices de grande porte que permanecen encharcados grande parte do ano. Na maior parte dos casos, trátase de formacións xuncais moi densas dominadas por *Schoenus nigricans* e que contan coa presenza de especies como *Carex davalliana, Campylium stellatum, Bryum pseudotriquetrum, Molinia caerulea, Myrica gale, Juncus conglomeratus, J. inflexus, Carex demissa, C. panicea* ou *C. pulicaris*.

Variabilidade.

Nalgunhas localidades do interior de Galicia observouse a presenza neste tipo de hábitat dalgúns cárices raros neste territorio, como *Carex cuprina* e C. *riparia*.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

Carex spp.*, Cinclidium stygium, Eriophorum latifolium, Schoenus ferrugineus, Schoenus nigricans, Tomentypnum nitens.*

Especies indicadoras para Galicia

Mofos:

Bryum pseudotriquetrum, Campylium stellatum.

Plantas:

Carex davalliana, C. demissa, C. cuprina, C. riparia, Carex panicea, C. pulicaris, Juncus conglomeratus, J. inflexus, Molinia carulea, Myrica gale, Salix repens, Schoenus nigricans.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Narcissus bulbocodium, Spiranthes aestivalis.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE SCHEUCHZERIO-CARICETEA FUSCAE

Orde Caricetalia davallianae

Alianza Caricion davallianae

As. *Schoenetum nigricantis*

Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral este tipo de hábitat establece contacto con turbeiras de transición (7140), herbais higrófilos (6410, 6420, 6430), prados de sega de zonas baixas (6510), matogueiras higrófilas (4020*) e bosques lamacentos (91E0*).

7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente na maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat de distribución restrinxida do que se coñecen contadas presenzas en áreas interiores Galicia.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat presente unicamente en tres espazos.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.


7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa a Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu

Cod.	Denominación	Prov.
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Turbeira baixa alcalina dominada por *Schoenus nigricans* e, lateralmente, *Molinia caerulea*, situada no Municipio de Sobrado dos Monxes.



As Brañas de Brandomil (Zas) están constituídas por un mosaico de hábitats higroturbosos entre os que se atopan representacións de "7230 Turbeiras baixas alcalinas".

7 TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS LAMACENTAS.

7230 Turbeiras baixas alcalinas.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Salvo nas áreas sometidas a un menor encharcamento, nas que puntualmente se realizou unha sega para aproveitamento de pasto en verde, non se coñecen aproveitamentos tradicionais xeneralizados para este tipo de hábitat.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A existencia dunha vexetación densa dominada por grandes cárices e xuncáceas é indicadora dun estado favorable de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Como no resto dos hábitats turbosos, calquera actividade que supoña unha alteración do réxime hidrolóxico ou a contaminación das augas do humidal no que se atope este tipo de hábitat constitúe unha alteración significativa do seu estado de conservación. A achega de residuos sólidos leva consigo a súa destrución.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento das condicións hidrolóxicas naturais ou, no seu caso, a súa restauración, contribúe positivamente á conservación do hábitat.

Bibliografía

Bellot (1968), Rodríguez-Oubiña (1986), Silva-Pando et al. (1987), Soñora (1989), Cortizo & Sahuquillo (1999), VV.AA. (2003), Izco et al. (2006) e datos propios.

3.8 HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS

3.8 HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS

Os hábitats rochosos constitúen ambientes ecolóxicos nos que se concentra unha grande proporción dos taxóns vexetais e animais de carácter endémico dos diversos territorios bioxeográficos que se atopan representados na Unión Europea. Con respecto ás especies botánicas, a causa deste fenómeno radica no carácter fortemente selectivo do conxunto de condicións ambientais que se manifestan neste tipo de hábitats, entre os que se poden destacar a escasa dispoñibilidade hídrica, a forte insolación, a exposición a ventos desecantes e bruscos cambios de temperatura ou a dificultade de enraizamento e incorporación de elementos nutritivos.

Ademais da diversidade florística, os afloramentos rochosos son biótopos nos que desenvolven partes fundamentais dos seus ciclos vitais numerosas especies de aves de prea e rapaces incapaces de realizar as súas postas e levar a cabo a cría das súas polladas noutros ambientes.

Nalgúns casos, o aprovisionamento de materiais rochosos para o abastecemento industrial levou á desaparición de determinadas estirpes vexetais e noutros moitos, á eliminación de poboacións enteiras doutras consideradas en perigo, polo que a Unión Europea considerou que unha parte do legado biolóxico, e con este, o xeolóxico e xeomorfolóxico inherentes, debe ser preservado a través da selección de áreas de interese. Todo iso xustifica a inclusión dentro do Anexo I da Directiva 92/43/CEE dun apartado destinado á protección de hábitats nos que a parte mineral é a dominante.

As tres categorías recollidas no grande grupo de hábitats denominado no Anexo I da Directiva 92/43/CE como Hábitats rochosos e covas atopan representadas en Galicia: **81. Desprendementos rochosos, 82. Encostas rochosas con vexetación casmofítica** e **83. Outros hábitats rochosos.**

Grupos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia	
8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS	
81. Desprendementos rochosos	●
82. Encostas rochosas con vexetación casmofítica	●
83. Outros hábitats rochosos	●

Grupo de hábitats presente en Galicia [●]

Táboa 33. - Subgrupos de hábitats de hábitats rochosos e covas establecidos no Anexo I da DC 92/43/CEE e distribución no territorio de Galicia.

Do conxunto de 7 hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats rochosos e covas presentes en Galicia, o tipo prioritario Nat2000 8240* – Pavimentos calcarios é o que conta cunha distribución máis reducida na Rede Natura 2000, ao describirse unicamente en 2 lugares, no LIC Os Ancares – O Courel e no LIC e ZEPA Serra da Enciña da Lastra. Débese salientar que este hábitat sería exclusivo do territorio español de acordo coa información oficial das súas Comunidades Autónomas. A súa distribución en España, por tanto, non estaría recollida na base de datos da Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA).

Continuando co tema da frecuencia dos diferentes hábitats de interese comunitario na Rede Natura 2000 de Galicia, mencionar os dous tipos de hábitats que máis se repiten nos LIC e ZEPA galegos, o Nat2000 8220 – Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica e o Nat2000

8230 – Rochedos silíceos con vexetación pioneira. Estes hábitats poden atoparse no mesmo número de lugares da Rede Natura 2000, 55 LIC e 15 ZEPA.

En relación á estimación da superficie na Rede Natura 2000 de Galicia dos diferentes hábitats do grupo Hábitats rochosos e covas, é necesario efectuar previamente unha aclaración con respecto aos hábitats Nat2000 8310 – Covas non explotadas polo turismo e Nat2000 8330 – Furnas mariñas. Sobre estes hábitats non se achegará estimación algunha da súa superficie pola complexidade que presentaría tal cálculo. Tendo en conta o condicionante anterior, o hábitat do cal se estima unha maior superficie é o tipo Nat2000 8230 – Rochedos silíceos con vexetación pioneira, con algo máis de 32.000 ha. Segundo estes cálculos este hábitat colocaríase en segundo lugar de entre todos os incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE dentro da Rede Natura 2000 de Galicia, por detrás do Nat2000 4030 –Queirogais secos europeos e diante do tipo Nat2000 9230 – Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

Ten interese sinalar a pouca información existente en relación a o hábitat Nat2000 8330 – Furnas mariñas a nivel español, e posiblemente a nivel europeo. A súa distribución de acordo á Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA) presenta patentes lagoas de información tal e como se pode apreciar na cartografía existente.

Distribución do hábitat Nat2000 8240* – Pavimentos calcarios



Figura 35. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 8240* – Pavimentos calcarios Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 8310





Figura 36. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 8310 – Covas non explotadas polo turismo Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 8330 – Furnas mariñas



Figura 37. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 8330 – Furnas mariñas Fte. EEA

Distribución dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000



Hábitat		LIC	ZEPA	RN2000
8130		29	6	35
8210		5	2	7
8220		55	15	70
8230		55	15	70
8240	✶	2	1	3
8310		33	8	41
8330		21	11	32

Figura 38 .- Número de espazos Rede Natura 2000 con presenza de hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats rochosos e covas na Rede Natura 2000 en Galicia

Superficie dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000




Figura 39 .- Superficies en hectáreas dos hábitats de interese comunitario do grupo Hábitats rochosos e covas na Rede Natura 2000 en Galicia

DESPRENDEMENTOS ROCHOSOS

Dentro da categoría de 81. Desprendementos rochosos, o Anexo I da Directiva 92/43/CEE diferenza seis grupos dos que soamente un ten representación dentro do territorio galego, **Nat2000 8130 - Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos**, no que se reúnen todos os hábitats deste tipo presentes na Península Ibérica.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE			
8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS			
Código		**Designación oficial**	**G**
81. Desprendementos rochosos			
8110		Desprendementos silíceos dos pisos montano a nival (*Androsacetalia alpinae* e *Galeopsietalia ladani*).	
8120		Desprendementos calcarios e de xistos calcarios dos pisos montano a nival (*Thlaspietea rotundifolii*).	
8130		Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.	●
8140		Desprendementos mediterráneos orientais.	
8150		Desprendementos medioeuropeos silíceos de zonas altas.	
8160	✶	Desprendementos medioeuropeos calcarios dos pisos colino a montano.	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 34.- Hábitats que conforman o tipo Desprendementos rochosos segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE

ENCOSTAS ROCHOSAS CON VEXETACIÓN CASMOFÍTICA

Dentro do subgrupo **82. Encostas rochosas con vexetación casmofítica**, o Anexo I da Directiva 92/43/CEE diferenza catro tipos de hábitats, todos eles con representación en Galicia, os tipos **Nat2000 8210 – Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica**, **Nat2000 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica**, **Nat2000 8230 – Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*** e o **Nat2000 8240*- Pavimentos calcarios**.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE			
8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS			
Código		**Designación oficial**	**G**
82. Encostas rochosas con vegetación casmofítica			
8210		Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica.	●
8220		Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica.	●
8230		Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.	●
8240	✶	Pavimentos calcarios.	●

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 35.- Tipos de hábitats incluídos na categoría de Encostas rochosas con vexetación casmofítica segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE

OUTROS HÁBITATS ROCHOSOS

Catro categorías integran o grupo de hábitats denominado **83 Outros hábitats rochosos** no Anexo I da Directiva 92/43/CEE. Dous delas teñen representacións no territorio galego: **8310 Covas non explotadas polo turismo** e **8330 Furnas mariñas.**

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE			
8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS			
Código		**Designación oficial**	**G**
83. Outros hábitats rochosos			
8310		Covas non explotadas polo turismo	●
8320		Campos de lava e escavacións naturais	
8330		Furnas mariñas	●
8340		Glaciares permanentes	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 36.- Tipos de hábitats incluídos na categoría de Outros Hábitats Rochosos segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.

Correspondencias

Paleartic	61.3.
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	Western Mediterranean and thermophilous scree.
Castelán	Desprendimientos mediterráneos occidentales y termófilos

Denominación vulgar

Galego	Pedrizas, pedregais, canchais.
Castelán	Pedrizas, pedregales, canchales, gleras.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Depósitos de exposicións cálidas do Alpes e Pireneos, dos substratos calcarios dos Pireneos, as montañas mediterráneas, outeiros e áreas baixas e, localmente, das vertentes soleadas de áreas medioeuropeas. A vexetación corresponde ás ordes *Androsacetalia alpinae p.p., Thlaspietalia rotundifolii p.p., Stipetalia calamagrostis* e *Polystichetalia lonchitis*.

Subtipos:

- desprendementos termófilos perialpinos (*Stipion calamagrostis, Leontodion hyoseroidis*)
- desprendementos provenzais (*Pimpinello-Gouffeion*)
- desprendementos termófilos alpino-pirenaicos (*Senecion leucophyllae-Taraxacion pyrenaici*)
- desprendementos calcarios pirenaicos (*Iberidion spathulatae*)
- desprendementos calcarios orocantábricos (*Linarion filicaulis, Saxifragion praetermissae*)
- desprendementos silíceos orocantábricos (*Linarion filicaulis p.p., Linario-Senecion carpetani p.p.*)
- desprendementos ibéricos con fentos (*Dryopteridion oreadis, Dryopteridion submontanae*)
- desprendementos carpetano-ibéricos (*Linario-Senecion carpetani*)
- desprendementos silíceos nevadenses (*Holcion caespitosae*)
- desprendementos calcarios ibéricos meridionais (*Platycapno-Iberidion granatensis, Scrophularion sciaphilae*).
- desprendementos do Mediterráneo Central.

Observacións: os subtipos detallados na descrición deste tipo de hábitat contida no "Manual de Interpretación dos Hábitats da UE" non inclúen, todas as variantes existentes na área xeográfica citada no seu enunciado, pois non se mencionan os desprendementos existentes a baixa altitude (extra-orocantábricos) no N da Península Ibérica. Tal é o caso, dentro do territorio galego, das pedreiras existentes a cotas baixas na Serra da Capelada ou o Canón do Sil, entre outros lugares. Dado que esta incongruencia pode estar relacionada con deficiencias nas bases de datos utilizadas durante o proceso de redacción da Directiva 92/43/CEE e seguindo as recomendacións contidas no propio "Manual de Interpretación", adoptouse no presente documento o criterio de incluír nesta categoría a totalidade de desprendementos rochosos existentes en Galicia, con independencia da súa localización xeográfica.

8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Fauna altamente especializada e de marcado carácter endémico. Inclúe formas subterráneas sucesorias que se diversificaron no exterior compostas fundamentalmente por invertebrados cavernícolas que viven exclusivamente en grutas e augas subterráneas. Os invertebrados son fundamentalmente coleópteros das familias *Bathysciinae* e *Trechinae*, carnívoros de distribución restrinxida. Os invertebrados cavernícolas acuáticos conforman un grupo altamente endémico dominado por crustáceos (*Isopoda*, *Amphipoda*, *Syncarida*, *Copepoda*) e inclúe diversos fósiles viventes. Igualmente pódense atopar moluscos acuáticos pertencentes á familia *Hydrobiidae*. Con respecto aos vertebrados, as covas constitúen lugares de hibernación para a maioría dos morcegos europeos, moitos dos cáles atópanse ameazados (ver Anexo II). Varias especies poden convivir nunha mesma cova. Este hábitat tamén alberga algúns anfibios moi raros, como *Proteus anguinus* e diversas especies do xénero *Speleomantes*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Asplenium trichomanes, Asplenium billotii, Campanula adsurgens, Crepis asturica, Erinus alpinos, Leontodon farinosus, Petrocoptis grandiflora, Schistostega pennata.

8 Hábitats rochosos e covas.

8310 Covas non explotadas polo turismo.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Brións:
Schistostega pennata
Plantas:
Petrocoptis grandiflora.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE PETROCOPTIDO PYRENAICAE-SARCOCAPNETEA ENNEAPHYLLAE
Orde Petrocoptidetalia pyrenaicae
Alianza Petrocoptidion glaucifoliae
As. *Saxifragetum trifurcatae*

Hábitats asociados ou en contacto

Este hábitat está asociado con diversos tipos de hábitats rochosos (8210, 8220, 8230, 8240*), herbáceos (6110*, 6170, 6210*, 6220*) e, máis ocasionalmente, queirogais secos (4030), mananciais petrificantes (7220*) e bosques (9180*, 9340).



Cova non explotada polo turismo (hábitat 8310) situada nas proximidades de Noceda (Folgoso do Courel).

8 Hábitats rochosos e covas.

8310 Covas non explotadas polo turismo.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente distribuído, especialmente polas áreas nas que os materiais litolóxicos calcáreos son dominantes.


Distribución en Galicia

Hábitat escaso que soamente abunda nas montañas orientais de Lugo e Ourense.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Abundante nalgúns espazos do E de Galicia, máis escaso no resto.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)



8 Hábitats rochosos e covas.


8310 Covas non explotadas polo turismo.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



8 Hábitats rochosos e covas.

8310 Covas non explotadas polo turismo.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●
ES1120008	Monte Faro	Lu	●
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	●
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	●
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	●
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	●
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	●
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

8 Hábitats rochosos e covas.

8310 Covas non explotadas polo turismo.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



"Entrada da cova denominado “Buraca das Choias", nas proximidades de Visuña (Folgoso do Courel).



Vista exterior de diversas entradas das covas formadas nas bandas calcarias de Mondoñedo

8 Hábitats rochosos e covas.

8310 Covas non explotadas polo turismo.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

En diversas localidades e dende períodos antigos utilizáronse as simas e covas de forte inclinación como vertedoiros, actividade non compatible coa súa conservación. Algunhas utilizáronse como lugar de habitación en épocas históricas por parte de persoas ou colectivos perseguidos.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A diversidade e demografía das poboacións de morcegos e invertebrados cavernícolas nas covas son excelentes indicadores do seu estado de conservación.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O acceso incontrolado de persoas e a vertedura de residuos son as dúas principais causas de deterioración do estado de conservación deste tipo de hábitat. Neste sentido, numerosas cavidades subterráneas de orixe cárstico do oriente galego son obxecto de prácticas espeleolóxicas que deberían ser reguladas e controladas en diversos aspectos (uso do ámbito das entradas, retirada de desperdicios, determinación de posibles impactos na fauna troglodita, etc.). As actividades de extracción de áridos sobre os afloramentos rochosos que albergan este tipo de hábitat, producen alteracións directas e indirectas sobre este. Por último, o mantemento das poboacións de quirópteros é fortemente influído pola dispoñibilidade de alimento no ámbito das covas.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A ausencia de presenza humana e de residuos das súas actividades favorece un estado de conservación idóneo deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Giménez de Azcárate (1986, 1993 a, 1993b) e datos propios.

8 Hábitats rochosos e covas.

8330 Furnas mariñas.

Correspondencias

Paleartic	11.26, 11.294, 12.7
Ramsar	Zk (a)
IHG	3.1.1.

Denominación oficial

Inglés	Submerged or partially submerged sea caves.
Castelán	Cuevas marinas sumergidas o semisumergidas

Denominación vulgar

Galego	Furnas.
Castelán	Cuevas, grutas marinas.

Descrición científica

Descrición do Manual EUR/25

Covas cubertas polo mar ou ocupadas por el, polo menos durante a preamar, incluídas as somerxidas parcialmente. Os seus fondos e paredes albergan comunidades de invertebrados mariños e algas.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais:
Cavidades total ou parcialmente mergulladas situadas no bordo costeiro, polo xeral en áreas de cantís máis ou menos desenvolvidos. Nos sistemas máis complexos, as escavacións poden presentarse como auténticas galerías de gran desenvolvemento (varias decenas de metros) e comunicarse por aberturas na súa parte superior, denominadas localmente "foxos", como resultado do colapso e derrubamento de parte das bóvedas, con áreas continentais non litorais.

Composición florística:
O efecto da ondada xunto á escasa luminosidade que caracteriza a este hábitat limita o desenvolvemento de especies de plantas vasculares ás entradas das covas que estean permanentemente emerxidas e ás aberturas superiores. Nestes casos desenvólvense poboacións de especies halófilas como *Asplenium marinum* e, en ocasións, comunidades asociadas a paredes que zumegan augas doces nas que adoitan crecer *Osmunda regalis e Adiantum capillus-veneris*.
Nas áreas mergulladas e afectadas polas mareas desenvólvense as típicas cinturas de vexetación que aparecen sobre substratos rochosos costeiros.

Variabilidade:
En xeral, trátase dun tipo de hábitat pouco variable agás nos casos nos que se presenta comunicación traseira das grutas co ambiente continental; nestes casos, ademáis da zonación ecolóxica suxeita a acción mariña, forman parte deste tipo de hábitat as faixas de vexetación típicas dos cantís litorais. Polo xeral os tipos litolóxicos máis favorables para o desenvolvemento deste tipo de hábitat son as rochas metamórficas con disposición subhorizontal, máis abundantes na Costa Ártabra e Mariña Luguesa, aínda que poden recoñecerse todo ao longo do litoral galego.

Especies indicadoras segundo Manual EUR/25

Non constan.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Asplenium marinum

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Non se coñecen.

8 Hábitats rochosos e covas.

8330 Furnas mariñas.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE PARIETARIETEA
Orde Parietarietalia
Alianza *Asplenion marini*
As. *Asplenietum marini*

Hábitats asociados ou en contacto

Nas cavidades semimergulladas de maiores dimensións adoitan aflorar mananciais de augas doces ou salobres cargadas de minerais a partir das que se forman pequenas representacións de mananciais petrificantes (7220*). Cara ás súas marxes este tipo de hábitat establece contacto fundamentalmente con cantís costeiros (1230, 1240) nas áreas continentais e con arrecifes (1140) ou fondos areosos (1110,1140) no mar.



Furnas mariñas (hábitat 8330) na Enseada Balieira (Laxe).

8 Hábitats rochosos e covas.

8330 Furnas mariñas.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat relativamente frecuente, aínda que restrinxido ás áreas litorais da maior parte dos países da UE.


Distribución en Galicia

Hábitat frecuente ao longo do litoral.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Frecuente nos espazos costeiros.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




8330 Furnas mariñas.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



8 Hábitats rochosos e covas.

8330 Furnas mariñas.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	●
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	●
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	●
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	●
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	●
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	●
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES0000374	Ancares	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	
ES0000001	Illas Cies	Po	●
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	●
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Cova mariña semimergullada (Hábitat 8330) durante a preamar no litoral do N de Lugo (Cangas de Foz).



Vexetación casmofítica desenvolvida na parte superior dunha cova mariña semimergullada (hábitat 8330) nas inmediacións de Cangas de Foz.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Nalgunhas localidades lévanse a cabo actividades marisqueiras durante a baixamar (recollida de percebe) nas pareces rochosas da entrada das furnas.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A diversidade e vitalidade das colonias de animais mariños que recobren as paredes destas cavidades son indicadores fiables do seu estado de conservación. O nivel de acumulación de detritos de orixe humana (principalmente obxectos plásticos) proporciona información sobre o grao de afección antrópica ao ecosistema mariño, xa que este tipo de hábitat funciona como un "lugar trampa" ao que van parar unha boa proporción de residuos humanos e mariños.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A sobreexplotación de recursos marisqueiros e a acumulación de residuos humanos deterioran gravemente o estado de conservación deste tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A moderación da presión marisqueira e a eliminación de residuos humanos acumulados contribúe ao mantemento nun estado de conservación favorable deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Fernández Prieto & Loidi (1984), Guitián (1989), Díaz González & Fernández Prieto (1994) e datos propios.

3.9 BOSQUES

3.9 BOSQUES

Os bosques constitúen un tipo natural da vexetación terrestre, dominado por árbores, que se estende pola superficie continental coa soa excepción das zonas moi áridas ou polares, que están ocupadas polos semidesertos, desertos e glaciares. Na maior parte dos casos representan a etapa madura, estable ou clímax na sucesión ecolóxica sendo moi variables no seu aspecto, estrutura e composición florística. En moitas ocasións, pola súa proximidade e frondosidade, as copas trábanse entre si e forman un dosel continuo dando orixe aos chamados bosques pechados ou densos. En outras, sobre todo nos climas máis secos, as árbores áchanse máis separadas ou algo dispersas dun modo natural, polo que non chegan a entrecruzar as súas copas e, en consecuencia, o sotobosque é máis luminoso, dando lugar aos chamados bosques abertos (Rivas-Martínez, 2005). A extensión primixenia dos bosques naturais reduciuse notablemente en toda a Terra debido ás actividades humanas, sobre todo pola transformación de amplas áreas en terreos dedicados ao cultivo ou á gandaría e polo aproveitamento dos principais recursos forestais con fins enerxéticos (madeira e carbón vexetal) e construtivos.

Os subgrupos e tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE que se inclúen nesta categoría engloban bosques naturais e sub naturais de especies autóctonas, en monte alto con sotobosque típico, que responden a un dos seguintes criterios: raros ou residuais, e/ou que albergan especies de interese comunitario.

O concepto de bosque natural inclúe formacións de carácter primitivo ou prístino (*pristine wood*), nas que a súa configuración estrutural, composición biocenótica e ecofunción non foron afectadas pola acción humana. Segundo esta definición, este tipo de hábitats boscosos quedarían restrinxidos ás áreas montañosas centrais e setentrionais da Unión Europea. Por outra banda, a miúdo inclúense igualmente dentro dos bosques naturais aquelas formacións arboradas, máis ou menos intervidas polo ser humano, que representan as etapas clímax de cada territorio ou unidade bioxeográfica e que posúen características ecofuncionais, dinámicas, estruturais e biocenóticas próximas ás daquelas consideradas como prístinas. Non obstante, diversos autores prefiren diferenciar este grupo de bosques dos anteriores e designalos como "bosques primarios". Estes bosques non alterados nas súas características esenciais, malia ser aproveitados polo home dende antigo, consérvanse principalmente en áreas montañosas ou en chairas inundables pouco aptas para o cultivo, alcanzando unha representación moi variable con respecto á totalidade da superficie forestal arborada nos respectivos países da Unión Europea.

En calquera dos casos sinalados, se trata dos tipos de hábitats arborados que posúen un maior valor de conservación, representando a etapa madura ou clímax da vexetación natural potencial primitiva. É característica destes bosques a existencia de árbores moi vellos, vivos ou caídos, xunto a outros máis novos, como resultado do dinamismo interno creado pola senescencia, morte ou abatemento natural (por raios, vendavais, etc.) doutras árbores. Tamén adoita ser habitual que se poida transitar sen grandes dificultades polo sotobosque, que non adoita ser moi denso, salvo pola presenza das árbores caídas.

Como bosques sub naturais, se englobarían formacións arbóreas fortemente influenciados pola actividade humana ("bosques secundarios") que representan estadios iniciais na dinámica dos bosques naturais ou mesmo aquelas formacións de orixe natural sometidas secularmente a un aproveitamento que supuxo unha modificación significativa da composición e estrutura do bosque primitivo, como é o caso das “dehesas” mediterráneas ou as plantacións antigas de *Castanea sativa* (*soutos*) presentes en diversos países ribeiráns do mediterráneo así como na área atlántica da Península Ibérica.

Superficie forestal de Galicia

Estratos	A Coruña ha	A Coruña %	Lugo ha	Lugo %	Ourense ha	Ourense %	Pontevedra ha	Pontevedra %	Galicia ha	Galicia %
Masas arboradas dominadas por especies autóctonas										
QR	10.749	1,4	36.058	3,7	0	0,0	14.149	3,2	60.956	2,1
QP	0	0,0	23.374	2,4	15.091	2,1	0	0,0	38.465	1,3
RIB	9.060	1,1	6.509	0,7	5.631	0,8	4.158	0,9	25.358	0,9
MZA	0	0,0	112.679	11,4	61.761	8,5	0	0,0	174.440	5,9
Total	19.809	2,5	178.621	18,1	82.482	11,3	18.307	4,1	299.219	10,1
Masas arboradas con presenza de especies exóticas										
CF	81.172	10,2	157.956	16,0	115.045	15,8	50.116	11,2	404.289	13,7
CF+F	168.519	21,2	49.847	5,1	92.754	12,8	77.743	17,3	388.863	13,2
EG	83.601	10,5	49.703	5,0	0	0,0	40.173	8,9	173.477	5,9
MZAE	16.585	2,1	0	0,0	0	0,0	12.226	2,7	28.811	1,0
Total	349.878	44,0	257.506	26,1	207.799	28,6	180.258	40,1	995.441	33,7
Arborado ralo ou disperso (5% < FCC <20%)										
ARD	29.569	3,7	26.396	2,7	28.285	3,9	21.159	4,7	105.409	3,6
Non arborado (FCC <5%)										
NA	395.311	49,8	522.663	53,1	408.453	56,2	229.394	51,1	1.555.821	52,6
Total										
Total	794.567	100,0	985.186	100,0	727.019	100,0	449.118	100,0	2.955.890	100,0

Quercus robur [QR]; Quercus pyrenaica [QP]; Especies de ribeira [RIB]; Mestura de frondosas autóctonas [MZA]; Coníferas [CF]; Mestura de coníferas e frondosas [CF+F]; Eucalyptus spp [EG]; Mestura de frondosas autóctonas e exóticas [MZAE]; Arborado ralo ou disperso [ARD]; Non arborado [NA].

Táboa 37.- Superficie ocupada por diferentes estratos forestais en Galicia segundo o MFE50 (B.D.N. 2002 a, b, c, d).

Os diferentes tipos de bosques naturais e sub naturais existentes en Galicia, albergan un importante continxente de especies silvestres que mostran unha forte dependencia e, consecuentemente, fidelidade ao ambiente nemoral e que se atopan catalogadas como especies protexidas. Entre os taxóns botánicos cabería destacar *Culcita macrocarpa, Vandenboschia speciosa* e *Woodwardia radicans*, aos que habería que unir un importante número de especies tipificadas nas categorías de En perigo e Vulnerable segundo a Lista Vermella da Flora Vascular Española. Entre as especies faunísticas, habería que resaltar as poboacións da pita do monte cantábrica (*Tetrao urogallus cantabricus*), as poboacións cantábricas occidentais de oso pardo (*Ursus arctos*), ou as de aves forestais como o pito negro (*Dryocopus martius*) ou o bufo real (*Bubo bubo*).

A cobertura territorial das formacións arboradas de carácter natural e subnatural en Galicia sufriu ao longo dos últimos 3.000-2.500 anos unha forte redución (Ramil-Rego, 1992; Muñoz Sobrino, 2001), quedando relegada a unha superficie similar á ocupada pola vexetación arborada durante os períodos fríos da última glaciación cuaternaria. A análise temporal da superficie que as diversas formacións arbóreas recoñecibles neste territorio tiveron ao longo do Holoceno permite considerar moitas de elas como pertencentes á categoría de "residuais" ou "raras", como é o caso dos faiais, os bosques de barrancos, os bosques aluviais ou as turbeiras boscosas, que nos últimos 10.000 anos ocuparon superficies reducidas neste contexto. Noutras, como as carballeiras, concentráronse os procesos deforestadores iniciados hai máis de 7.000 anos e xeneralizados a partir do 4.500-4.000 anos BP. Como contrapartida e, sobre todo como consecuencia de diversos impulsos reforestadores levados a cabo nos últimos séculos, foise consolidando a supremacía territorial das formacións arbóreas de carácter exótico (piñeirais, eucaliptais, etc.) no ámbito de Galicia, fronte aos bosques naturais e sub naturais.

Os tipos de hábitats arborados que merecen protección no ámbito da Unión Europea aparecen recollidos dentro do Anexo I da Directiva 92/43/CEE baixo seis epígrafes, en catro deles formacións arboradas presentes en Galicia: **91. Bosques da Europa temperada,** existen igualmente representacións dentro dos chamados **92. Bosques mediterráneos caducifolios, 93. Bosques esclerófilos mediterráneos** e **95. Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas**.

Grupos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia	
9. BOSQUES.	
90. Bosques da Europa boreal	
91. Bosques da Europa temperada	●
92. Bosques mediterráneos caducifolios	●
93. Bosques esclerófilos mediterráneos	●
94. Bosques de coníferas de montañas temperadas	
95. Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas	●

Grupo de hábitats presente en Galicia [●]

Táboa 38.- Subgrupos de hábitats de Bosques segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

O grupo de hábitats de interese comunitario Bosques é o máis grande dentro do Anexo I da DC 92/43/CEE. En Galicia este grupo é o que posúe un maior número de hábitats (12), dos cales catros son considerados como prioritarios. O que presenta unha distribución máis ampla no territorio galego e a Rede Natura 2000 é o tipo prioriotario Nat2000 91E0* – Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, podendo atoparse en case todos os lugares da Rede Natura 2000, 57 LIC e 14 ZEPA. Este hábitat non se ten descrito no LIC Illa Cíes e Illas Estelas e na ZEPA Illas Cíes.

Pola súa contra, os hábitats de interese comunitario do grupo Bosques que posúen unha distribución máis restrinxida en canto a lugares da Rede Natura 2000 son os tipos Nat2000 9120 – Faiais acidófilos atlánticos e Nat2000 92A0 – Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Distribución idealizada de hábitats boscosos nunha chaira aluvial de Galicia




Figura 40. – Distribución idealizada de hábitats boscosos nunha chaira aluvial de Galicia (Terra Chá)

No tocante á estimación da superficie de hábitats do grupo Bosque na Rede Natura 2000 de Galicia sobresae o tipo Nat2000 9230 – Carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica,* con algo máis de 30.000 ha. o que sitúa este hábitat como o terceiro entre todos os presentes en Galicia. Seguindo ao tipo Nat2000 9230 atópase o Nat2000 9260 – Soutos con preto de 11.000 ha., mentres que en terceiro posto sitúase o tipo prioritario Nat2000 91E0* – Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*. Os tipos Nat2000 91D0* – Turbeiras boscosas, Nat2000 91F0 – Bosques mixtos das veigas dos grandes ríos e Nat2000 92A0 – Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba* estarían situados en último lugar dentro desta clasificación por superficie dos hábitats de interese comunitario do grupo Bosque na Rede Natura 2000 de Galicia.

Os tipos de hábitats de interese comunitario relacionados co xénero *Pinus* non se consideran en Galicia, ao carecer de poboacións naturais deste xénero no territorio. Aínda así, existe diversidade de criterios para a consideración de masas de piñeiro como hábitats de interese comunitario no estado español. Baste como exemplo a Comunidade Autónoma de Castela e León, onde, na súa guía de interpretación de hábitats de interese comunitario (Escudero et al. 2008), consideran masas artificiais de algunhas repoboacións antigas e con alto grao de naturalidade de piñeiro como hábitat de interese comunitario. Esta diversidade de criterios é apreciable observando a figura relativa á distribución do tipo Nat2000 9540 – Piñeirais mediterráneos de piñeiros mesoxeanos endémicos que se pode consultar na Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA)

Dentro do grupo de hábitats de interese comunitario Bosques hai que salientar o hábitat Nat2000 91F0 – Bosques mixtos das veigas dos grandes ríos, xa que este hábitat está descrito unicamente en Galicia no contexto español. De acordo coa información existente na Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA) este hábitat está presente en Portugal e boa parte da Europa central.

Distribución idealizada de hábitats de encostas boscosas en Galicia




Figura 41. – Distribución idealizada de hábitats de encostas boscosas en Galicia

Distribución do hábitat Nat2000 91F0




Figura 42. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 91F0 – Bosques mixtos das beiras dos grandes ríos Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 9540



Figura 43. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 9540 – Piñeirais mediterráneos de piñeiros mesoxeanos endémicos Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 9230




Figura 44. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 9230 – Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* Fte. EEA

Distribución do hábitat Nat2000 9260 - Soutos





Figura 45. – Distribución europea do hábitat de interese comunitario Nat2000 9260 – Soutos Fte. EEA

Distribución dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000



Hábitat		LIC	ZEPA	RN2000
9120		2	1	3
9180	✶	18	2	20
91D0	✶	7	4	11
91E0	✶	57	14	71
91F0		3	-	3
9230		42	7	49
9260		16	4	20
92A0		3	-	3
9330		8	1	9
9340		7	3	10
9380		7	2	9
9580	✶	2	2	4

Figura 46.- Número de espazos Rede Natura 2000 con presenza de hábitats de interese comunitario do grupo Bosques en Galicia

Superficie de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE na Rede Natura 2000




Figura 47 - Superficies en hectáreas dos hábitats de interese comunitario do grupo Bosques na Rede Natura 2000 en Galicia

BOSQUES DA EUROPA TEMPERADA

Dentro do subgrupo **91. Bosques da Europa temperada,** a Directiva 92/43/CEE contempla 29 categorías nas que se distribúen bosques de coníferas (abetais, piñeirais), faiais, carballeiras albares e pedunculadas, bosques mixtos, turbeiras arboradas e bosques de carácter aluvial. En cinco destas categorías inclúense diversos tipos de bosques presentes en Galicia**: Nat2000 9120 - Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus (Quercion robori-petraeae ou Ilici-Fagenion*), Nat2000 9180* - Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*, Nat2000 91D0* - Turbeiras boscosas, Nat2000 91E0* - Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*)** e **Nat2000 91F0 - Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior ou Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes ríos *(Ulmenion minoris*).**

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

9. BOSQUES

Código		Designación oficial	G
91. Bosques da Europa temperada.			
9110		Faiais do *Luzulo-Fagetum*	
9120		Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*)	●
9130		Faiais do *Asperulo-Fagetum*	
9140		Faiais subalpinos medioeuropeos de *Acer* e *Rumex arifolius*	
9150		Faiais calcícolas medioeuropeos do *Cephalanthero-Fagion*	
9160		Carballeiras pedunculadas ou albares subatlánticas e medioeuropeos do *Carpinion betuli*	
9170		Carballeiras albares do *Galio-Carpinetum*	
9180	✶	Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*	●
9190		Carballeiras maduras acidófilas de chairas areosas con *Quercus robur*	
91A0		Carballeiras maduras das Illas Británicas con *Ilex* e *Blechnum*	
91B0		Freixidos termófilos de *Fraxinus angustifolia*	
91C0	✶	Bosques de Caledonia	
91D0	✶	Turbeiras boscosas	●
91E0	✶	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)	●
91F0		Bosques mixtos de *Quercus robur*, *Ulmus laevis*, *Ulmus minor*, *Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia*, das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*)	●
91G0	✶	Bosques panónicos de *Quercus petraea* e *Carpinus betulus*	
91H0	✶	Bosques panónicos de *Quercus pubescens*	
91I0	✶	Bosques eurosiberianos estépicos de *Quercus* spp.	
91J0	✶	Bosques das Islas Británicas con *Taxus baccata*	
91K0		Bosques ilíricos de *Fagus sylvatica* (*Aremonio-Fagion*)	
91L0		Bosques ilíricos de carballos e carpe (*Erythronio-Carpinion*)	
91M0		Bosques panónico balcanico de carballo turco e carballo albar	
91N0	✶	Matogueiras de dunas areosas continentais panónicas (Junipero- Populetum albae)	
91P0		Abetais carpáticos (Abietetum polonicum)	
91Q0		Bosques calcófilos de Pinus sylvestris dos Cárpatos Occidentais	
91R0		Bosques dináricos dolomitícolas de piñeiro silvestre (Genisto januensis-Pinetum)	
91T0		Bosques centroeuropeos de piñeiro silvestre e líquenes	
91U0		Bosques esteparios sármatas de piñeiro silvestre(Cytiso-Pinetalia)	
91V0		Faiais dacios (Symphyto-Fagion)	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 39.- Hábitats de Bosques da Europa temperada segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

BOSQUES MEDITERRÁNEOS CADUCIFOLIOS

Dentro desta categoría inclúese fundamentalmente faiais meridionais europeos, diversos tipos de carballeiras de especies marcescentes (subesclerófilas), bosques de especies mesófilas (*Platanus, Liquidambar*), bosques de cipreses e diversos tipos de galerías riparias de distribución circummediterránea. De todas elas soamente tres están representadas en Galicia: **Nat2000 9230 - Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, Nat2000 9260 - Soutos e Nat2000 92A0 - Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.**

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

9. BOSQUES

Código		Designación oficial	G
92. Bosques mediterráneos caducifolios.			
9210	✶	Faiais dos Apeninos con *Taxus* e *Ilex*	
9220	✶	Faiais dos Apeninos con *Abies alba* e faiais con *Abies nebrodensis*	
9230		Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*	●
9240		Carballeiras ibéricas de *Quercus faginea* e *Quercus canariensis*	
9250		Carballeiras de *Quercus trojana*	
9260		Soutos	●
9270		Faiais helénicos con *Abies borisii-regis*	
9280		Bosques de *Quercus frainetto*	
9290		Bosques de *Cupressus* (*Aceiro-Cupression*)	
92A0		Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*	●
92B0		Bosques de ribeira de ríos mediterráneos de caudal intermitente con *Rhododendron ponticum*, *Salix* e outras especies	
92C0		Bosques de *Platanus orientalis* e *Liquidambar orientalis* (*Platanion orientalis*)	
92D0		Galerías e matogueiras ribeirás termomediterráneas (*Nerio-Tamaricetea* e *Securinegion tinctoriae*)	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 40.- Hábitats de Bosques mediterráneos caducifolios segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.




Figura 48. – Distribución de carballeiras (FCC > 50%) de acordo ao 3º Inventario Forestal Nacional (IFN3)




Figura 49. – Distribución de soutos (FCC > 30%) de acordo ao 3º Inventario Forestal Nacional (IFN3)

BOSQUES ESCLERÓFILOS MEDITERRÁNEOS

O subgrupo Bosques esclerófilos mediterráneos inclúen 10 tipos de hábitats caracterizados polo dominio fisionómico de especies perennifolias, tres dos cales teñen representación dentro de Galicia: **Nat2000 9330 - Sobreirais, Nat2000 9340 - Aciñeirais** e **Nat2000 9380 - Bosques de *Ilex aquifolium***.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

9. BOSQUES			
Código		**Designación oficial**	**G**
93. Bosques esclerófilos mediterráneos.			
9310		Carballeiras do Exeo de *Quercus brachyphylla*	
9320		Bosques de *Olea* e *Ceratonia*	
9330		Sobreirais	●
9340		Aciñeirais	●
9350		Bosques de *Quercus macrolepis*	
9360	✶	Laurisilvas macaronésicas (*Laurus*, *Ocotea*)	
9370	✶	Palmerais de *Phoenix*	
9380		Acevedos	●
9390	✶	Matogueiras e vexetación subarbustiva con Quercus alnifolia	
93A0		Bosques con *Quercus infectoria* (*Anagyro foetidae-Quercetum infectoriae*)	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 41 .- Hábitats de Bosques esclerófilos mediterráneos segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

BOSQUES DE CONÍFERAS MEDITERRÁNEAS E MACARONÉSICAS

O subgrupo **95 Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas** engloban a 9 tipos de hábitats, dos cales soamente un esta presente en Galicia. **Nat2000 9580* - *Bosques de Taxus baccata***.

Lista de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE			
9. BOSQUES			
Código		**Designación oficial**	**G**
95. Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas.			
9510	✶	Abetais sudapeninos de *Abies alba*	
9520		Abetais de *Abies pinsapo*	
9530	✶	Piñeirais (sud-)mediterráneos de piñeiros negros endémicos	
9540		Piñeirais mediterráneos de piñeiros mesogeanos endémicos	
9550		Piñeirais endémicos canarios	
9560	✶	Bosques endémicos de *Juniperus* spp.	
9570	✶	Bosques de *Tetraclinis articulata*	
9580	✶	Bosques de *Taxus baccata*	●
9590	✶	Bosques de *Cedrus brevifolia*(Cedrosetum brevifoliae)	

Código do hábitat segundo Natura-2000 [Código]. Hábitat prioritario [✶]. Hábitat presente en Galicia [●]

Táboa 42.- Hábitats de Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas segundo o Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

9 Bosques.

9120 Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercenion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*).

Correspondencias

Paleartic	41.12.
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	Atlantic acidophilous beech forests with *Ilex* and sometimes also *Taxus* in the shrublayer (*Quercinion robori-petraeae* or *Ilici-Fagenion*)
Castelán	Hayedos acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* y a veces de *Taxus* (*Quercion robori-petraeae* o *Ilici-Fagenion*)

Denominación vulgar

Galego	Faiais, faedos.
Castelán	Hayedos, aedos, hayales.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Faiais con *Ilex*, sobre solos ácidos, dos pisos colino a montano baixo clima atlántico húmido. O substrato ácido procede da alteración de rochas silíceas, sedimentos ricos en cuarzo ou depósitos aluviais. Os solos son de tipo pardo ácido, lavados ou con trazos de podsolización. O humus é de tipo moder ou dismoder. Inclúense as seguintes variantes:

a) bosques subatlánticos de faia e carballos con *Ilex aquifolium* das chairas e piso colino.
b) faiais-carballeiras hiperatlánticos con *Ilex* e *Taxus* das chairas e piso colino, ricos en epifitos.
c) faiais e faiais-abetais acidófilos do piso montano, con *Ilex* no sotobosque.

O carballo pode dominar nalgúns destes bosques aproveitados por entrecolla. Se a intensidade de manexo descende a faia e mais o acibo poden recuperarse espontaneamente.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Bosques dominados por *Fagus sylvatica* que crecen sobre solos de profundidade variable desenvolvidos sobre coluvións silíceos ou afloramentos calcarios, dentro dos pisos mesotemperado e supratemperado, e ombroclima húmido a ultrahiperhúmido.

Fisionomía e estrutura.
Bosques dominados pola faia, nos que poden aparecer ocasionalmente no estrato superior outras especies arbóreas (*Quercus petraea, Q.* x *rosacea*, *Q. robur*, *Castanea sativa*, *Betula pubescens*, *Acer pseudoplatanus, Fraxinus excelsior, Prunus avium, Ilex aquifolium, Taxus baccata, Sorbus aucuparia, Crataegus monogyna* e *Corylus avellana*). O estrato inferior presenta unha cobertura variable e está dominado por especies herbáceas de carácter predominantemente esciófilo.

Variabilidade.
Este tipo de hábitat presenta unha certa variabilidade en Galicia segundo a súa localización xeográfica:

- na cabeceira do Río Eo, en áreas preferentemente mesotemperadas, aparecen faiais acidófilos ricos en acibo e especies meso-termófilas, como *Quercus robur, Castanea sativa* ou *Ruscus aculeatus* (As. *Saxifrago spathularidis-Fagetum sylvaticae*).
- nas serras de Os Ancares e O Courel e nos Montes do Cebreiro, principalmente dentro do piso supratemperado, existen faiais acidófilos caracterizados pola presenza de especies como *Taxus baccata, Galium odoratum, Doronicum plantagineum, Daphne laureola, Paris quadrifolia,* etc., incluídos na asociación *Omphalodo nitidae-Fagetum sylvaticae*.

9120 Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercenion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*).

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Deschampsia flexuosa, Hieracium sabaudum, Hieracium umbellatum, Holcus mollis, Ilex aquifolium, Lonicera periclymenum, Melampyrum pratense, Pteridium aquilinum, Ruscus aculeatus, Taxus baccata, Teucrium scorodonia, Vaccinium myrtillus.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Blechnum spicant, Corydalis cava, Daphne laureola, Deschampsia flexuosa, Fagus sylvatica, Galium odoratum, Gymnocarpium dryopteris, Ilex aquifolium, Luzula sylvatica subsp. *henriquesii, Melica uniflora, Mercurialis perennis, Narcissus asturiensis, Neottia nidus-avis, Paris quadrifolia, Poa chaixii, Poa nemoralis, Polystichum aculeatum, Polystichum setiferum, Sanicula auropaea, Saxifraga spathularis, Taxus baccata.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Gentiana lutea, Narcissus asturiensis, N. triandrus, Ruscus aculeatus.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE QUERCO-FAGETEA
- **Orde Quercetalia roboris**
  - ***Alianza Ilici-Fagion***
    - *As. Omphalodo nitidae-Fagetum sylvaticae*
    - *As. Saxifrago spathularidis-Fagetum sylvaticae*

Hábitats asociados ou en contacto

Con frecuencia estes faiais establecen contacto con orlas preforestais de salgueiros, capudres e abeledos, piornedos e biduedos seriais e queirogais secos (4030). No seu interior é frecuente a presenza de pequenos afloramentos rochosos (8210, 8220) e vexetación megafórbica (6430). Nas áreas situadas a menor altitude obsérvase, ademais, o contacto con bosques de encostas (9180*), carballeiras (9230) e "*soutos*" (9260).



Faial na cabeceira do val de San Pedro de Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro).

9 Bosques.

9120 Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercenion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*).

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat de distribución atlántica. **Observacións:** na base de datos da EEA (2008) inclúese erroneamente a Italia e Grecia na área de distribución deste tipo de hábitat.


Distribución en Galicia

Hábitat restrinxido ás montañas orientais lucenses.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat presente soamente en dous espazos lugueses.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




9 Bosques.


9120 **Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercenion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*).**

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

9120 **Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercenion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*).**

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.		Cod.	Denominación	Prov.
ES1110001	Ortigueira-Mera	C		ES1120015	Serra do Xistral	Lu
ES1110002	Costa Ártabra	C		ES1120016	Río Cabe	Lu
ES1110003	Fragas do Eume	C		ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C		ES1130001	Baixa Limia	Ou
ES1110005	Costa da Morte	C		ES1130002	Macizo Central	Ou
ES1110006	Complexo Corrubedo	C		ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C		ES1130004	Pena Veidosa	Ou
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C		ES1130005	Río Támega	Ou
ES1110009	Costa de Dexo	C		ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1110010	Estaca de Bares	C		ES1130007	Pena Trevinca	Ou
ES1110011	Esteiro do Tambre	C		ES1130008	Pena Maseira	Ou
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C		ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou
ES1110013	Xubia-Castro	C		ES0000001	Illas Cíes	Po
ES1110014	Serra do Careón	C		ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1110015	Río Anllóns	C		ES1140002	Río Lérez	Po
ES1110016	Río Tambre	C		ES1140003	A Ramallosa	Po
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po
ES1120002	Río Eo	Lu		ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu		ES1140006	Río Tea	Po
ES1120004	A Marronda	Lu	●	ES1140007	Baixo Miño	Po
ES1120005	Ás Catedrais	Lu		ES1140008	Brañas de Xestoso	Po
ES1120006	Carballido	Lu		ES1140009	Cabo Udra	Po
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu		ES1140010	Costa da Vela	Po
ES1120008	Monte Faro	Lu		ES1140011	Gándaras de Budiño	Po
ES1120009	Monte Maior	Lu		ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1120010	Negueira	Lu		ES1140013	Serra do Candán	Po
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu		ES1140014	Serra do Cando	Po
ES1120012	Río Landro	Lu		ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po
ES1120013	Río Ouro	Lu		ES1140016	Enseada de San Simón	Po
ES1120014	Canón do Sil	Lu				


Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.		Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C		ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C		ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C		ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C		ES0000001	Illas Cies	Po
ES0000085	Ribadeo	Lu		ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000373	Ría de Foz	Lu		ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu		ES0000375	Esteiro do Miño	Po
ES0000374	Ancares	Lu	●			

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista parcial dos faiais existentes na cabeceira do val de Fonteformosa (Pedrafita do Cebreiro).



Vista outonal do interior dunha das representacións galegas de faiais galaico-asturianos incluídos no hábitat 9120 da Directiva 92/43/CEE (Monte da Marronda, Baleira).

9120 Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercenion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

O principal uso tradicional destes bosques foi a obtención de madeira para construción; como utilizacións de carácter secundario pódense citar o carboneo, durante as épocas de funcionamento das ferrerías e mazos, e o aproveitamento de leñas, así como dalgunhas plantas de uso medicinal (*Helleborus foetidus, Valeriana pyrenaica*).

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e estrutura deste tipo de bosques son bos indicadores do seu estado de conservación. O predominio de árbores de gran diámetro e unha densidade de pés non excesivamente elevada son parámetros característicos de faiais maduros. As características dasométricas dos faiais galegos indican que non alcanzaron este estadio, polo que se deberían minimizar, cando non prohibir, as actividades selvícolas sobre eles.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Os principais impedimentos para a probable recuperación natural da estrutura e composición florística destes bosques están relacionados con actividades deforestadoras e o impacto dos incendios, así como prácticas selvícolas inadecuadas (rozas do sotobosque, eliminación de árbores vellas ou derrubadas, apertura de claros, etc.) tanto sobre estas masas coma sobre as súas formacións vexetais de orla. Estas últimas son especialmente interesantes debido ao seu carácter protector en caso de incendio e ao seu efecto favorecedor na expansión do rexenerado da faia. Nos últimos anos estase a producir un incremento apreciable do tránsito humano por estes bosques, debido á divulgación do seu valor bioxeográfico a escala europea e a promoción de rutas turísticas, o que produce alteracións puntuais na súa composición florística e estrutura.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A recuperación das características intrínsecas deste tipo de hábitat pasa polo cesamento de actividades deforestadoras e o control das actividades turístico-recreativas no seu interior e ámbito inmediato.

Bibliografía

Bellot (1968), Losa (1978), Amigo (1984), Rivas-Martínez et al. (1984, 1991), Izco et al. (1985a, 1985 b, 1986b), Silva-Pando (1990), Silva-Pando et al. (1992, 1993), Giménez de Azcárate (1993 a, 1993b), Gómez Manzaneque (1997), Negral et al. (1997, 2001), Rodríguez Guitián et al. (1996 c, 2000, 2001 a, 2001b, 2003), Izco & Amigo (1999), Rodríguez Guitián (2004) e datos propios.

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Correspondencias

Paleartic	41.4.
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	*Tilio-Acerion* forests of slopes, screes and ravines.
Castelán	Bosques de laderas, desprendimientos o barrancos del *Tilio-Acerion*

Denominación vulgar

Galego	Non se coñece unha denominación específica para este hábitat. Nalgúns casos inclúese dentro de denominacións xenéricas como "devesa", "fraga" ou "carballal".
Castelán	Non se coñece unha denominación específica para este hábitat.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques mixtos de especies secundarias (*Acer pseudoplatanus, Fraxinus excelsior, Ulmus glabra, Tilia cordata*) sobre desprendementos, vertentes rochosas abruptas ou coluvións de ladeira, frecuentemente sobre materiais calcarios pero tamén sobre silíceos (*Tilio-Acerion*). Diferéncianse un grupo característico de ambientes frescos e húmidos (bosques higrófilos e umbrófilos), polo xeral dominados por *Acer pseudoplatanus* (subalianza *Lunario-Acerion*) e outro típico de pedregais secos e cálidos (bosques xero-termófilos), dominados por tileiros (*Tilia cordata, Tilia platyphyllos*) pertencentes á subalianza *Tilio-Acerenion*. Exclúense deste tipo os hábitats incluídos na alianza *Carpinion*. Lixeiros cambios nas condicións do substrato (especialmente o paso a substratos consolidados) ou o grao de humidade levan consigo o paso cara a faiais (*Cephalanthero-Fagion, Luzulo-Fagenion*) ou carballeiras termófilas.



Aspecto invernal dun bosque de encostas en A Ferrería Vella (Folgoso de Courel).

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Bosques pluriespecíficos no estrato superior asentados sobre solos escasamente desenvolvidos a partir de rochedos ou coluvións groseiros de natureza litolóxica variada, situados en partes baixas de ladeiras ou gargantas fluviais dentro dos pisos termo, meso e supratemperado inferior e mesomediterráneo superior.

Fisionomía e estrutura.

Bosques mesófilos cunha elevada variedade de especies arbóreas nos estadíos maduros (*Quercus robur, Quercus petraea, Quercus* x *rosacea, Quercus pyrenaica, Acer pseudoplatanus, Fraxinus excelsior, Fagus sylvatica, Prunus avium, Corylus avellana, Ilex aquifolium, Castanea sativa, Taxus baccata, Ulmus glabra*, *Crataegus monogyna*, etc.) baixo as que crecen un numeroso grupo de especies nemorais esciófilas (*Aconitus neapolitanus*, *Actaea spicata, Lilium martagon, Luzula sylvatica* subsp. *henriquesii, Mercurialis perennis, Omphalodes nitida, Paris quadrifolia, Polystichum setiferum, Ranunculus platanifolius, Sanicula europaea, Saxifraga spathularis*, etc).

Variabilidade.

Trátase dun tipo de hábitat no que se aglutinan diversas comunidades presentes en Galicia, aínda que existen poucos datos sobre elas. A grandes trazos pódense recoñecer:

a) unha variante temperada típica, de carácter termófilo, caracterizada pola presenza de especies pouco tolerantes ao frío como *Ruscus aculeatus*, *Arbutus unedo, Clematis vitalba, Rubia peregrina,* etc. amplamente difundida polas áreas termo e mesotemperadas do N de Galicia.

b) unha variante supratemperada na que están ausentes os taxóns termófilos e son frecuentes outros como *Galium odoratum, Corydalis cava* ou *Quercus petraea*, distribuída polas áreas montañosas courelao-ancaresas.

c) unha variante caracterizada pola presenza de *Fraxinus angustifolia* e a ausencia de grande parte das árbores características das outras variantes, que se distribúe polas áreas mediterráneas de Galicia, o val do Navia e grande parte das áreas montañosas temperadas de Ourense.

Con frecuencia, as partes máis accesibles destes bosques foron obxecto de prácticas de furoneo, o que conduciu á eliminación das especies arbóreas de maior talle (carballos, freixos, pradairos, faias, etc.) e a conformación de bosques dominados pola abeleira (*Corylus avellana*). Estas formacións de recuperación deben incluírse neste tipo de hábitat cando se observe a existencia de certa diversidade específica no dosel e mantense unha composición florística do estrato inferior rica en especies nemorais.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

Lunario-Acerenion: *Acer pseudoplatanus, Actaea spicata, Fraxinus excelsior, Helleborus viridis, Lunaria rediviva, Taxus baccata, Ulmus glabra*. ***Tilio-Acerenion:*** *Carpinus betulus, Corylus abelá, Quercus* sp., *Sesleria varia, Tilia cordata, Tilia platyphyllos*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Acer pseudoplatanus, Aconitus neapolitanus, Actaea spicata, Arbutus unedo, Castanea sativa, Cardamine impatiens, Clematis vitalba, Corydalis cava, Corylus avellana, Fagus sylvatica, Fraxinus angustifolia, Fraxinus excelsior, Galium odoratum, Iris foetidissima, Lilium martagon, Mercurialis perennis, Neottia nidus-avis, Paris quadrifolia, Polystichum setiferum, Prinula acaulis, Prunus avium, Quercus petraea, Quercus robur, Ranunculus platanifolius, Rubia peregrina, Ruscus aculeatus, Sanicula europaea, Tamus communis, Taxus baccata, Ulmus glabra.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Culcita macrocarpa, Narcissus asturiensis, Narcissus triandrus, Ruscus aculeatus, Vandenboschia speciosa, Woodwardia radicans.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE QUERCO-FAGETEA
- **Orde Fagetalia sylvaticae**
  - **Alianza *Tilio-Acerion***
    - *As. Luzulo henriquesii-Aceretum pseudoplatani*
    - *As. Omphalodo nitidae-Coryletum avellanae*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita formar mosaico con hábitats rochosos (8130, 8210, 8220), pasteiros pioneiros sobre materiais silíceos (6220*) e calcarios (6210, 6220*), queirogais secos (4030) e piornedos de *Genista florida*. Polo xeral contacta con diversos tipos de bosques (9120, 91E0*, 9230, 9260) e prados de sega (6510, 6520).



Aspecto primaveral do extremo setentrional do Monte da Marronda (Baleira, Lugo) no que é posible observar un mosaico de hábitats arborados constituído por bosques de barrancos (hábitat 9180*), soutos (9260), faiais (9120) e carballeiras (9230).

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat de ampla distribución nos países da UE, máis escaso nalgunhas áreas centroeuropeas e meridionais.


Distribución en Galicia

É un tipo de hábitat de presenza puntual e que cobre pequenas superficies repartidas pola maior parte dos macizos montañosos do N e E de Galicia.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Basicamente este tipo de hábitat está presente nos espazos de montaña da parte oriental galega.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




9 Bosques.


9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista parcial dunha representación do hábitat 9180* no Monte dos Valiños (A Fonsagrada).



Bosque de barrancos (9180*) nas proximidades de Pacios (Pedrafita do Cebreiro).

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.*

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Os bordos e áreas máis accesibles deste tipo de bosques foron frecuentemente utilizados como lugares de aprovisionamento de diversas especies vexetais para uso construtivo (abeleira, salgueiros, freixos, carballos, etc.), medicinal (*Helleborus foetidus*) ou alimenticio (*Fragaria vesca, Vaccinium myrtillus, Rubus idaeus*).

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e estrutura deste tipo de bosques son bos indicadores do seu estado de conservación. A presenza de pés corpulentos e de madeira morta orixinada en derrubamentos son indicio dun estado ecolóxico próximo á madureza.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Os principais factores que inflúen negativamente no mantemento das representacións actualmente existentes deste hábitat son a extracción de madeira e a apertura de viais e claros no seu interior. Nalgúns casos o pastoreo reduce a cobertura e abundancia de especies nemorais e degrada a súa estrutura.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

De xeito xeral, a ausencia de intervención humana contribúe a incrementar o grao de naturalidade deste tipo de hábitat. Nas facies máis intervidas, a miúdo coa aparencia de abeledos, debería de controlarse a extracción de pés de fagáceas, pradairos e freixos.

Bibliografía

Amigo (1984), Izco et al. (1985a, 1985 b, 1986b), Ortiz (1986), Silva-Pando (1990), Giménez de Azcárate (1993b); Romero (1993), Amigo & Norman (1993, 1995), Amigo et al. (1994), Gómez Manzaneque (1997), Ortiz et al. (1997), Honrado et al. (1998), Rodríguez Guitián et al. (2000), VV.AA. (2003), Rodríguez Guitián (2004) e datos propios.

91D0* Turbeiras boscosas.

Correspondencias

Paleartic	44.A1 ao 44.A4.
Ramsar	Xp.
IHG	2.5.0.

Denominación oficial

Inglés	Bog woodland.
Castelán	Turberas boscosas.

Denominación vulgar

Galego	Non existe unha acepción específica para ese tipo de hábitat. Polo xeral inclúese dentro de denominacións máis xenéricas como "braña", "tremoal" ou "gándara".
Castelán	Turberas boscosas, trampales, tremedales.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques planocaducifolios ou de coníferas sobre solos turbosos húmidos ou encharcados, co nivel freático sempre elevado e, en ocasións, máis alto que no seu contorno. A auga é sempre pobre en nutrientes (turbeiras altas e fens ácidos). Estas comunidades están, polo xeral dominadas, por *Betula pubescens*, *Frangula alnus, Pinus sylvestris, Pinus rotundata* e *Picea abies*, con especies características de hábitats turbosos ou, frecuentemente, de ambientes oligotróficos, como *Vaccinium* spp., *Sphagnum* spp., *Carex* spp. (*Vaccinio-Piceetea*: *Piceo-Vaccinienion uliginosi* (*Betulion pubescentis, Ledo-Pinion*)). Inclúe bosques lamacentos de piceas da Rexión Boreal asociados a marxes de áreas turbosas minerotróficas situadas en áreas aplanadas ou formando liñas ao longo de vales e regueiros.
Subtipos:

- biduedos con *Sphagnum*
- turbeiras arboladas con *Pinus sylvestris*
- turbeiras arboladas con *Pinus rotundata*
- turbeiras arboladas con *Picea abies*

Na maior parte das localidades irlandesas, estes bosques representan subtipos de turbeiras altas que se viron degradadas e invadidas por especies de interese comercial; non obstante, as representacións dominadas por *Betula pubescens* ou *Pinus sylvestris* considéranse de interese. En Grecia, as formacións de *Pinus sylvestris* están restrinxidas ás montañas setentrionais, lugares nos que igualmente aparecen bosques de *Picea abies* cun sotobosque rico en *Sphagnum*.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Bosques de espesura variable dominados por *Betula pubescens* situados nas marxes de turbeiras altas desenvolvidas no piso supratemperado (>1.300 m), sobre solos turbosos ácidos, ou en áreas pantanosas interiores (Terra Chá, Gándaras de Budiño, etc.).

Fisionomía e estrutura.
Bosques dominados polo bidueiro nos que, ocasionalmente, aparecen no estrato superior *Frangula alnus* e *Salix atrocinerea*, mentres que no sotobosque aparecen especies leñosas acidófilas (*Vaccinium myrtillus, Erica arborea*) e numerosas especies herbáceas presentes nas turbeiras coas que establecen contacto (*Viola palustris, Sphagnum* spp., *Carex* spp., *Deschampsia cespitosa*, *Wahlenbergia hederacea*, etc.).

Variabilidade.
As turbeiras arboradas das áreas chairas, dominadas por bidueiro e salgueiro común, poden levar ameneiros. Tanto esta última especie como os salgueiros están ausentes das representacións existentes nas montañas orientais.

9 Bosques.

91D0* Turbeiras boscosas.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Agrostis canina, Betula pubescens, Betula carpatica, Carex canescens, Carex echinata, Carex nigra, Carex rostrata, Frangula alnus, Juncus acutiflorus, Molinia caerulea, Trientalis europaea, Picea abies, Pinus rotundata, Pinus sylvestris, Sphagnum spp., *Vaccinium oxycoccus, Vaccinium uliginosum, Viola palustris.*
En bosques pantanosos de piceas tamén: *Carex disperma, Carex tenuiflora, Diplazium sibiricum, Hylocomium umbratum, Rhytidiadelphus triquetrus*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Alnus glutinosa, Betula pubescens, Deschampsia cespitosa, Frangula alnus, Salix atrocinerea, Sphagnum spp., *Viola palustris, Wahlenbergia hederacea.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Arnica montana, Sphagnum spp.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE VACCINIO-PICEETEA

Hábitats asociados ou en contacto

A localización xeográfica deste tipo de hábitat condiciona os seus contactos catenais. No caso das situadas en áreas montañosas, atópase intimamente ligado a pequenos complexos de turbeiras (7110*, 7150) situados en posición de media ladeira ou fondos de val. Cara a situacións máis secas fan contacto con diversos tipos de bosques, como biduedos supratemperados, acevedos (9380) e carballeiras albares (9230). Nas áreas chairas non montañosas os contactos con outros hábitats adoitan realizarse con bosques, tanto higrófilos (91E0*, 91F0) como non higrófilos (carballeiras 9230), matogueiras higrófilas (4020*) ou secas (4030), herbazais (6410, 6420, 6430, 6510) ou áreas cultivadas.



Aspecto estival dunha turbeira arborada (hábitat 91D0*) en Calvos de Randín (Ourense).

9 Bosques.

91D0* Turbeiras boscosas.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat de distribución fundamentalmente nórdica con presenzas puntuais en diversos países máis meridionais. **Observacións:** na base de datos da EEA (2008) non consta como presente en España.


Distribución en Galicia

Presenza puntual en diversos macizos montañosos de Lugo e Ourense así como en humidais interiores.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Tipo de hábitat identificado nuns poucos espazos.


Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




91D0* Turbeiras boscosas.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

91D0* Turbeiras boscosas.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo-Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	
ES0000085	Ribadeo	Lu	
ES0000373	Ría de Foz	Lu	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Turbeira alta activa rodeada de turbeira boscosa dominada por *Betula pubescens* na vertente N do Monte Agulleiro (Cervantes).



Aspecto xeral do hábitat das turbeiras boscosas (91D0*) existente na Gándara do Boedo (Guitiriz).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Non se coñecen aproveitamentos tradicionais específicos deste tipo de hábitat que, con certa frecuencia viu reducida a súa extensión orixinal mediante tallas e instalación de canles de drenaxe ("*regos*") para incrementar áreas de pasto ou aproveitar a madeira de bidueiro.

Nas montañas de Os Ancares, estes bosques serviron como abrigo e fonte secundaria de pasto para o gando vacún ata época recente debido á súa localización nas proximidades das "*brañas*".

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O predomino de pés xuvenís ou procedentes de rebrote de cepa son indicadores de intentos transformadores pretéritos.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Os labores de drenaxe e a alteración da cuberta por talas ou do sotobosque por exceso de tránsito (tanto animal como de vehículos) producen unha deterioración das condicións naturais propias do hábitat considerado. Nas representacións de montaña, a súa situación afastada dos asentamentos humanos e o descenso da presión gandeira favorecen a recuperación florística e estrutural destes bosques, polo que, a parte do efecto dos incendios, non se coñecen ameazas que poñan en perigo a conservación deste hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento ou recuperación das condicións hídricas de encharcamento e o cesamento das curtas e do aproveitamento polo gando contribúen á recuperación deste tipo de hábitat.

Bibliografía

Ortiz (1986), Izco et al. (2001) e datos propios.

9 Bosques.

91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Correspondencias

Paleartic	44.3, 44.2 y 44.13.
Ramsar	M, Xp, Xf, W.
IHG	2.1.0, 2.1.2, 2.5.0, 2.6.2.1, 2.6.2.2.

Denominación oficial

Inglés	Alluvial forests with *Alnus glutinosa* and *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).
Castelán	Bosques aluviales de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)

Denominación vulgar

Galego	Amenedos, amenais, freixidos, salgueirais, salcedas, abeledos, bidueDos
Castelán	Bosques riparios, galerias riparias, ripisilvas, alisedas, fresnedas, saucedas, avellanedas riparias, abedulares riparios

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques riparios de *Fraxinus excelsior* e *Alnus glutinosa* dos cursos medios e baixos da Europa temperada e boreal (*Alno-Padion*); bosques riparios de *Alnus incana* dos ríos montanos e submontanos do Alpes e Apeninos setentrionais (*Alnion incanae*); galerías arborescentes de *Salix alba, Salix fragilis* e *Populus nigra* asociadas a ríos submontanos e de áreas baixas centroeuropeas (*Salicion albae*). Todos os tipos aparecen sobre solos pesados (polo xeral ricos en depósitos aluviais), inundados periodicamente polas enchentes invernais dos ríos ou regatos, aínda que están ben aireados durante a estiaxe. O estrato herbáceo inclúe invariablemente grandes herbas (*Filipendula ulmaria, Angelica sylvestris, Cardamine* spp., *Rumex sanguineus*, *Carex* spp., *Cirsium oleraceum*) e diversos xeófitos vernais, como *Ranunculus ficaria, Anemone nemorosa, A. ranunculoides, Corydalis solida*, etc.

Este hábitat inclúe varios subtipos:

- bosques de ameneiro e freixo de ríos e regatos
- bosques de ameneiros e freixos de ríos con correntes rápidas
- galerías montanas de ameneiro gris (*Alnus incana*)
- galerías de salgueiro branco (*Salix alba*)

Os tipos españois pertencen á alianza *Osmundo-Alnion* (territorios cántabro-atlánticos e sudoccidentais ibéricos).

9 Bosques.

91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Bosques riparios instalados sobre ribeiras fluviais máis ou menos estables, sometidos a inundacións durante a época invernal, pero ben drenados durante o verán. Tamén se inclúen bosques desenvolvidos en meandros semiabandonados que crecen sobre solos limosos ricos en materia orgánica. En conxunto, esténdense dende os territorios mesomediterráneaos e mesotemperados ata o piso supratemperado inferior, con penetracións máis puntuais, seguindo as principais canles, no piso supratemperado superior.

Fisionomía e estrutura.
Estes bosques poden adoptar fisionomías distintas segundo as características dinámicas e edáficas das ribeiras e o piso bioclimático no que aparezan. Nas áreas baixas, e asociados aos ríos de maior caudal, aparecen en forma de amenedos (*Alnus glutinosa*), nos que se intercalan freixos (*Fraxinus excelsior, Fraxinus angustifolia*), abeleiras (*Corylus avellana*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*), chopos (*Populus nigra*) e salgueiros (*Salix atrocinerea, Salix fragilis, Salix salviifolia*). Cara aos cursos medios, sobre ribeiras máis inestables e con predominio de pedras e bloques rochosos, adoptan a forma de freixidos de *Fraxinus excelsior* con abundantes abeleiras, salgueiros (*Salix atrocinerea, Salix fragilis, Salix caprea*), e máis esporadicamente pradairos (*Acer pseudoplatanus*), faias (*Fagus sylvatica*), carballos (*Quercus robur, Q. petraea*), olmos de montaña (*Ulmus glabra*) e exemplares de cerdeira de Sta. Lucía (*Prunus padus*). Por último, nos tramos iniciais dos cursos fluviais adoptan a forma de abeledos-salgueirais riparios. Nas cabeceiras de moitos ríos das Serras Setentrionais e parte NW da cunca alta do Río Miño estes bosques están dominados pólo bidueiro (*Betula pubescens*). No caso dos bosques asociados a meandros abandonados, dominan os ameneiros e salgueiros (*Salix atrocinerea, S. salviifolia*).

Variabilidade.
Nos amenedos riparios son frecuentes no sotobosque pequenas árbores, como *Crataegus monogyna*, *Sambucus nigra* ou *Prunus spinosa*, e plantas herbáceas como *Filipendula ulmaria*, *Carex acuta* subsp. *reuteriana*, *Brachypodium sylvaticum* ou *Hedera hibernica*. Nos freixidos acompañan ás especies comentadas con anterioridade, *Primula acaulis, Luzula sylvatica* subsp. *henriquesii*, *Euphorbia dulcis, Festuca gigantea* ou *Milium efussum*. Nos abeledos-salgueirais adoitan aparecer plantas megaforbias típicas de herbazais higrófilos de óptimo supra e orotemperado, como *Adenostyles alliariae* subsp. *hybrida, Allium vistorialis, Aconitum neapolitanum, Chaerophyllum hirsutum, Veratrum album* e *Valeriana pyrenaica*. Nos amenedos de tendencia lamacenta, a presenza de augas estancadas durante o verán permite a aparición no seu sotobosque de especies como *Glyceria* spp., *Iris pseudacorus, Lycopus europaeus*, *Sparganium erectum* subsp. *neglectum* ou *Typha latifolia*.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Estrato arbóreo: *Alnus glutinosa, Alnus incana, Betula pubescens, Fraxinus excelsior, Populus nigra, Salix alba, Salix fragilis, Ulmus glabra.*
Estrato herbáceo: *Angelica sylvestris, Cardamine amara, Cardamine pratensis, Carex acutiformis, Carex pendula, Carex remota, Carex strigosa, Carex sylvatica, Cirsium oleraceum, Equisetum telmateia, Equisetum* spp., *Filipendula ulmaria, Geranium sylvaticum, Geum rivale, Lycopus europaeus, Lysimachia nemorum, Rumex sanguineus, Stellaria nemorum, Urtica dioica.*

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Acer pseudoplatanus, Aconitum neapolitanum, Adenostyles alliaria subsp. *hybrida, Allium victorialis, Brachypodium sylvaticum, Carex acuta* subsp. *reuteriana, Chaerophyllum hirsutum, Corylus avellana, Crataegus monogyna, Euphorbia dulcis, Festuca gigantea, Filipendula ulmaria, Fraxinus excelsior, Fraxinus angustifolia, Hedera hibernica, Luzula sylvatica* subsp. *henriquesii, Lycopus europaeus, Milium efussum, Primula acaulis, Prunus padus, Prunus spinosa, Salix caprea, Salix fragilis, Salix salviifolia, Salix atrocinerea, Sambucus nigra, Typha latifolia, Ulmus glabra, Valeriana pyrenaica, Veratrum album.*

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Culcita macrocarpa, Narcissus asturiensis, Narcissus cyclamineus, Narcissus speudonarcissus subsp. n*obilis, Ruscus aculeatus, Sphagnum* spp., *Vandenboschia speciosa*, *Woodwardia radicans.*

9 Bosques.


91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE SALICI PURPUREAE-POPULETEA NIGRAE
Orde Populetalia albae
Alianza Alnion incanae
As. *Festuco giganteae-Fraxinetum excelsioris*
As. *Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*
CLASE ALNETEA GLUTINOSAE
Orde Alnetalia glutinosae
Alianza Alnion glutinosae
As. *Carici lusitanicae-Alnetum glutinosae*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat establece contacto con hábitats de augas correntes (3260) e a miúdo con comunidades higrófilas megafórbicas (6430) e prados mesófilos (6510, 6520) sendo tamén frecuente, sobre todo nos niveis mesotemperados superiores e supratemperados, a súa asociación con diversos tipos de bosques, como carballeiras galaico-portugueses (9230), bosques de barrancos (9180*) e, en menor medida, faiais (9120) e biduedos orófilos.



Tramo do río Anllóns (A Coruña) no que é posible observar unha representación do hábitat 91E0*.

9 Bosques.

91E0* **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).**

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente repartido polas áreas atlántica, centro e norteeuropea; máis escaso nas áreas circummediterráneas.


Distribución en Galicia

Hábitat frecuente en Galicia, aínda que o seu estado de conservación é moi variable en función do grao de manexo humano ao que se ve sometido.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

É un dos tipos de hábitat con maior representación no conxunto de espazos de Galicia.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	●
ES1110005	Costa da Morte	C	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	●
ES1110009	Costa de Dexo	C	●
ES1110010	Estaca de Bares	C	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	●
ES1110013	Xubia-Castro	C	●
ES1110014	Serra do Careón	C	●
ES1110015	Río Anllóns	C	●
ES1110016	Río Tambre	C	●
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●
ES1120002	Río Eo	Lu	●
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	●
ES1120006	Carballido	Lu	●
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●
ES1120008	Monte Faro	Lu	●
ES1120009	Monte Maior	Lu	●
ES1120010	Negueira	Lu	●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	●
ES1120012	Río Landro	Lu	●
ES1120013	Río Ouro	Lu	●
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES1130001	Baixa Limia	Ou	●
ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	●
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	●
ES1130005	Río Támega	Ou	●
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	●
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1140002	Río Lérez	Po	●
ES1140003	A Ramallosa	Po	●
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	●
ES1140005	Monte Aloia	Po	●
ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	●
ES1140009	Cabo Udra	Po	●
ES1140010	Costa da Vela	Po	●
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	●
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	●
ES1140014	Serra do Cando	Po	●
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	●
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	●

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	●
ES0000085	Ribadeo	Lu	●
ES0000373	Ría de Foz	Lu	●
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	●
ES0000374	Ancares	Lu	●
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	●
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	●
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000001	Illas Cies	Po	
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	●
ES0000254	Illa de Ons	Po	●
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	●

9 Bosques.

91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Amenedo ripario (hábitat 91E0*) na marxe esquerda do Río Mandeo (Coirós).



Amenedo ripario (hábitat 91E0*) nas marxes do Río Miño, á altura da localidade de A Fervenza (O Corgo).

9 Bosques.

91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Nas áreas de topografía favorable para a instalación de prados de sega, os bosques riparios foron manexados intensamente mediante podas periódicas das especies arbóreas para reducir a súa competencia pola luz e incrementar a produción de feo chegando, en moitos casos, á súa total eliminación. Os produtos resultantes destas prácticas foron utilizados como alimento para o gando, combustible (leñas) ou para a confección de peches vexetais dos terreos.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O predominio de pés multicaules de ameneiro, salgueiros e freixos, ou pés moi espazados é indicativo dun manexo intenso destes bosques. Con frecuencia obsérvase unha alteración significativa do hábitat nos postos de pesca preferidos polos pescadores así como nas inmediacións das sendas de servidume máis frecuentadas.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Dende inicios do presente século, o ameneiro estase a ver afectado por unha doenza mortal que está a provocar unha crecente mortandade. Ata o de agora, o grao de afección semella ser maior nas áreas galegas situadas a menor altitude, observándose unha progresiva expansión cara aos territorios de maior altitude.

A realización de podas e rozas do sotobosque neste tipo de hábitat por parte de propietarios de predios lindantes aos bosques de ribeira ou colectivos de pescadores leva consigo unha diminución do seu grao de naturalidade. En determinadas áreas, os restos de prácticas selvícolas aplicadas a masas forestais (codias, ramas, follas) son botadas aos ríos provocando graves alteracións a este tipo de hábitat. O desecamento de zonas húmidas provoca cambios hidrolóxicos que alteran as representacións deste tipo de hábitat existentes en moitas áreas de topografía chaira. A masificación de determinados tramos fluviais durante as épocas de pesca altera substancialmente a composición florística e estrutura dos bosques nas áreas máis frecuentadas. A alteración das marxes das canles ou do réxime hidrolóxico dos ríos (construción de presas e praias fluviais, conducións, etc.) provocan alteracións importantes neste hábitat, cando non a súa total eliminación. Con certa frecuencia realízanse repoboacións forestais sobre representacións máis ou menos significativas deste hábitat contribuíndo negativamente á súa conservación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O descenso de presión antrópica directa (control das cortas, alivio de concentracións humanas en determinados puntos das marxes fluviais, etc.) e indirectas (mellora das condicións físico-químicas das augas correntes) considérase beneficioso para a mellora do estado de conservación do hábitat. Debería de vixiarse a evolución da doenza que ataca ao ameneiro, investigar as súas causas e procurar poñer en práctica medidas paliativas.

Bibliografía

Braun-Blanquet et al. (1956), Bellot (1968), Morla (1983), Amigo (1984); Ortiz (1986), Valdés-Bermejo & Silva-Pando (1986), Amigo et al. (1987); Fernández Prieto et al. (1987c), Silva-Pando et al. (1987), Soñora (1989), Silva-Pando (1990); Ortiz et al. (1997), Romero (1993), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Izco et al. (1994, 2001b), Rodríguez Guitián et al. (1996 a, 2000), Gómez Manzaneque (1997), Amigo & Romero (1998), Amigo et al. (2004), VV.AA. (2003), Rodríguez Guitián (2004), Rodríguez Guitián (2005), Rodríguez Guitián (en prensa) e datos propios.

9 Bosques.

91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*).

Correspondencias

Paleartic	44.4.
Ramsar	M, Xp, Xf, W.
IHG	2.1.0, 2.1.2, 2.5.0, 2.6.2.1, 2.6.2.2.

Denominación oficial

Inglés	Riparian mixed forests of *Quercus robur*, *Ulmus laevis,* and *Ulmus minor*, *Fraxinus excelsior* or *Fraxinus angustifolia*, along the great rivers (*Ulmenion minoris*).
Castelán	Bosques mixtos de *Quercus robur*, *Ulmus laevis*, *Ulmus minor*, *Fraxinus excelsior* o *Fraxinus angustifolia*, en las riberas de los grandes ríos (*Ulmenion minoris*)

Denominación vulgar

Galego	Non se coñece unha denominación específica para este hábitat.
Castelán	Olmedas, sotos.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques de árbores de madeira nobre situadas no leito maior dos vales fluviais que se inundan durante os períodos de avenida ou en áreas baixas onde se rexistra un ascenso invernal do nivel freático. Desenvólvense sobre sedimentos aluviais recentes que dan lugar a solos ben drenados ou secos fóra do período de inundacións. En función do réxime hídrico, as especies dominantes pertencen aos xéneros *Fraxinus, Ulmus* ou *Quercus*. O sotobosque destas formacións está ben desenvolvido.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Estes bosques ocupan áreas chairas sometidas a inundacións invernais polo rebordamento dos ríos ou veigas amplas emprazadas sobre substratos arxilosos pero que permanecen máis ou menos secas e accesibles durante a época estival. Na actualidade as súas mellores representacións atópanse nas depresións interiores atravesadas por ríos de gran caudal (Miño e tributarios, Cabe). Os solos adoitan ser profundos e, no primeiro dos casos comentados, presentan unha capa de follaxe irregularmente repartida debido aos arrastres fluviais que se producen durante os enchentes.

Fisionomía e estrutura.
Bosques de talla elevada (a miúdo 25 m ou máis) nos que se aprecia unha complexa estratificación, cun dosel dominado por ameneiros (*Alnus glutinosa*), carballos (*Quercus robur*). freixos (*Fraxinus angustifolia*) e, máis raramente olmos (*Ulmus minor*) e chopos trementes (*Populus tremula*). Por debaixo adoitan aparecer pequenas árbores (*Cornus sanguinea, Evonymus europaeus, Laurus nobilis, Prunus spinosa, Sambucus nigra*) e individuos xuvenís das árbores dominantes, así como lianas (*Bryonia dioica, Clematis vitalba, Hedera hibernica, Humulus lupulus, Lonicera periclymenum, Tamus communis*), sendo elevado o número de especies herbáceas presentes, entre as que destacan *Dryopteris carthusiana, Caltha palustirs, Filipendula ulmaria, Senecio nemorensis* subs. *bayonensis,* etc.

Variabilidade.
A composición do estrato superior varía progresivamente dende as situacións máis húmidas, nas que ameneiros e salgueiros son dominantes, cara ás máis secas, caracterizadas polo dominio de carballos e freixos. Na metade setentrional de Galicia estes bosques carecen de olmos mentres que aparecen chopos trementes nas áreas aclaradas como especies cicatrizadoras do dosel.

9 Bosques.

91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*).

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:
Alnus glutinosa, Corydalis solida, Fraxinus angustifolia, Fraxinus excelsior, Gagea lutea, Hedera helix, Humulus lupulus, Populus canescens, Populus nigra, Populus tremula, Phalaris arundinacea, Prunus padus, Quercus robur, Ribes rubrum, Tamus communis, Ulmus glabra, Ulmus laevis, Ulmus minor, Vitis vinifera ssp. *sylvestris*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
Alnus glutinosa, Brachypodium sylvaticum, Caltha palustris, Filipendula ulmaria, Fraxinus angustifolia, Fraxinus excelsior, Hedera hibernica, Narcissus asturiensis, Narcissus pseudonarcissus subsp. *nobilis , Humulus lupulus, Phalaris arundinacea, Populus tremula, Prunus spinosa, Sambucus nigra, Quercus robur, Tamus communis, Ulmus minor, Viburnum opulus*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:
Narcissus asturiensis, Narcissus pseudonarcissus subsp. *nobilis, Ruscus aculeatus*

Correspondencia fitosociológica

CLASE SALICI PURPUREAE-POPULETEA NIGRAE
Orde Populetalia albae
Alianza *Fraxino angustifoliae-Ulmenion minoris*
As. *Aro cylindracei-Ulmetum minoris*
As. *Hedero hibernicae-Fraxinetum angustifoliae*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat establece contacto con bosques riparios e pantanosos (91D0*) e formacións herbáceas higróflas incluíbles nos tipos 6410 e 6430. Nalgúns casos forman mosaico con biduedos de substitución de carácter higrófilo.



Vista interior dun bosque mixto na ribeira de grandes ríos (hábitat 91F0) en Begonte.

9 Bosques.

91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*).

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat repartido por diversos países europeos. **Observacións:** na base de datos da EEA (2008) non consta como presente en España


Distribución en Galicia

Soamente se coñecen representacións deste hábitat en localidades puntuais das depresións de Terra Chá, Terra de Lemos e Baixo Miño.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Presente nos espazos Parga-Ladra-Támoga, Río Cabe e Baixo Miño.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




9 Bosques.


91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*).

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*).

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	
ES1110002	Costa Ártabra	C	
ES1110003	Fragas do Eume	C	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	
ES1110005	Costa da Morte	C	
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	
ES1110009	Costa de Dexo	C	
ES1110010	Estaca de Bares	C	
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	
ES1110013	Xubia-Castro	C	
ES1110014	Serra do Careón	C	
ES1110015	Río Anllóns	C	
ES1110016	Río Tambre	C	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	
ES1120002	Río Eo	Lu	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	●
ES1120004	A Marronda	Lu	
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	
ES1120006	Carballido	Lu	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	
ES1120008	Monte Faro	Lu	
ES1120009	Monte Maior	Lu	
ES1120010	Negueira	Lu	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	
ES1120012	Río Landro	Lu	
ES1120013	Río Ouro	Lu	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	

Cod.	Denominación	Prov.	
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	
ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1120017	Costa da Mariña occidental	Lu	
ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1130002	Macizo Central	Ou	
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1130005	Río Támega	Ou	
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	
ES1130008	Pena Maseira	Ou	
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	
ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1140006	Río Tea	Po	
ES1140007	Baixo Miño	Po	●
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C
ES0000085	Ribadeo	Lu
ES0000373	Ría de Foz	Lu
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES0000374	Ancares	Lu

Cod.	Denominación	Prov.
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000001	Illas Cies	Po
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000375	Esteiro do Miño	Po

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista estival do interior dunha representación de bosque inundable (hábitat 91F0) presente en Terra Chá.



Outro detalle, neste caso primaveral, dunha representación do hábitat 91F0 (Begonte).

91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur, Ulmus laevis, Ulmus minor, Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia,* das veigas dos grandes rios (*Ulmenion minoris*).

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Debido ao inadecuado deste tipo de hábitat para un uso agro-gandeiro intensivo, non se realizan de xeito tradicional máis aproveitamentos que extraccións puntuais de madeira, principalmente de bidueiros e ameneiros para a elaboración de calzado tradicional ("*zocas*" e "*madreñas*"), diversas pezas de utensilios agrícolas (madeira de freixo e salgueiro principalmente) e leñas no caso de carballos.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A estratificación complexa e a exuberancia da vexetación no sotobosque son indicadores dun estado favorable de conservación para este tipo de hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O mantemento ou construción de barreiras que desvíen as augas durante as épocas de avenida, así como a compactación do solo orixinada polo tránsito de gando, persoas ou vehículos a motor polo seo destes bosques, son factores que contribúen a deteriorar o seu estado de conservación.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A eliminación de barreiras ou canles de drenaxe que modifican a dinámica hidrolóxica natural contribúe á restauración das condicións naturais que manteñen deste tipo de bosques.

Bibliografía

Amigo & Romero (1998), Amigo *et al*. (2004), Rodríguez Guitián (2004) e datos propios.

9 Bosques

9230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica.*

Correspondencias

Paleartic	41.6.
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	Galicio-Portuguese oak woods with *Quercus robur* and *Quercus pyrenaica.*
Castelán	Robledales galaico-portugueses con *Quercus robur* y *Quercus pyrenaica*

Denominación vulgar

Galego	Carballeiras, carballais, reboleiras, cerqueirais, touzas.
Castelán	Robledales, melojares, marojales.

Descrición científica

Descrición do Manual EUR/25

Bosques dominados por *Quercus pyrenaica* (*Quercion robori-pyrenaicae*).
Subtipos:

- bosques centro-ibéricos de *Quercus pyrenaica*
- bosques cantábricos de *Quercus pyrenaica*
- bosques maestracenses de *Quercus pyrenaica*
- bosques béticos de *Quercus pyrenaica*
- bosques franceses de *Quercus pyrenaica*

Observacións: existe contradición no "Manual de Interpretación dos Hábitats da UE" entre a denominación desta categoría e a súa diagnose e correspondencia coa clasificación Corine Biotopes ata o punto de incluirse bosques franceses dominados por *Quercus pyrenaica*. No presente documento adoptouse un criterio xeográfico amplo, seguindo as recomendacións do propio Manual e descricións de autores como Ozenda (1994), para establecer os criterios nos que se sustenta a definición do hábitat. En consecuencia, enténdese que dentro do hábitat da Directiva 92/43/CEE "9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*" débense incluír os bosques do NW ibérico nos que están presentes *Quercus robur, Quercus pyrenaica,* os seus híbridos (*Quercus* x *andegavensis*) e híbridos con *Quercus petraea* (*Quercus* x *rosacea, Quercus* x *trabutii*). Na práctica, a aplicación destes criterios leva a incluír todos os tipos de carballais e reboleiras presentes en Galicia.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.
Bosques dominados por quercíneas caducifolio-marcescentes (*Quercus pyrenaica, Quercus robur, Quercus petraea*) desenvolvidos maioritariamente sobre solos pobres en nutrientes dentro dos pisos termotemperado mesotemperado e supratemperado inferior, en ombroclimas subhúmidos a hiperhúmidos.

Fisionomía e estrutura.
Bosques densos, a miúdo con certo carácter heliófilo, nos que se adoita dar a coexistencia de carballos (*Quercus robur, Q. petraea*) e o rebolo (*Quercus pyrenaica*), polo xeral con *Pyrus cordata, Frangula alnus* e *Erica arborea* nun nivel inferior, e diversas especies nemorais relativamente tolerantes á luz, como *Melampyrum pratense*, *Holcus mollis, Linaria triornithophora, Omphalodes nitida, Stellaria holostea, Teucrium scorodonia, Vaccinium myrtillus, Lonicera periclymenum* ou *Clinopodium vulgare.*

Variabilidade.
Nas vertentes supratemperadas solleiras *Quercus pyrenaica* e *Quercus* x *rosacea* tenden a ser practicamente exclusivos, mentres que *Quercus petraea*, xunto a plantas herbáceas esciófilas (*Luzula henriquesii, Deschampsia flexuosa, Poa chaixii, Poa nemoralis, Blechnum spicant, Dryopteris dilata, Saxifraga spathularis*, etc.) fanse máis abundantes (ás veces dominantes) nas avesedas por enriba dos 900 m. Os contactos que se establecen con diversos tipos de hábitats arborados (faiais, bosques mixtos de barrancos, etc.) favorecen a presenza doutras especies arbóreas (*Fagus sylvatica*, *Acer pseudoplatanus, Fraxinus excelsior, Prunus avium, Ilex aquifolium, etc*). Nas áreas baixas (termotipos termotemperado e mesotemperado inferior) *Quercus robur* domina nestes bosques, que se enriquecen con especies termófilas como *Rubia peregrina, Ruscus aculeatus, Arbutus unedo, Genista falcata* ou *Ulex europaeus*.

9 Bosques

9230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica.*

Especies indicadoras segundo Manual EUR/25

Plantas:
Quercus robur, Quercus pyrenaica

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:
